

**Demarcacións, topónimos, papeis, memoria**  
**Sobre a división e o control**  
**do territorio na Galicia moderna**

Discurso lido o día 14 de setembro  
de 2013 no acto da súa recepción,  
polo ilustrísimo señor don

**Pegerto Saavedra**

e resposta do excelentísimo señor don  
**Ramón Villares**



**REAL ACADEMIA GALEGA**





**Demarcacións, topónimos, papeis, memoria**

Sobre a división e o control  
do territorio na Galicia moderna

O solemne acto académico  
no que foron lidos os dous  
discursos recolleitos no  
presente volume, celebrouse  
o 14 de setembro de 2013 no  
paraninfo da Universidade de  
Santiago de Compostela.

**Edita**

Real Academia Galega

ISBN: 978-84-87987-86-1

Depósito legal: C 1729-2013

© Pegerto Saavedra, 2013

© Real Academia Galega, 2013

**Coordinación da edición e producción**  
Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

**Deseño da colección**

Grupo Revisión Deseño

**Impresión**

Tórculo Comunicación Gráfica, S. A.

**Demarcacións, topónimos, papeis, memoria**  
**Sobre a división e o control**  
**do territorio na Galicia moderna**



**REAL ACADEMIA GALEGA**

**A Coruña 2013**



Discurso do ilustrísimo señor don  
Pegerto Saavedra





Excelentísimo señor presidente da Real Academia Galega, señoras e señores académicos, miñas donas e meus señores

Agradecemento, responsabilidade e ledicia son os sentimentos que teño no intre de dar principio á lectura deste discurso. Agradecemento diante de todo, porque son moi consciente de que a máis alta institución cultural de Galicia, a que ten un maior capital tamén no eido simbólico, me admite entre os seus membros, por obra da proposta dos académicos Xosé Ramón Barreiro, Darío Xohán Cabana, Antón Santamarina e Ramón Villares e da votación do plenario. Responsabilidade, porque sei ben dos deberes que comporta a pertenza a esta corporación e sei desde logo que os meus méritos non poden compararse cos das persoas que se sentaron nalgún tempo ou se sentan na actualidade nas diversas cadeiras; só podo dicir no meu descargo que o traballo que levo feito como investigador estivo presidido polo propósito de dignificar a historia do campesiñado, por coñecer mellor os antepasados colectivos de todos nós e de paso por saber máis de nós mesmos. No tocante a estes temas, no futuro as miñas modestas capacidades estarán ó servizo dos fins que ten esta institución e esforzareime por cumplir aquelas tarefas que se me encomenden. Tamén ledicia, pois para min a entrada na Academia é un honor extraordinario e ó mesmo tempo inesperado; é un premio que nunca pensei recibir, por considerar con fundamento que as miñas contribucións á cultura galega eran demasiado curtas para permitirme atravesar un día estas portas. Grazas, señoras e señores académicos, pola súa xenerosa acollida, por este galano que me honra e que me obriga.

## 1. LEMBRANZA DE FRANCISCO XAVIER RÍO BARJA

Veño ocupar a cadeira que quedou vacante polo falecemento o 5 de xaneiro de 2011 de Francisco Xavier Río Barja. Antes del correspondeu a Xosé Salgado Rodríguez (1905-1916), un dos fundadores da Academia; a Ramón Cabanillas (1920-1957), e a Álvaro Cunqueiro (1963- 1981). Tiven o privilexio de tratar durante uns trinta anos a Francisco Río Barja, de modo que non só aprendín moito da lectura dos seus numerosos traballos, senón que puiden apreciar a súa calidade humana, a súa condición de home bo, xeneroso, elegante, discreto e modesto. Nas frecuentes conversas que tiñamos sobre diversos problemas da Galicia do século XVIII sempre era capaz de disimular as súas ensinanzas baixo a forma de preguntas, de modo que o interlocutor podía pensar, indebidamente, que lle estaba contando a el cousas novas.

Naceu na cidade de Lugo o 17 de novembro de 1919. Anos máis tarde, en 1958, declarará que foron as lecturas que durante o bacharelato fixo dos textos de Otero Pedrayo as que lle espertaron a vocación pola xeografía: “O meu coñecemento de don Ramón é, ó mesmo tempo, remoto e achegado. O primeiro data dos tempos do meu bacharelato, cando os pulos vocacionais tratan de xurdir, confusos e sen medida. Foi daquela cando me asomei por primeira vez á xeografía nos libros do mestre que caeron nas miñas mans, e ningunha outra forza ou embalo da vida foi abondo para borrar, desde entón, a miña decidida vocación xeográfica”. Talvez o seu gusto polas vías, por recorrer a pé o país, que mantivo sempre, ten algo que ver co feito de que antes de matricularse en 1939 na Facultade de Filosofía e Letras da Universidade de Santiago fixese unhas oposición a carteiro. Na universidade da posguerra, depurada e fanatizada, cursou os cinco anos de carreira, e despois de breves experiencia docentes en colexios axiña se incorpora como profesor de xeografía. Coma outros compañeiros de claustro, o grao de doutor terá que acadalo en Madrid, na entón chamada Universidade Central, que llo outorgou en 1953.

A chegada de Ramón Otero Pedrayo á Universidade compostelá, na condición de catedrático de xeografía, tivo unha influencia decisiva, intelectual e humana, en Francisco Río Barja, segundo el mesmo confesa: o trato persoal permitiulle apreciar “o seu enorme contido moral, que o converte, sen dúbida ningunha, no home máis íntegro da nosa terra (...). Hai, pois, en Otero Pedrayo unha dobre

personalidade, ou mellor dúas facetas, claramente definidas, que o perfilan: a moral e mais a científica ou creadora. En don Ramón, ambas actitudes están intimamente compenetradas, e calquera traballo da súainxente obra está totalmente penetrado polas dúas. De aí a gran sinceridade científica deste home, e de aí tamén a orixinalidade da súa aportación xeográfica". Estas palabras foron escritas para a homenaxe tributada a Otero Pedrayo con motivo da súa xubilación na cátedra e certifican que Río Barja apreciou desde o primeiro momento a extraordinaria altura moral do mestre, unha virtude que na actualidade resplandece cada vez máis conforme se coñece a correspondencia e outros textos, inéditos á morte do señor de Trasalba.

Otero transmitiulle a Río Barja unha concepción da xeografía na que era moi importante a comuñón coa natureza e a idea de globalizade, en consonancia cos postulados da xeografía humana, nada determinista, de Vidal de la Blache; tamén a idea de que as ciencias humanas tiñan que estar ó servizo dun proxecto de país, aínda que a ditadura franquista imposibilitaba recuperar todo o traballo do Seminario de Estudos Galegos. Otero e Río Barja, sinala Xosé Manuel Souto, "foron mestres da paisaxe vivida, mestres que agromaron a curiosidade en moitos novos xeógrafos que aínda co atrevemento das novas tecnoloxías saben que nunca se debe refugar do sentimento da paisaxe vivida, do pracer estético dun escenario xeográfico, das arelas para reflexionar sobre os xeofactores evidentes e ocultos".

Pero o discípulo era moito máis novo que o mestre, tiña unha mente más cartesiana e estaba decidido a pór en marcha un programa de investigacións sistemáticas que permitisen un coñecemento completo da xeografía galega. En 1954 gañara unha cátedra da Escola Normal de Mestres, e axiña acadou recoñecemento polo seu rigor e capacidade de traballo. No número 32 da revista *Galicia Emigrante* (decembro 1957-xaneiro 1958) aparece publicada unha entrevista que lle fixo Francisco Fernández del Riego, agochado detrás do pseudónimo de Salvador Lorenzana. Río Barja é definido como "un prestixioso valor mozo, con acusada personalidade no campo da discripción en que se ten especializado (...). O catedrático compostelán é un home sinxelo e xeneroso, que refuga todo vislume de pedantería. Pero, tamén, un intelecto riguroso que procura a verdade e a esprica con precisión. Fanático da ciencia xeográfica que cultiva, e dotado dunha nidia e lóxica mentalidade, anda a tra-

llar tozadamente no empeño de apricar os seus moitos coñecementos ó estudio do país natal (...). Interésalle canto a Galicia se refire, e por todo o galego se preocupa”.


Na entrevista, Francisco Río Barja destaca o importante papel que ten a xeografía dentro da cultura galega, que é o do coñecemento da realidade viva da nosa terra, do pasado, do presente e das posibilidades de futuro, e declara que el entende a disciplina desde unha concepción global, moi ambiciosa: “A vida humá, na súa plea totalidade, é o eixo radical da xeografía”, que ha de ocuparse de “toda a complexa realidade do país”. Neste senso son fundamentais os traballos de Otero Pedrayo, pero tamén se interesa polos de Parga Pondal e polas investigacións etnográficas de Vicente Risco e Bouza-Brey. En consonancia con eses presupostos tan ambiciosos, elaborou un programa para o estudio das comarcas naturais de Galicia, que deu a coñecer no primeiro número da *Revista de Economía de Galicia*, unha publicación na que apareceron outros traballos del e de varios discípulos. O cuestionario que as investigacións deben cubrir atende aos factores naturais da actividade humana, á bioxeografía, ás actividades económicas, aos feitos sociais e aos condicionamentos históricos.

Tal programa non quedou reducido a unha declaración teórica. El mesmo fixo estudos de comarcas concretas, caso de A Maía e a Terra Chá, e dirixiu desde 1957 unhas trinta memorias de licenciatura orientadas na súa maior parte nesa dirección; outras trataban de evolución demográfica de varias poboacións urbanas e das características das vivendas. Non cabe dúbida de que a calidade e novidade do seu labor docente causaba un forte impacto entre os alumnos, nos que espertaban o interese e entusiasmo pola investigación nunha época na que nin os medios económicos nin a situación política e intelectual favorecían esa actividade. Río Barja era moi consciente do atraso no que se atopaban os estudos xeográficos en Galicia e quería rematar con esa situación mediante un traballo planificado, que arrincaba do mencionado cuestionario e da elaboración dun repertorio da bibliografía da xeografía económica de Galicia e que se iría completando coas achegas propias e dos novos licenciados.

Tempos de ilusión e esperanza foron aqueles para un profesor que, cuns corenta anos, se vía rodeado de mozos dispostos a traballar baixo a súa dirección e colaboraba co grupo de intelectuais que publicaban a *Revista de Economía de*

*Galicia*. Porén, Río Barja non tivo apoios para suceder na cadeira o seu mestre, o que dá idea das miserias daquela Universidade. Dedicado por completo ó ensino na Escola Normal, logo Escola de Formación do Profesorado de EXB, da que foi director desde 1975 a 1984, quedou sen a posibilidade de consolidar ó seu carón un equipo de investigadores, áinda que seguiu traballando de xeito individual. O estudo das comarcas naturais foi substituído, polo menos en parte, por outra clase de preocupacións, principalmente pola didáctica. A súa obra *Didáctica da Xeografía* (Galaxia, 1981) recolle as súas experiencias docentes no seu centro de traballo e en moitos cursos de formación para profesores, que organizou. A oportunidade de ensinar a futuros mestres foi, sen dúbida, moi gratificante para el e aproveitouna para transmitirrles a paixón pola xeografía e polos novos métodos e instrumentos —mapas de relevo, itinerarios pedagóxicos— para a súa aprendizaxe.

Francisco Río Barja ten un denso currículo, ó que non se pode facer xustiza nunha intervención como a presente, que debe ser breve. Ocupouse nas súas investigacións da xeografía humana, en estudos sobre comarcas e sobre demografía; da física, en publicacións sobre a climatoloxía e os ríos (merece citarse a obra *Os ríos galegos*, publicada en 1992 polo Consello da Cultura Galega, da que é coautor Francisco Rodríguez Lestegás); da didáctica, e nos últimos anos tamén dedicou importantes esforzos á divulgación, con publicacións que acadaron gran difusión (*Galicia, esa desconocida*, Hércules edicións, 1999; *DX: diccionario xeográfico ilustrado de Galicia*, Xeogal Publ., 2009; o vídeo *Xeografía galega*, para a Televisión de Galicia, 1999 e 2004). Quero, con todo, facer una mención especial dos seus traballos de xeografía histórica, que para min resultan fundamentais. Xa en 1958, e logo na introdución á obra *Descripción económica del Reino de Galicia*, de Lucas Labrada (Galaxia, 1971), tratou da delimitación provincial de Galicia no século XVIII, e corrixiu errores que aparecen nas fontes da época. E a esta liña de investigación puxolle, por así dicilo, o ramo co libro *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, publicado polo Consello da Cultura Galega en 1990 e do que fixera varios adiantos. Esta obra ten un mérito extraordinario, pois o autor mediou todas as xurisdicións e coutos e cartografiou os seus lindes, tarefa moi complexa debido á maraña de circunscricións, de tamaño desigual e con frecuentes descontinuidades, como sinalarei logo no discurso, en parte tributario de tan singular libro.



Non lle faltaron ó académico Francisco Xavier Río Barja merecidos recoñecementos, distincións e honras. Pertenceu ó Instituto de Estudos Galegos Padre Sarmiento, do que foi director; ó Consello da Cultura Galega e á Academia de Ciencias de Galicia. Foi galardoado co Premio Valle Inclán e o Alfredo Brañas do Centro Gallego de Buenos Aires, co Primeiro Premio do Departamento de Seminarios de Lugo, co Premio Ramón Mourente de Xornalismo, co Premio Trasalba de 1995, co Premio das Letras e das Artes de 2001; coa Medalla Castelao en 1995 e co Pedrón de Ouro de 2007. Para min é unha honra inmerecida e desde logo unha gran responsabilidade ocupar a cadeira dun mestre e amigo a quien nunca pensei suceder nesta corporación, da que foi un membro exemplar polas súas contribucións esenciais á cultura galega e pola súa xenerosidade.

\* \* \*

Cando remataba o século XVIII, o intendente do Reino Miguel Bañuelos, autor dunha inédita “Descripción quasi chorográfica de Galicia”, de 1785, afirmaba que nin os mapas nin as relacións podían dar tan sequera idea da “constitución” deste “derramado país”, xa que tiña unhas “entrañas” moi diferentes ás dos outros pobos da península e inclusive de todo o occidente europeo. Polas noticias que fora capaz de recoller, a Galicia só poderían atopárselle algunas semellanzas con Normandía. Talvez o parecido, real ou suposto, nacía de que os normandos acadarán por méritos propios moita sona por se valeren de toda clase de raposeiras para defraudar o fisco real, unha habilidade que ó parecer chegara a formar parte da súa natureza.

Miguel Bañuelos tiña ben á man toda a información que, principalmente desde 1749, a Intendencia conseguira reunir en relación coas operación do catastro de Ensenada, cos repartimentos e cobranza de rendas reais e das quintas, coa construcción de novos camiños e coa realización do censo e nomenclátor de Floridablanca. Detrás destas variadas iniciativas está o propósito dun poder real reforzado, que quere chegar a todos os recunchos para coñecer e dominar o territorio e os seus veciños. Un territorio daquela densamente poboado, e polo mesmo humanizado, pero que ofrecía resistencias serias a un control político de natureza

fiscal e gobernativa, debido á súa “constitución”, palabra que fai referencia tanto ó hábitat e á organización da paisaxe como ás formas de propiedade, á lingua e á vida comunitaria, e á organización política do espazo.

A división do territorio en xurisdicións e coutos, partidos fiscais e parroquias, circunscripcións que non coincidían unhas coas outras e que revelan a pluralidade de poderes vixentes: o poder real, o poder señorial e o poder eclesiástico; un hábitat formado por unhas trinta mil aldeas mal comunicadas a meirande parte delas; unhas terras de cultivo repartidas en leiras e tallos de cativa extensión e que podían mudar de posesor dun ano para outro, pois, como afirmaba aborrecido un dos comisionados da Única Contribución, as parcelas eran “transeúntes”; o feito de que a única lingua que coñecían e usaban os labregos —e os artesáns e pequenos comerciantes— non fose a mesma que se empregaba na Administración, cousa que favorecía que houbese unha intensa vida comunitaria á marxe do mundo oficial e ó tempo que os labregos puidesen escusarse de colaborar coas autoridades, dicindo que non entendían de papeis nin de contas... Todas estas realidades, e poida que algunas máis, constituían parapetos ou foxos que os oficiais ó servizo do poder real non sempre eran quen de salvar. Ben entendido que esas barreiras son levantadas de xeito consciente polas comunidades rurais para dar o alto a determinadas intromisións do poder real, en particular ás de natureza fiscal; fronte a outras institucións periféricas da monarquía a actitude dos veciños é distinta: tal acontece co recurso á Real Audiencia ou “fonte limpia”, practicado habitualmente tanto de modo particular como colectivo, facilitado tamén porque os escribáns relatores e receptores do Tribunal percorrían o Reino para tomar declaración e para dar cumprimento ás sentenzas.

Xurisdicións e coutos, partidos fiscais, parroquias, aldeas ou lugares son catro instancias ou tipos de comunidades ben diferentes, pero todas vivas. A comuni-dade veciñal ocúpase das servidumes colectivas, das “axudas mutuas” e do aproveitamento dos montes abertos; na parroquia, o cura coida da salvación das ánimas; no partido fiscal repártense de xeito nominal os cupos correspondentes ó servizo ordinario e extraordinario, ás sisas e alcabalas e a outros pedidos e ás quintas; na xurisdición e no couto un xuíz trienal nomeado por un señor, salvo casos contados, sentencia en primeira instancia e desempeña o goberno político e económico, con

ou sen axuda de rexedores. Nas xurisdicións e nas parroquias existe unha autoridade foránea propia de institucións que teñen recoñecemento administrativo no terreo civil e no eclesiástico. Os partidos fiscais, que están dentro das xurisdicións, tamén son responsables diante do poder real do pagamento dos trabucos. En troques nas aldeas non hai autoridades externas e a comunidade veciñal baséase na iniciativa das familias que a componen. Por iso os concellos de aldea non contan para efectos legais.

Neste discurso quero tratar da organización e control do territorio desde a perspectiva da pluralidade de espazos e poderes, de pertenzas, e inclusive identidades, entrecruzadas, principiando polas xurisdicións, seguindo polos partidos, continuando polas parroquias, para rematar nas aldeas e nos seus agros, é dicir, nunha paisaxe familiar para os veciños, e impenetrable silveirada para as autoridades reais e en ocasións até para os señores, incapaces moitas veces de identificar todas as terras dos seus patrimonios. Trátase dunha historia que ten diversos protagonistas que loitan con armas diferentes: uns contan con gran cantidade de papeis que falan de cultivos, medidas, sitios e lindes que pasado o tempo é preciso buscar; outros, sen máis monumentos que a memoria e común tradición, coñecen polo miúdo os topónimos, as leiras, tallos, cortiñas, árbores e montes de cada familia e lugar; saben das mudanzas cotiás debidas a partillas, trocos, vendas e alargos, pero, chegado o caso, toda esa sabedoría, asentada en boa medida nun minucioso coñecemento de longas xenealoxías familiares, pode quedar anulada pola “marabillosa facultade de esquecer”, por unha repentina ignorancia... Conviña que o contido dos papeis tivese pouco que ver coa realidade da paisaxe...

## 2. A SILVEIRADA DE COUTOS E XURISDICIÓN

As fontes más precisas do século XVIII, sexa o catastro de Ensenada, o censo de Floridablanca e a inédita “Descripción” de Miguel Bañuelos —redactada ó mesmo tempo que se facía o censo—, informan polo miúdo das xurisdicións e coutos, a división política fundamental do espazo que lle serve a Floridablanca para situar as parroquias. Censo e nomenclátor de 1786-89 permitíronlle a Francisco Río Barja elaborar a complexa cartografía xurisdiccional de Galicia, segundo xa sinalei;

namentres, cos datos do catastro Antonio Eiras Roel (1989) identificou os señores de vasalos e calculou o número de familias que dependían de cada un deles, demostrando que o noventa por cento da poboación vivía en territorio de señorío. A listaxe está encabezada polo arcebispo de Santiago, que manda sobre unha cuarta parte dos habitantes; viñan a seguir ducia e media de grandes señores de vasalos, que tiñan polo menos 3000, ben que repartidos en numerosas e espalladas circunscripcións: os condes de Lemos, Monterrei, Altamira, Ribadavia, Salvaterra, Amarante e Maceda, o bispo de Mondoñedo e os mosteiros de Celanova, San Martiño Pinario e Oseira. As casas nobres e institucións eclesiásticas con señorío sobre tres milleiros de veciños estendían a súa xurisdición a tres cuartas partes da poboación do Reino, en tanto que por abaxo se atopaban centos de fidalgos que eran señores de pequenos coutos de menos de cen vasalos.

O feito de que xurisdicións e coutos —en certos casos a diferenza é só nominativa— sexan os marcos que os oficiais da Administración real utilizan para enquisas e repartimentos constitúe unha boa proba da vixencia dos poderes señoriais na etapa final do Antigo Réxime, pois son eses poderes os que determinan a organización do territorio. As autoridades reais vense obrigadas a valerse dos xuíces e escribáns de nomeamento señorial para conseguir información, planear reformas, repartir trabucos e quintas. Tal dependencia está detrás dos proxectos de reforma da división territorial do Reino, redactados na segunda metade do XVIII. Nas Cortes de Cádiz, na sesión na que se iniciaron os debates que remataron co decreto de abolición de señoríos de agosto de 1811, o deputado ferrolán Alonso y López alzou a voz para denunciar que Galicia era un couto señorial, un Reino sometido a un “sistema de dominio feudal”, visible no feito de que institucións e familias particulares posuían facultades xurisdicionais e manifestaban publicamente esta regalía con forcas, argolas e coitelos.

As fontes acreditan, desde logo, tanto a extensión como a fragmentación dos señoríos. Os datos impresos do censo de Floridablanca simplifican a realidade, pois cifran en 509 o número de xurisdicións e en 159 o de coutos redondos. Agora ben, segundo a “Descripción” de Miguel Bañuelos, as xurisdicións chegaban a 664 e os coutos a 496, pertencentes os últimos a 515 señores, o que significa que en varios



casos había unha titularidade compartida. A información que para cada unha das sete provincias proporciona o intendente figura no cadro que segue:

División do territorio galego segundo a “Descripción” do intendente Miguel Bañuelos

Provincia	Cida-des	Vilas	Fregue-sías	“Pue-blos”	Parti-dos	Xuris-dicións	Coutos	Parro-quias
A Coruña	1	1	94	96	19	24	11	99
Betanzos	1	11	248	260	46	52	14	261
Santiago	1	28	851	880	115	122	57	890
Lugo	1	11	1147	1159	136	179	254	1162
Ourense	1	26	843	870	190	193	107	877
Mondoñedo	1	3	155	159	46	46	24	160
Tui	1	21	206	228	21	48	29	229
<b>TOTAL</b>	<b>7</b>	<b>101</b>	<b>3544</b>	<b>3652</b>	<b>573</b>	<b>664</b>	<b>496</b>	<b>3678</b>

Fonte: Miguel Bañuelos, “Descripción quasi chorográfica de la singular población que contienen las siete provincias de que se compone el extendido Reino de Galicia...”. Biblioteca da Real Academia da Historia (Madrid), ms. 9-5467.

O autor emprega diferentes criterios para ordenar e xerarquizar o espazo, ben que predominan os de natureza xurídico-política. Son os que lle permiten establecer a división entre cidades, vilas e freguesías, partidos, xurisdicións e coutos, e en certo modo tamén “pueblos”, namentres o número de parroquias reflicte a organización eclesiástica. A condición de cidade e de vila esixe gozar duns privilexios outorgados polo Rei, polos señores e mesmo polo Papa, pois de oficio as poboacións cabeza de diocese estaban “condecoradas” co título de cidade, por moi pequenas que fosen: Mondoñedo, con 250 veciños en 1590, era unha das sete cidades do Reino, cando Pontevedra, cuns 1500, non pasaba de vila. Se se ten en conta que en 1787 só ducía e media de núcleos acadaban os 1000 habitantes, chama a atención que houbese tantas vilas, varias delas simples aldeas, que daban nome á parroquia, como Adai, Doncos, Outeiro de Rei, Fefiñáns....

As freguesías do cadro son as parroquias que non pertencen a unha cidade ou vila e os “pueblos” a suma de todas as cidades, vilas e freguesías, dándolles o trata-

mento de entidades de poboación, cando é ben sabido que as freguesías non o eran. O verdadeiro número de parroquias —3678— é o que aparece na última columna, na que están incluídas as 134 de cidades e vilas. Tui e Mondoñedo, por exemplo, só tiñan unha parroquia; A Coruña e Lugo estaban divididas en dúas, pero Santiago chegaba a unha ducia. Queda ben claro, en todo caso, que as aldeas non aparecen por ningures á hora de dividir o territorio en entidades de natureza político-administrativa civil e relixiosa. Delas trataremos algo máis adiante.

Para efectos de goberno, as circunscripcións fundamentais viñan sendo as xurisdicións, coutos e partidos, as dúas primeiras de carácter principalmente señoril e os partidos de tipo fiscal, pois, segundo adiantamos, constituían os marcos administrativos dos que se servía o poder real para repartir polo miúdo os trabucos. Non obstante, neste punto Bañuelos non aclara de que clase de trabucos se trata, pois había partidos diferentes para os servizos e sisas e para as alcabalas e centos.

A cada unha das 664 xurisdicións correspón delle de media 5,5 parroquias e 44 km<sup>2</sup>, pero na realidade a súa extensión era moi desigual, como demostrou Río Barja na citada *Cartografía xurisdiccional*. As circunscripcións grandes son más excepción que regra. Na provincia de Lugo, as de Adai e Burón tiña cada unha 30 parroquias, aínda que a primeira non pasaba de 115,6 km<sup>2</sup> e a segunda chegaba a 529; a de Deza tiña 55 —e 368,2 km<sup>2</sup>—; a da propia cidade, 92 —501,4 km<sup>2</sup>—; a de Samos, 42 —219,1 km<sup>2</sup>—; a de Vilalba, 34 —426,9 km<sup>2</sup>—; a da Ulloa, 50 —176,3 km<sup>2</sup>— e a de Monterroso, 29 —126 km<sup>2</sup>—. En Ourense tamén hai xurisdicións de tamaño competente: a do Bolo ten 47 parroquias —con 372,6 km<sup>2</sup>—, e as mesmas Castro Caldelas —278,7 km<sup>2</sup>—; Viana do Bolo, 45 —294,9 km<sup>2</sup>— e Valdeorras, 25 —407,9 km<sup>2</sup>—. Na provincia de Santiago sobresaen polas súas dimensións Mesía, con 46 freguesías —371,2 km<sup>2</sup>—; Vimianzo, con 37 —357,6 km<sup>2</sup>—; Muros, con 31 —348,1 km<sup>2</sup>—; Montes, con 24 —307 km<sup>2</sup>—; O Xiro da Rocha, con 35 —255,6 km<sup>2</sup>—, e a de Noia, con 25 —243,9 km<sup>2</sup>—. Todas as mencionadas nesta provincia, agás Vimianzo, eran de señorío do arcebispo compostelán.

O habitual é que as xurisdicións sexan pequenas, se non non podería haber tantas (e a maiores están os coutos), e mesmo as citadas caracterízanse en ocasións polas descontinuidades xeográficas e desde logo por ter dentro coutos de diversos

señores. Aínda que o censo de Flolidablanca describe as xurisdicións como se estivesen formadas por parroquias enteiras, non era nada raro que o territorio e os veciños dunha freguesía andasen repartidos entre circunscripcións diferentes. O catastro de Ensenada e a “Descripción” de Bañuelos fornecen tocante a isto moitos exemplos. Así, a de Cambados —da casa de Monterrei— compoñíase só de catro parroquias completas e a maiores de seis lugares que pertencían a outras catro (os de Rial (?), Tarrío, Lusío, A Picoña, Ponte Cañón (?) e Reunión (?), de Santa Cruz de Castrelo, San Xiao de Romai, San salvador de Meis e San Fins de Lois). A de Sobrán, do conde de Maceda, tiña tres parroquias enteiras e parte doutras catro; a de Castelo dos Infantes estaba formada por dúas freguesías mais o lugar de Rosende e un só veciño dunha aldea de Santa María da Pena (xurisdición de Sarria), dous veciños de San Mamede do Camiño, outros dous de San Salvador de Vilar de Sarria e tres de San Martiño de Fonteo; a de Meixente, da señora de Mariñán —en 1785 dona Xaquina de Oca e Navia— abarcaba dúas parroquias, un veciño de Santa María de Ortoá e outro de San Pedro de Maside, freguesías da xurisdición de Sarria; a de Taboada tiña quince parroquias, pero na de San Xoán da Laxe había dous lumes que dependían do señorío do conde de Amarante; o couto de Louredo, do mosteiro de Celanova, incluía unha parroquia completa, o lugar de Gavián e mais un veciño da de Santa Baia de Longo, e os lugares de Xialoga e Lamas e dous veciños do de Casanova, de San Martiño de Lamas; á de Rocas, tamén de Celanova, pertencían os lugares de San Cibrao da Cova e San Lourenzo de Siabal e un curto territorio sen poboación de San Pedro de Triós, e a de Santa Comba de Naves, do mesmo mosteiro, á parte de tres parroquias enteiras, incluía lugares de Santa Baia de Beiro, San Miguel de Canedo e Santa María de Fontefría (Bañuelos, 1785).

Os casos que demostran que moitas veces non había unha correspondencia entre a división parroquial e a xurisdiccional, no senso de que os veciños dunha parroquia dependían de xurisdicións diferentes, poderían multiplicarse. Na provincia de Ourense Olga Gallego (1988) atopou nada menos que 187 parroquias co seu territorio dividido en varias circunscripcións e estas situacións aínda abundaban más na de Lugo. Os señoríos aparecen cando está formada a rede parroquial e no seu interior a das aldeas, e as concesións reais, as usurpacións, as vendas, trocos e partillas de patrimonios nobres antes da creación dos morgados deron orixe a

unha división xurisdiccional moi irregular, pois os dereitos de señorío tiñan carácter patrimonial e os seus titulares dispuñan deles coma doutros bens. O que interesa destacar agora é que as realidades son moito más entrambilicadas do que en apariencia dan a entender algunhas fontes. As divisións de parroquias, o espallamento e as descontinuidades xeográficas dos vasalos e territorio dunha xurisdición daban orixe a situacións complexas. A de Vilanova de Lourenzá, por exemplo, incluía catro freguesías que non eran contiguas (Vilanova de Lourenzá, San Salvador da Pastoriza, San Martiño de Galgao e Santo Estevo de Fórnea), o lugar de Fitoiro, en Bretoña, unha porción de Santa Cristina de Celeiro e de Santa María A Maior, os coutos de Pereiras Couteiras (Cabarcos), Bermibre (Fanoi) e Quendeabade (?) (Quende); os partidos de Acevro (Recesende) e Remourelle (Arante) e catro lumes de Santo Adrao de Lourenzá. Pois ben, segundo o censo de Floridablanca, a mencionada xurisdición só comprendería as primeiras catro parroquias. A de San Clodio do Ribeiro tiña tres freguesías (Santa María de San Clodio, Santo Adrián de Bieite e San Miguel de Lebosende), mais o couto da Cascalleira (Abelenda das Penas), os lugares de Cacabelos e Cuñas (San Lourenzo da Pena), Outeiro do Abade (Salamonde), Quintá (San Xoán de Piñeiro), Santián (Amarante), Santós (San Martiño de Lamas), Figueiredo (Garabás) e catro casas do couto da Pousa, de Santa María de Gomariz. Igual que no caso de Vilanova de Lourenzá, o censo de Floridablanca só dá noticia das tres parroquias primeiras.

Entre os oficiais da Administración real, en especial entre os que traballaban na Intendencia, e tamén por parte daquelas persoas que se interesaron por coñecer mellor a organización do territorio, caso do padre Sobreira, hai unha verdadeira teima polo asunto dos coutos. Unhas cantas “Papeletas Geográficas” do bieito de Beade (níms. 1 a 168) están consagradas a relacionar os existentes dentro de varias parroquias, as máis delas de Ourense. O habitual é que mencione un ou dous por freguesía, pero en San Pedro de Cudeiro enumera seis: “Barjielos” ou “Barjelus” (Barxelas), “Barbadela das Caldas”, “Costoya”, “Oyra”, “Pelegrín”, “Proxa” (Peroxá) e Sar (os dous últimos di que son “lugares”). Redactou a maiores un caderniño (níms. 1258 a 1284) cunha lista incompleta das xurisdicións que tiñan no seu interior coutos.



A información de Sobreira non abarca todo o Reino, o que si fai a que proporciona Miguel Bañuelos. No cadro que figura exposto atrás aparecen 496 coutos, pertencentes a 515 señores, debido á existencia de señoríos compartidos. Dos 496, 256 estaban na provincia de Lugo, a máis partillada desde o punto de vista xurisdiccional, e na que, por outra parte, as parroquias eran moi pequenas, salvo nas montañas orientais. O intendente, que coñecía e sufría os trastornos que no funcionamento cotián da Administración real causaba esa extraordinaria división do territorio, relaciona polo miúdo os coutos que había dentro de cada circunscripción: na de Arcillá e Siso, por exemplo, enumera tres en cada unha das tres parroquias que a formaban; na freguesía de San Xurxo de Goá (da xurisdicción de Goá e Santa Cristina), figuran seis coutos, namentres a de Santa María de Tuiriz pertencía a sete señores, e a cinco o couto de San Lourenzo Fiz de Rozas; o de Queizán de Carballo, na parroquia de San Xoán de Bouzoa, só tiña dous veciños, e no de Vilaverde, en San Salvador de Parga, había unha única casa, a metade dela de señorío do Real Padroado e a outra metade dos dominicos de Lugo e de don Xoán López de Parga... Xa na provincia de Mondoñedo, o couto da Veiga, metido na freguesía de Santo Adrao de Lourenzá, estaba habitado por 18 familias, seis do señorío de don Antonio Ordóñez, oito do de don Pedro Vega e catro da abadía de Lourenzá.


O labor dos intendentes desde mediados do XVIII permitiu-lles describir polo miúdo a silveirada xurisdiccional, pero a situación xeral era coñecida de antigo polas autoridades reais. Se no interior peninsular a xerarquización política do territorio para efectos fiscais estaba clara, en Galicia a extensión dos señoríos, o carácter rural da poboación e a ausencia case completa de municipios que subordinasen as parroquias e os lugares motivaba que fosen as cidades cabeza de provincia as encargadas de mediar entre a Administración periférica da monarquía e os oficiais que exercían o poder local por delegación señorial. Como lle explicaba en 1552 o gobernador e capitán xeneral do Reino ó príncipe rexente, a maneira de repartir determinados servizos en Galicia era moi diferente da que se estilaba noutras aldeas da Coroa de Castela: *“porque en este Reino hay pocos pueblos que sean de la corona real, que los más son de prelados y hombres de estado, y caballeros y órdenes, y todo está repartido en siete provincias”*, e son os representantes das provincias —as Xuntas do Reino— os que fan os repartimentos, *“y todos los que caen y están debajo de cada pro-*

*vincia pagan y contribuyen, quier sean de la corona real quier de los dichos prelados, caballeros e órdenes, porque de otra manera no se podría dar orden en ello*" (Fernández Vega, 1982). Apareceron mesmo comentarios burleiros sobre a escasa entidade dalgúns señoríos, coma os que facía o gran foreiro biscaíño Andrés de Poza na década de 1580, cando afirmaba que, ó revés do que acontecía en Biscaia, en Galicia había moitos señores de vasalos: "*y tales señores hay que entre dos tienen un vasallo medias*". Polas fontes do XVIII sábese que non mentía. Non cabe dúbida, por outra parte, de que a abundancia do topónimo "O Couto", e en ocasións "O Coto" (cando é castelanización do anterior, e non equivalente ó asturiano "Cueto"), ten moito que ver coa situación descrita.

### 3. A DESCOÑECIDA XEOGRAFÍA DO FISCO REAL

As medidas que toma o poder real no século XVIII para lograr un rigoroso coñecemento do territorio son novedosas pola súa determinación e amplitude, pois nin a división xurisdiccional, coa identidade dos señores e os efectivos demográficos de cada unha, nin os patrimonios e ingresos familiares, declarados no catastro de Ensenada, quedaron fóra das diversas indagacións, dirixidas desde a Intendencia do Reino. Pero os esforzos de cara a conseguir unha información homoxénea e pasada a papel, e polo tanto duradeira e en apariencia certa, arrincan polo menos desde principios do XVI. Nos anos 1528-34 realizouse a primeira veciñanza "moderna" de todo o Reino (antes hai padróns municipais e da Irmandade), para acomodar os cupos do servizo ordinario e extraordinario ó número de lumes de cada partido. Rematara poucos anos antes a guerra das Comunidades, cunhas consecuencias moi claras: o fortalecemento do poder da monarquía e dos seus grandes tribunais —chancelerías, Audiencia de Galicia— e a debilitación do da alta nobreza. É esta nova situación política a que permite acometer enquistas demográficas e fiscais en toda Galicia, sen que os señores sexan quen de impedir a entrada nos seus dominios dos oficiais do Rei (Carretero Zamora, 2008).

O Reino aparece na veciñanza antedita dividido en cinco provincias, porque áinda non estaban xebradas Santiago e Tui nin Betanzos e A Coruña. A de Santiago figura na fonte con 268 partidos (19 no territorio de Tui); a de Betanzos e A Coruña con



137; Lugo con 231, Mondoñedo con 93 e Ourense con 182. Entre todas suman polo tanto 911 partidos, ós que habería que engadir os correspondentes a 45 parroquias de Viana do Bolo, 13 de Valdeorras e nove de Vilavella da Mezquita que até 1781 contribuíán dentro da provincia fiscal de Valladolid, o que non significa que non pertencesen a Galicia (como se pode comprobar, por exemplo, nos fondos da Real Audiencia). Hai, a maiores, algúns outros partidos, ou máis ben lugares, que non pagan servizo, porque os seus moradores alegan que gozan da posesión inmemorial dese privilexio: é o caso dos 16-17 veciños da Fonsagrada, que afirmaban que estaban exentos porque a igrexa arredor da que vivían tiña facultade para libralos de trabucos, ou o do couto de Mosteiro, no que o único peiteiro con lume aceso tamén se escusaba de pagar alegando a mesma razón, entón de moita estima, porque o servizo era unha carga ben gravosa. O parecer dos oficiais que realizan a pescuda é que debe mirarse ben se semellantes situacións teñen fundamento de derecho e, de non ser así, que se remate con elas, como se fixo na maior parte dos casos. O mesmo feito de que esas exencións, que adoitan darse en lugares moi pequenos, se descubran e denuncien é proba de que houbo entón un control minucioso das entidades menores de poboación.

A fonte de 1528-34 é, polo tanto, unha mostra moi clara da capacidade do poder real para coñecer tanto a división fiscal do territorio como o número de veciños, as cantidades que viñan pagando e as que deberán pagar en adiante, ben entendido que as cifras de veciños se refiren a “veciños fiscais”, que non sempre concordan co número de lumes, á marxe de que nin os eclesiásticos nin os fidalgos, exentos do servizo, non fosen censados. Nun Reino repartido entre diversos señoríos, a veciñanza pretendía uniformar o espazo desde o punto de vista fiscal e minorar, se fose necesario, as facultades que, por vía de feitos consumados, aínda conservaban algúns grandes señores tanto á hora de librar os vasalos de pagar servizo como á de gravalos con certa arbitrariedade, segundo facía o poderoso mosteiro de Celanova: o abade e o seu pertegueiro repartían, verbalmente e sen formalidade, as cantidades do servizo a uns 1200 veciños, e os oficiais do Rei sospeitan que *“juntamente con el servicio, se reparten más dineros, para el dicho abad y monasterio”*, e piden que se remate con ese abuso.

En 1785 o intendente Miguel Bañuelos calcula que en Galicia existían 573 partidos, contando xa cos da provincia de Ourense que antes estaban agregados a Valladolid para efectos fiscais. Son, polo tanto, moitos menos que a principios do XVI. Pero Bañuelos refírese, seguramente, ós partidos que servían para pagar alcabalas e centos, que eran menos, e xa que logo en ocasións distintos dos utilizados para os servizos e sisas (sisas que en orixe, a fins do XVI, reciben o nome de servizos “de millones”, e se cobraban cargando a cada veciño unha cota). A non coincidencia duns e outros partidos podemos vela, por exemplo, na relación que fixo en 1780 o Concello de Lugo para toda a provincia: o Concello de Burón, quitando os coutos, forma un só partido para o pago das alcabalas e centos; porén, para os servizos e sisas engádense os de Ernes e Negueira, Freixo e Pedro do Río, Lamas e Suarna, A Fonsagrada (partido creado debido á importancia das feiras), San Martín de Suarna, O Trobo e San Martín (de Robledo) e os “oito labradores” ou caseiros do hospital de Montouto. De modo que o chamado partido de Burón comprende todo o concello nos repartimentos de alcabalas, pero tan só A Pobra de Burón e parroquias limítrofes se se trata dos servizos.

Se non resulta doado recompoñer a xeografía señorial, debido á maraña de coutos e xurisdicións que non respectaban os lindeiros das parroquias, a xeografía fiscal é ainda máis complexa, ou polo menos máis descoñecida. Está claro que os partidos ou circunscripcións fiscais non coinciden coas parroquias, pois estas multiplican por 4 ou por 6,5 o número daqueles, segundo se comparen cos das alcabalas ou cos dos servizos. As grandes desigualdades que se atopan na veciñanza duns e outros xa nos están a indicar a falta de homoxeneidade no tocante á extensión e entidades de poboación que abarcen: na provincia de Santiago, Viñós tiña en 1528-34 sete veciños peiteiros; Burgueiro, catro; Bendaña, 13; A Ponte de Sigüeiro, dez, namentres Ardán e Piñeiro chegaban a 182, San Cristovo de Mallón a 153, San Pedro de Santa Comba a 133, San Xiao de Ventosa a 184, as nove freguesías de Socamiño a 101, e as outras tantas de Sobrecamiño a 120 (bos exemplos da agrupación de varias parroquias nun só partido). Situacións parecidas poden atoparse nas demais provincias, xa que existen partidos que inclúen unha xurisdición completa, caso do de Monfero, e outros quedan reducidos a un lugar, talvez por tratarse dun couto. Aínda que os partidos son divisións internas das xurisdicións, e

por iso unha parroquia pode estar repartida entre varios, ou se corresponden cos coutos, hai situacións particulares, como a da parroquia de Balouta, que sendo do Reino de León estaba agregada para certos trabucos ó concello de Navia de Suarna (e para outros ó da Veiga de Espinareda), e a das trece parroquias da xurisdición de Valdeorras que, xunto coas de Viana e as de Vilavella da Mezquita, andaban coa provincia de Valladolid até 1781, salvo para a contribución dos “utensilios”, que pagaban en Ourense (Gallego Domínguez, 1988).

Os partidos son verdadeiras “comunidades fiscais”, nas que os servizos e as alcabalas e trabucos agregados se reparten de xeito nominal entre os contribuíntes, un cometido que a miúdo fan dous veciños nomeados en concello aberto, e se non polas autoridades locais, práctica que desapareceu cando na década de 1830 foron creados os novos municipios. Nos arquivos de protocolos, nos poucos municipais anteriores ó século XIX e no Xeral de Simancas consérvanse moreas de listas nas que figuran as persoas, en ocasións acumadas, coas cotas que lles cargaron os repartidores. Estas relacións de cabezas de casa son moi proveitosas para estudar, por exemplo, a onomástica do século XVI, en especial a anterior ós cambios que trouxo o Concilio de Trento coa promoción de determinados santos e dos seus nomes. Pero non permiten recompoñer a xeografía fiscal, porque non informan das parroquias e moito menos das aldeas que caen dentro de cada partido (Saavedra, 1993).

Deixando á parte a incorrecta transcripción dos topónimos na veciñanza de 1528-34 (algúns castelanizados con brutalidade, caso de “Puerto Nuevo”, “Fuensagrada”, etc.), a mesma denominación dos partidos responde a criterios diferentes, ora se trate de parroquias agrupadas, coutos e xurisdicións, ora de unidades territoriais que reciben designacións moi diversas: “Juan Rozo”, “préstamo de...”, “val” (de Louriña, de Tebra, de Manoo, de Laza...), “terrería” ou “terraría de...”, “tierra” (de Orden, de Baleira, de Luaces, do Courel, da Seara, de Cancelada, de Laza...); “terra Chaa y Olinda López” (en 1780 “Tierrachá de Olinda López”, entre Monterroso e Antas de Ulla), “Caseros de Diego Sánchez”, “Los ocho labradores”, “Ribera” ou “Riberas” (de Sante, de Miranda), “colación de...”, “andaduría” (de Sarria, de Froián, do Camiño francés, de Barbadelo, do Rial, de Lóuzara, do val de Armeá), “Rellera” ou “Rilleira” (de Trigás, de Cesures e de Zoñán, arrabaldes de Mondoñedo), “calendario” (de Nois, de Portocelo, de San Cibrao), “merin-

dad de”, “granjas y coutos de Oseira”... (Carretero Zamora, 2008). Moitas destas designacións derivan de divisións territoriais da época medieval de carácter eclesiástico (“Juan Rozo” é un arciprestado, as “terrerías” son mordomías do bispo de Lugo), señorial (caso de moitas “terras”) e doutra natureza que no seu momento empregaron os monarcas para repartir os servizos, e que seguen utilizándose —os nomes— na Idade Moderna, non só en 1528-34, senón tamén en 1780, pois nesta data a organización en partidos da provincia de Lugo segue a ser, en substancia, a de principios do XVI. Podemos, polo tanto, afirmar que nin os nomes nin o número de partidos notaron cambios de consideración no decorrer dos séculos modernos, pero non estamos en condicións de facer unha cartografía das comunidades fiscais.

#### 4. CRÍTICAS E PROXECTOS DE REFORMA DA DIVISIÓN XURISDICIAL: O “DESPOTISMO ILUMINADO” FRONTE Ó “DEREITO DOS RÚSTICOS”

O carácter plural que tiña a división do espazo no Antigo Réxime viña sendo unha evidencia patente da concorrencia de diversos poderes sobre o territorio: segundo quedou adiantado, en principio, o poder señorial exercíase sobre as xurisdicións e coutos, o real sobre as provincias e partidos e o eclesiástico sobre as parroquias. Deste xeito, os termos e veciños dunha aldea pertencían a un tempo a cada unha das tres instancias e estaban sometidos ós tres poderes correspondentes. Os criterios de unidade, homoxeneidade, xerarquización e polarización a partir dun centro, propios da Administración liberal, eran descoñecidos con anterioridade, como ten sinalado en estudos luminosos o profesor António Manuel Hespanha (1983, 1986). O territorio, ou espazo politicamente organizado, reflicte relacións de poder e está dividido en pequenas circunscripcións, entre outras razóns por mor das dificultades dunhas comunicacións a miúdo de tipo oral, que esixen contacto persoal. As divisións teñen carácter irregular e ó mesmo tempo non é doado modificalas, debido ó carácter patrimonial do poder, en particular do de natureza señorial, e ós vencellos que xeración tras xeración se tecían entre comunidade e territorio (Brunner, 1983/1939/)

Semellante organización do espazo, irregular e diferente para cada poder, parécenos hoxe caótica, pero os contemporáneos sabían ben cal era a súa parroquia,


a súa xurisdición e couto e o partido ou partidos nos que tiñan que pagar á facenda real. Estas divisións formaban, sen dúbida, unha malla entrambilicada e ó tempo ríxida, porque a introdución de reformas podía afectar a poderes que constituían parte do patrimonio de institucións e familias, segundo quedou sinalado. Pero a rixidez non quitaba ós veciños a capacidade de aproveitarse da mesma complexidade do parcelamento do territorio e da multiplicación dos poderes: non lles era preciso andar moito para cambiar de partido ou xurisdición, e polo tanto de xuíz e de señor, se por algúñ asunto se atopaban apurados. A indefinición e a ambigüidade abrían portelos para fuxir do rigor das autoridades, da demanda dun veciño ou da aspereza dun pai.

O feito de que o mapa das xurisdicións e dos partidos, e desde logo o das parroquias, cambiase moi pouco nos séculos XVI-XVIII non quere dicir que as relacións de poder e a intensidade da vida comunitaria que se desenvolvían no interior deses marcos político-administrativos non se transformasen. Os señores actúan como tales nas xurisdicións e coutos nomeando xuíces ordinarios, escribáns e outros oficiais de menor importancia, e cobrando cargas diversas, unhas poida que gravosas e outras más ben simbólicas. Pero a monarquía, a través da súa Administración periférica, en particular da Real Audiencia —pequena de corpo, e grande en poder, como escribiu atinadamente Murguía—, vai controlando e limitando as facultades dos señores, tanto as de tipo xudicial como as de esixir prestacións variadas ós vasalos. No século XVI as casas nobres e mesmo os mosteiros apachocan os veciños con servizos arbitrarios, incluídos traballos persoais, e hai casos de meiriños de señoriais que se comportan cunha brutalidade enorme, como os dos condes de Altamira no Concello de Burón entre 1490 e 1530 (García Oro/Portela Silva, 2003). No século XVIII esa arbitrariedade crónica desaparecerá, grazas sobre todo á decisiva intervención da Audiencia, que, mediante sentenzas, autos e provisións ordinarias foi suprimindo algunas cargas e reducindo e taxando outras, vixiendo de modo efectivo o exercicio dos poderes señoriais. A ampliación do número de “casos de corte” ou asuntos que ían directamente ó Real Tribunal motivou que este rematase convertido tamén en xulgado de primeira instancia, a custa das competencias dos xuíces locais. Os fondos do Arquivo do Reino de Galicia son a mellor proba do papel que o Tribunal do Rei tivo na resolución de milleiros de conflitos sociais,

familiares e veciñais. Por algo os labregos lle chamaban, igual no século XVI que no XX, a “fonte limpia”.

Conforme o poder real vai intensificando a súa presenza no territorio, por medio da Audiencia e no XVIII da Intendencia e das novas facultades que se lle outorgan á Secretaría de Facenda —proceso que está apoiado por unha nova cultura xurídica ó servizo do reformismo e do absolutismo—, a organización do territorio en xurisdicións e coutos comezou a ser notada de irracional, causante de toda clase de abusos ós vasalos e de constituír un impedimento para o progreso do país. Os oficiais da Administración real, con mentalidade autoritaria e con “*intrépidos modales*” se dependían da Secretaría de Facenda, viánse obrigados a recorrer ós xuíces e escribáns señoriais para todo o tocante a quintas, trabucos, repartimentos para camiños e para os traballos do arsenal de Ferrol e para conseguir información variada, fose demográfica, de colleitas, de fábricas, ou de confrarías, pois tamén se ocupou delas o Consello de Castela. Perdían a paciencia un día si e outro tamén, porque o que atopaban a miúdo eran resistencias pasivas e activas, manifestadas en ocasións interpoñendo recursos á Audiencia, formada por letrados que tiñan unha mentalidade e uns procedementos de actuación respectuosos co derecho e más acaídos ó “humor” do Reino. É neste contexto político —de política fiscal, principalmente— e xurídico cando aparecen diversas propostas para substituír as xurisdicións e coutos por corrixidorías reais, ou polo menos para obrigar os señores a dotar con fondos competentes os xulgados ordinarios e a nomear avogados para ocupalos.

Non obstante, acometer reformas que cambiasen o mapa xurisdiccional requiría expropriar poderes patrimoniais, un patrimonio inmaterial pero que estaba incorporado a morgados e a mans mortas, institucións que foran establecidas para durar até a consumación dos séculos, a resurrección da carne e o xuízo final. Por iso hai unha cautelosa prudencia nas varias propostas. Así, Bernardo Herbella de Puga publicou en 1767 un *Discurso sobre la necesidad de que establezcan corregimientos en el Reino de Galicia*, que leva un subtítulo ben aclaratorio: “*Defensa de la real autoridad, para proporcionar este alivio a sus fieles vasallos, con insignuación de los medios más oportunos a verificar el establecimiento, sin perjuicio de tercero, dispendio del Real Patrimonio ni de los pueblos*” (En Santiago, por Ignacio Aguayo, 1767).



Herbella, avogado dos reais consellos, era entón fiscal da Intendencia, a institución que máis información tiña sobre as estruturas económicas e administrativas do Reino. Despois ocupou durante un cuarto de século unha relatoria da Audiencia, para rematar de alcalde maior da Sala do Crime (Meijide Pardo, 1982). No texto amósase severo nas opinión pero moi moderado nas propostas, pois recoñece os dereitos dos señores. O elevado número de xurisdicións e coutos motiva a existencia “*turbulenta y confusa superfluidad de juzgados*”: “*La multitud de juzgados ordinarios en Galicia y la superfluidad de escribanos llamados reales están sobre el corto espacio de este Reino, como una turba de langostas sobre media vara de territorio, y no habiendo frutos para todos hasta la tierra peligra*”.


Afirma que son contados os xuíces nomeados por señores que teñen salario dotado e que non son poucos os que non saben escribir nin ler, pero que andan detrás do emprego para vivir e inclusive para se vingaren de veciños: “*a los unos les falta instrucción y ciencia; a los otros les sobra pobreza (...). La codicia es propia del desenfreno de un juez pobre, que necesita reparar las sobras de sus miserias en las faltas y desdichas de sus súbditos; ninguno solicita la judicatura por el bien del pueblo, sino por interés propio*”. Fica, desta maneira, franqueada a porta “*a las dádivas, al soborno y la granjería; los presentes, cohechos y dones ciegan los ojos de los sabios y tuercen las razones de los justos*”, de xeito que os ricos nunca son castigados e queda acreditada a sentenza de Solón de que as leis son como teas de araña nas que só caen as moscas e pequenos animais enfraquecidos e que as forcas son para pobres e desgraciados. A impericia dos xuíces motiva, a maiores, que anden gobernados por escribáns avarentos: “*sueltan la rienda los escribanos (corregidores perpetuos o de por vida en semejantes juzgados) y el alcalde /xuíz/es un fantasma, una sombra, que sólo sirve de aumentar derechos y costas a los litigantes*”.

Para Herbella, “*como el agua de la fuente, así toda jurisdicción secular procede del rey*”, e neste suposto o monarca está facultado para dividir o Reino en corrixidorías que teñan unha extensión parecida. Pero admite que se compense ós señores no que sexa xusto e que se lles conserven honores, distincións, regalías e outros dereitos. Na práctica, parécelle que a maneira máis dodata de levar a termo a reforma da organización do territorio sería que, movidos polo patriotismo, os donos das xuris-

dicións renunciasen voluntariamente ás súas facultades e privilexios, unha proposta na que non se sabe ben canto hai de ironía e canto deinxuidade.

Francisco Somoza de Montsoriu, na obra *Estorbos i remedios de la riqueza de Galicia* (en Santiago, por Ignacio Aguayo, 1775), amósase áinda máis moderado que Herbella de Puga, seguramente porque, como sinala o académico Xosé Ramón Barreiro no estudo introdutorio á edición moderna do texto (1995), o autor foi amoestado polo Consello de Castela en 1773 por defender a reversión das xurisdicións á coroa: “yo ya no digo —escribe en 1775— que como el río al mar vuelva la jurisdicción a la Corona. No clamo por corregimientos, ni por la unión de señoríos con la ley de la alternativa. No defraudo a los interesados del privilegio de elegir escribanos de número (...). No me opongo a derecho alguno de sus haciendas, aspirando sólo a que las recojan y administren con equidad y con justicia”. Está convencido de que a multitude de xuíces ordinarios espallados polo Reino é causa dunha morea de males para os labregos: “El fomento de las cavilaciones es el mayorazgo de que vive esta clase de hombres (...). El juez y el escribano perecen sin pleitos, y el vasallo lo paga todo (...). Nada tienen seguro los pobres que no esté sujeto a su codicia”. O remedio que propón é o de obrigar os señores a nomear persoas competentes para os xulgados, cumprindo coas leis que xa o mandan: “Sea la jurisdicción de los dueños por servicios o por contratos. No pueda quitársela el monarca por causa legítima y justa, pero cumplan ellos con las obligaciones de la patria (...). Las varas de la justicia, deidad tan sagrada en el mundo, no deben fiarse a la diligencia de los mendigos, que no supieron con sus virtudes la falta de caudales”.

Lucas Labrada, que remata a súa *Descripción económica del Reino de Galicia* (Ferrol, don José Riesgo Montero, 1804) cun breve capítulo que trata da “División del Reyno en corregimientos reales”, resolve a cuestión do respecto ós dereitos dos señores xurisdicionais propondo que se lles conceda a oportunidade de presentar ó Rei unha lista de tres candidatos para cada corrixidoría vacante. Cita o texto de Somoza e diversos proxectos reformistas saídos do Consulado da Coruña e da Económica de Santiago, e como proba da incompetencia dos xuíces ordinarios menciona a carencia ou a pouca fiabilidade da información demográfica e doutra natureza que diversas institucións levan anos reclamando, pois nin sequera o Real




Acordo —“que tiene todo el poder para hacerse obedecer”— é capaz de meter medo ós oficiais nomeados polos señores.

Labrada repite o tópico de que os xuíces sen coñecementos técnicos “*son enteramente gobernados por los escribanos, de cuya grosera y devoradora avaricia son ordinariamente víctima los pobres labradores, a quienes el excesivo número de aquellos ha hecho contraer cierto carácter litigioso harto incompatible con los progresos de la labranza y con la tranquilidad pública*”. Pero á diferenza de Herbella e de Somoza, avogados, está máis interesado nas matemáticas e na economía política, e quere mellor corrixidores de “capa e espada”, ou sexa, militares de profesión que saibam matemáticas, física e lingua francesa. Os xuristas e os teólogos xa teñen outras oportunidades á hora de atopar empregos (e, á parte diso, pola súa formación demóranse moito antes de resolverse a tomar unha medida), e para promover o desenvolvimento material dos pobos as novas ciencias resultan fundamentais: os corrixidores que as coñezan darán noticias seguras da poboación, cultivos, industrias, consumos, das causas do atraso, levantarán planos para mellorar as comunicacións. E tamén serán competentes para descubrir o “xenio” da nación, que vai quedando escondido nos lugares recuados: “*Estos corregidores así distribuidos llegarían a conocer las verdaderas costumbres, el carácter y el genio de la nación, que sólo se aprenden estudiando su vida privada en los estados más numerosos; pues es bien sabido que el detenerse para ello en las gentes que siempre representan en los pueblos grandes no es más que ver cómicos y farsantes. En las pequeñas poblaciones interiores, en nuestras aldeas, en donde hay menos alteraciones, menos comercio, a donde los extranjeros penetran menos, a donde los habitantes se mantienen más en sus destinos y mudan menos de fortuna y de estado, allí es donde se estudia el genio y las costumbres de la nación*”.

Nos textos de Herbella, Somoza e Labrada, e nos doutros autores que non se citaron —o avogado vigués Martínez Yáñez e mesmo Sarmiento—, atópanse unha morea de tópicos sobre a cobiza dos escribáns, a ignorancia dos xuíces labregos de profesión, a multiplicación dos preitos e dos custos. Con todo, hai que reparar en que os autores adoitan ser homes de formación xurídica, ou cando menos integrantes das élites culturais, e manifestan unha actitude moi desprezativa con prácticas xudiciais propias de “rústicos”, que non se acomodan ás normas do derecho estudoado e aplicado polos letrados. Non entanto, “a maior parte da vida jurídica corria à

margen do direito escrito (...). O próprio direito erudito era obrigado a reconhecer este enorme universo que lhe escapava, embora o fizesse por uma forma que inculcava tratar-se de formas inferiores de organizaçao social e jurídica. Chamava-lhe o ‘direito dos rústicos’ (**iura rusticorum**), deixando-o subistir com un misto de desprezo e condescendênci...” (Hespanha, 1993). É certo que a existencia de coutos moi pequenos orixinaba que houbese un xuíz só para dous ou tres veciños, e que varios tivesen xurisdicpción acumulativa, coñecendo “a prevención”, cando a xurisdicpción non era alternativa ou por quendas entre os distintos xuíces (Labrada pon como exemplo o couto de Tuiriz, con sete xuíces para trece veciños). Pero o feito de que as maxistraturas ordinarias estivesen en mans de analfabetos non significa que as persoas que as desempeñaban non cumprisen coas súas obrigas dentro da comunidade. O poder que no ámbito local tiñan os escribáns debíase precisamente a que sabían ler e escribir, coñecían os *arcana iuris* e os segredos e problemas das familias en materia de herdanzas. Son censurados porque gozan de influencia sobre o campesiñado e compiten con outros grupos que aspiran ó mesmo.

Nun mundo de labregos, de pequenas comunidades nas que todos se coñecían, o xuíz debía gozar de *auctoritas* entre os cabezas de casa e ser persoa prudente e pragmática. Carecía de medios directos de coacción —até de alguacís— e boa parte das causas sobre as que tiña que pronunciar sentenza ían de débedas, partillás e servidumes se eran civís, e de malos tratamentos de palabra e obra as de tipo criminal (González Fernández, 1997). Para ditar resolucións podía asesorarse “con parecer de letrado”, e de calquera xeito os preiteantes sempre podían apelar á Real Audiencia ou “fonte limpa”. Mais se non estaba en condicións de facerse obedecer pola forza, o seu prestixio e poder non oficiais dentro da comunidade e a capacidade para favorecer acordos, concordias e compromisos, que non daban nin quitaban toda a razón a unha parte, resultaban calidades fundamentais para o bo desempeño do cargo. A fin de contas, a orde social nos lugares e parroquias non se asentaba, salvo en casos de conflitos ruidosos, no uso da forza, senón na capacidade que os membros dos estamentos privilexiados e as autoridades locais mantiñan ó longo do tempo para facerse obedecer mediante o uso dunha “violencia doce”, compatible con cesións e transaccións (Hespanha, 1983).



Case dous terzos dos preitos criminais remataban cun “apartamento” ou “concordia”, antes de que o xuíz ditase sentenza. Os parentes dos litigantes, os “homes bos” e os curas facían de mediadores á hora de amigar as partes. O padre Sarmiento defendía o recurso comunitario ós “homes bos”, para resolver conflitos: *“En algunas aldeas se usa también este arbitrio, y si fuese más común, que ninguno que supuiese leer y escribir entrase el hocico en esa asmación o judicatura, habría menos pleitos y más paz en la sociedad humana. Los aldeanos, por lo mismo de ser más sensillos, son más porfiados y tercos en sus diferencias. Y así, no tanto necesitan literatos que les aticen y enreden más, cuanto de hombres buenos, prudentes y cuerdos, que le concuerden, aunque no sepan leer ni escribir”*. O bieito pontevedrés era inimigo declarado de todos aqueles grupos, caso de fidalgos e escribáns, que competían cos monxes pola influencia sobre o campesiñado, pero isto non lle quita razón no que di da función mediadora dos labregos que gozaban do aprecio dos veciños. A autoridade moral dos curas podía tamén resultar decisiva para evitar e deter preitos, e para arranxar outros problemas, como a recuperación de cousas roubadas: o cónsul inglés Alexander Jardine queixábase a fins do XVIII de que en Galicia os roubos se converteran nunha verdadeira epidemia, até o extremo de que se consideraban algo normal, e a mellor —ou a única— maneira de recuperar o furtado consistía en falar cun cura para que baixo segredo de confesión lograse o arrepentimento do ladrón. O eclesiástico recollía o ben, dáballo ó seu dono e este non facía preguntas... (García Blanco-Cicerón, 2006).

Polos datos que proporciona Lucas Labrada, parece que en 1800 había en Galicia 361 cárceres, un número moi baixo en comparanza co de xurisdicións e coutos. Nas moitas circunscricións nas que non existía tal establecemento, os presos eran pechados nunha casa abandonada e os veciños tiñan que aquendarse para gardalos. Se fuxían, o que acontecía con frecuencia, os sentinelas sufrían o embargo dos bens e outros trastornos, segundo recoñecía Somoza de Montsoriú: *“Mandan las leyes que los dueños jurisdiccionales tengan provistas y seguras sus cárceles. Todos los esfuerzos de los superiores no han podido hacer efectivo este punto en Galicia. Se escapan los reos de la captura, y el fugado, o no vuelve, o se hace inútil por mucho tiempo. La práctica común del Reino es destinar algunos hombres que custodien por días los*

*presos. Este destino ocioso es agravio a la agricultura. El delincuente falta (...). Son reconvenidos judicialmente los guardias, y consumen en los descargos meses y caudales”.*

A necesidade das autoridades locais de acudir ós labregos para gardar presos e para outros asuntos de “orde pública”, como prestar axuda nos embargos ou desfacer unha fiada organizada durante a corentena e denunciada por un cura demasiado escrupuloso, motivaba que os xuíces rigorosos rematasen sendo unha peste para os veciños. Por iso os do concello de Baños de Molgas se queixaban en 1782 do excesivo celo do xuíz ordinario que rematara o trienio, porque os obrigaba a vixiar presos “por leves motivos”, e do de Bande dicían en 1787 os veciños que, entre outros abusos, cometera o de pechar no cárcere moitas mozas solteiras, sen máis causa que a frívola suposición de que estaban “preñadas ou grávidas”. E cando no verán de 1750 un escudeiro e un alabardeiro da Real Audiencia foron ó couto de Rubillón (Avión) a prender varios homes e mulleres que se amotinaran para non pagar os atrasos que lles reclamaba o mosteiro de Melón, custoulles traballo atopar unha casa que fixese de cárcere, e unha “farropea” cun cadeado para asegurar un dos presos (ás mulleres só as pecharon, sen atalas con cadeas), e tamén homes que vixiasen. Un dos chamados para o efecto protestou con cólera, porque era arrieiro e tiña apalabrada unha viaxe ó Ribeiro (Saavedra, 2012).

Con todo, no século XVIII o rigor non parece que fose o criterio de actuación da meirande parte dos xuíces ordinarios, cando menos no tocante ó control da moral pública. Os visitadores eclesiásticos, os curas que lles facían caso e os procuradores xerais prohibían ou solicitaban que non se lles permitise ás mozas solteiras vivir “soas de sobre si”, pero nos libros de familias do catastro de Ensenada aparecen moitas solteiras como cabezas de casa, habiten soas ou con outras persoas, como algúns fillo, irmáns e até homes cos que seguramente están amancebadas. O bispo de Mondoñedo Cuadrillero, escandalizado da abundancia de bodegueiras nas parroquias da diocese, mercou unha fábrica de lenzos abandonada e logrou unha real provisión da Audiencia para pechalas no edificio. Os seus propósitos quedaron en nada, porque os xuíces ordinarios non facían caso nin dos mandatos das visitas pastorais nin dos sermones que denunciaban os pecados públicos nin sequera da real provisión coa que o prelado consideraba que ía arranxar tan grave desorde moral. A fábrica seguiu baleira e as bodegueiras continuaron nos seus alboios, “cau-

sando escándalo pola súa incontinencia". Se constituían unha man de obra barata e se algunhas practicaban unha prostitución informal había razóns poderosas para deixalas tranquilas. Os sermóns do bispo non levantaban escrúpulos na conciencia dos veciños e das autoridades locais.

Outros problemas atribuídos á multitud de xulgados eran os abusos de xuíces e escribáns nos repartimentos de quintas, trabucos e carretos para obras públicas, a multiplicación dos preitos e os continuos conflitos de competencias, pois os reos buscaban xuíces amigos, circunstancia que favorecía a impunidade, en especial en delitos de roubo. Sen dúbida a fragmentación política do espazo creaba situacións de ambigüidade, de indefinición e de gran versatilidade: non sempre estaba claro a que maxistratura correspondía un asunto, e se unha solteira que vivise soa se consideraba molestada por un xuíz severo ou vingativo podía mudarse a unha aldea da xurisdición veciña, se confiaba en que alí ía morar tranquila. A feira do Carballiño celebrábase nun campo repartido entre tres xurisdicións doutros tantos señores, de modo que con moverse uns pasos os asistentes cambiaban de xuíz e de taxas fiscais, e quen sabe se esta non foi unha das razóns do triunfo da feira, que deu orixe á tan importante vila (Fariña Jamardo, 1981).

O que non está demostrado é que en Galicia o número de preitos e de delitos fose, en termos relativos, moi elevado. Deixando á parte os roubos cometidos por partidas de bandoleiros, en ocasión formadas por moitos homes, tema ben estudiado por Beatriz López Morán (1995), o resto dos litixios, tanto civís como criminais, é mal coñecido porque a documentación dos xulgados ordinarios perdeuse case na súa totalidade e tamén unha boa porción dos fondos da Real Audiencia; había ademais conflitos dentro das familias, aldeas e parroquias, por herdanzas, prorrataeos de augas, peches de montes e servidumes colectivas que non dabán orixe a un preito, por concordarse antes as partes. E non se pode esquecer, tampouco, que os tribunais dos provisores diocesanos tiveron unha importante actividade até fins do XVIII, pois non só entendían nas causas que afectaban a eclesiásticos, senón que se ocupaban de moitos problemas relacionados coa vida familiar. A análise da pouca documentación conservada procedente dos xulgados locais e o recurso á consulta dos poderes notariais permiten coñecer de xeito parcial a traxectoria cronolóxica do número de litixios, pero non comparar a cantidade total de preitos dunha comarca

coa de habitantes e de lumes (Dubert, 1992; González Fernández, 1997; Iglesias Estepa, 2007).

O tópico de que os labregos galegos eran moi preiteantes debe ser, na miña opinión, contradito. Os historiadores da criminalidade —unha corrente que conta hoxe con revistas especializadas— adoitan medir a súa intensidade comparando o número de delitos co de persoas, tal como se fai agora. Os resultados dessa mensura son indicativos, pero non definitivos, pois o medio económico e social podía multiplicar ou reducir as ocasións para cometer certo tipo de faltas: onde a terra estaba moi repartida e os cultivadores gozaban de dereitos sobre ela, alí onde todos tiñan algo —e confiaban en ter máis—, os problemas por servidumes, por herdanzas e por bens comunais xurdían con moita maior facilidade que nos territorios nos que dominaban o arrendamento e a grande explotación e nos que numerosas familias carecían de bens. Herdanzas, débedas, comunais e servidumes eran en principio asuntos de tipo civil, pero estaban na orixe de boa parte dos malos tratamentos de palabra e obra. Arriscando un chisco, atrévome a afirmar —non sei se son o primeiro en facer esta proposta— que o número de determinados preitos e delitos habería que comparalo non tanto co censo de habitantes como co de topónimos. Quen sabe se entón nos convenceríamos de que, se os preitos eran moitos, non eran tantos como as ocasións de preitear e teríamos poderosos argumentos para insistir na outra cara da realidade: a capacidade da comunidade veciñal para resolver por si mesma unha parte dos conflitos.

## 5. AS PARROQUIAS POR FÓRA E POR DENTRO: UNHA ESTABILIDADE ENGANOSA

Igual que aconteceu coa organización xurisdiccional, a división parroquial tam-pouco notou cambios de importancia na Idade Moderna —e habería que engadir que nin na Contemporánea—, pero a función da parroquia como ámbito administrativo e comunitario non deixou de afianzarse e robustecerse desde mediados do século XVI. É moi significativo, por exemplo, que até o século XVIII as demarcacións más pequenas das que se servía o poder real para facer pescudas demográficas e fiscais sexan os partidos correspondentes a servizos e alcabalas, namentres para o

catastro de Ensenada e para o censo de Floridablanca as parroquias constituíron o marco preferente, e por riba delas as xurisdicións. Cando se afora un casal dise “que es sito so el signo y la campana de...”, e tamén se percibe nas escrituras de protocolos notariais a tendencia das persoas a privilexiar a parroquia como marco de veciñanza, por diante das aldeas e desde logo das xurisdicións e coutos (Sobrado, 2012).

A rede parroquial adquire no Antigo Réxime unha relevancia extraordinaria, non só desde a perspectiva do encadramento pastoral; tamén desde a consideración da vida comunitaria en moitos dos seus aspectos profanos. Como escribiu Gabriel Le Bras, un dos pais dos estudos de socioloxía relixiosa, na obra que podemos considerar o seu testamento intelectual —*L'Eglise et le village*—, a parroquia é unha “célula no mundo”, o alicerce da Administración eclesiástica, unha entidade xurídica e ó mesmo tempo un ámbito comunitario de sociabilidade e de trocos de variada natureza, un territorio e un grupo humano en definitiva. Facendo unha concesión á terminoloxía hoxe tan de moda poderíamos dicir que, en particular desde o Concilio de Trento, a parroquia é un axente de “globalización” —hai quen di que de “modernización”—, pois, habiten nas vilas ou en lugares recuados, os fieis coñecen por boca dos seus reitores a doutrina que Roma transmitiu antes ós bispos, e teñen asemade noticia de normas que promulgan as autoridades civís, xa que o poder relixioso e o político actúan promiscuamente, con fins a miúdo comúns, orientados a conseguir a “confesionalización” e o “disciplinamento” das xentes, ou sexa, unha aculturación das masas, que van interiorizando normas morais, éticas e políticas que as poñen en disposición de obedecer de modo automático os mandatos dos diversos poderes (Prodi, 1994). Un programa ambicioso que os calvinistas levaron a termo no mundo rural suízo pero que nin os bispos nin os intendentes foron capaces de impor nas freguesías de Galicia, aínda que tampouco buscaban introducir cambios culturais tan profundos coma os dos países que abrazaron a Reforma.

A estabilidade da rede parroquial pode considerarse un feito case extraordinario se reparamos en que desde 1500 a 1800 a poboación se multiplicou por máis de cinco, namentres o número de freguesías case non oscilou e, aínda hoxe, a estrutura parroquial no mundo rural é, en substancia, a da Baixa Idade Media. No chamado “censo dos bispos” de 1587 as cinco dioceses galegas figuran con 3307

“pías”, e a mediados do XVIII a cifra subira a 3466, un cinco por cento máis; contando as parroquias pertencentes a Astorga e Oviedo habería na primeira data en toda Galicia 3571 e 3678 en 1785 (Fariña Jamardo, 1996). Entre tanto a media de lumes por entidade pasou de menos de 40 a uns 80, e se a comparanza se fai entre 1480/1500 e 1800 o aumento sería de 15 a 90. Hai comarcas como Monterrei, Celanova e varias da diocese de Tui nas que o incremento da poboación é espectacular: se a principios do XVI un cura atendía vinte ou trinta familias, na segunda metade do XVIII podía ter ó seu coidado duascentas.

A rede parroquial constituía unha densa malla que cubría todo o territorio e estruturaba un hábitat de pequenos asentamentos espallados pola xeografía do país. O poder real estaba moi lonxe de contar cunha estrutura administrativa tan completa e sólida e cada vez mellor dotada de persoal. No século XVIII hai unhas 7,5 aldeas por freguesía, e a extensión media destas últimas é de 7,8 km<sup>2</sup>, oscilando desde os 12 da diocese de Mondoñedo até os 6,4 da de Lugo, un bispado con 1131 parroquias en 1750, e con arciprestados —Mestrescolía, Sarria— nos que non acababan sequera os 4 km<sup>2</sup> de superficie. A curta extensión das parroquias está, loxicamente, en relación coa súa densidade, e tamén coa necesidade de integrar dentro dunha estrutura de poder as familias que habitaban en núcleos minúsculos semeados aquí e acolá, ás que por outra parte era preciso dar pasto espiritual.

En tanto que “berce dos cristiáns”, a parroquia non foi creada polo Concilio de Trento, pero si revitalizada, ou “construída”, na opinión do historiador italiano Angelo Torre (1995). O proceso de fortalecemento da institución vai unido á consolidación do cura como autoridade con xurisdición sobre un territorio ben definido e demarcado; sobre o rabaño que debe coñecer e controlar, rexistrando bautismos, confirmacións, matrimonios, defuncións e últimas vontades, cumpridores do precepto pascual e pagadores das diversas dereituras; e sobre un templo que debe diferenciarse do espazo profano. A parroquia é a unidade da cobranza do décimo, por iso teñen que estar claros os seus lindes; tamén os veciños están interesados nas demarcacións, por causa do aproveitamento dos montes comunais. Á parte disto, todos os fregueses deben cumplir coas súas obrigas relixiosas na igrexa propia —salvo que dispoñan dunha capela na que se celebre con autorización do ordinario misa os días festivos—, sen andar como ovellas tolas dun templo para outro, e a

cruz parroquial non pode saír do territorio da freguesía. Un dos fundamentos da estabilidade e solidez da institución parroquial radica precisamente no seu carácter territorial, que se afirma na Idade Moderna: ninguén ten dúbidas no tocante á parroquia da que forma parte e todas as familias son visitadas polo cura por Pascua Florida, cando vai bendicir ás casas de morada (Puigvert, 2001).


No interior dunhas parroquias que, vistas desde fóra —número, demarcacións—, parecían inmutables, a vida comunitaria intensificouse de xeito moi considerable no decorrer da Idade Moderna. Por unha banda, contou o propio crecemento demográfico, que provocou unha multiplicación dos trocos de toda clase, e dos conflitos, entre os veciños. A ninguén lle pasa desapercibido que as relación entre as familias non eran as mesmas cando había 10 habitantes por km<sup>2</sup> que cando se chegaba a 50 e a 100, cando unha freguesía tiña 15 veciños que cando acadara un cento ou dous. Descoñezo se os labregos que vivían en 1800 sabían máis palabras que os seus quintos e sextos avós, pero coido que falaban moito más ca eles, porque na primeira metade do XVI abundaban as aldeas de só un e dous lumes e as ocasións para conversar e mesmo para rifar eran escasas.

Ós cambios de carácter demográfico, que transforman por completo o aspecto das aldeas e do seu espazo agropecuario, engádense os de natureza socio-relaxiosa: a residencia habitual dos reitores e o control dos actos parroquiais, o cumprimento da obriga de asistir á misa os domingos e festivos e de confesarse por Pascua Florida, unha vez deprendida a doutrina; a asistencia a enterros e cabodanos; a fundación de confrarías e a celebración da festa do patrón, na que non podía faltar a comida colectiva; o funcionamento regular da fábrica parroquial, que xestionava un patrimonio comunitario que se vai enriquecendo co tempo e que administra un mordomo leigo; xa na segunda metade do XVIII a dotación de bastantes escolas para ensinar ós nenos dos fregueses... Todos estes factores reforzaron a identificación dos fieis coa parroquia e co seu centro, o templo, onde moraban os santos protectores e descansaban os antepasados que unha xeración tras outra se foran sucedendo desde o fondo dos tempos, e que estaba coroado pola campá. O seu son, familiar e case máxico, avisaba de misas, festas e falecementos, de incendios e outras desgrazas repentinhas; lembraba a hora de rezar polas ánimas do purgatorio e, en xeral, chamaba os veciños a xuntarse para tratar de calquera asunto tocante ó pro-

común. Tamén se acudía a ela *ad repellendas tempestates, ad petendam pluviam, ad postulandam serenitatem*, e para evitar *incursio turbinum, percussio fulminum, laesio tronitrum, calamitas tempestatem, omnisque spiritus procellarum...* Como escribiu Otero Pedrayo (1922), “d'un con ó outro do noso país as bateladas das parroquias respóndense sen solución de continuidade apenas, faguendo cando morre a tarde o seu coro de lembranza, o cramo saudoso de toda a nosa Terra”.

Non obstante, ó mesmo tempo que, polas razón anteditas, a vida parroquial se intensificaba, fóreronse multiplicando, en ocasións de modo extraordinario, os lugares de culto. As fundacións de diversa natureza, como capelanías e outras obras pías, confraría que non tiñan a sede no templo parroquial, ermida e oratorios..., encheron de novas construcións relixiosas o espazo da freguesía, unha proba do substrato ceremonial das comunidades campesiñas: familias, parentelas e grupos de veciños amosan a determinación de investir importantes recursos materiais no apoio de devocións que reportan prestixio. O aumento da oferta e consumo de devocións foi un proceso que deu orixe a diversas tensións, pois en particular a consolidación de santuarios que congregaban gran número de devotos que botaban varios días de camiño poña en cuestión a centralidade do templo parroquial: “*andan los rústicos bobeando de romería en romería, dejando unas y emprendiendo otras, según se les figura la mayor o menor virtud de la imagen para hacer milagros, y según las relaciones de ociosos y vagos*”, dicía en 1791 un visitador do arcebispado de Santiago. Efecto parecido tiñan as feiras que se celebraban en domingo: algunas igrexas quedaban baleiras porque os veciños escapaban “*a ellas /ás feiras/ mientras los curas y vicarios rezan el rosario y explican el Santo Evangelio al pueblo*” (Saavedra, 1994).

Os fregueses, a fin de contas, non quedan reducidos á condición de meros espectadores, de ovellas que se limitan a andar detrás do seu pastor, pois a vida relixiosa caracterízase por ser fondamente comunitaria e festiva, resultado dunha dinámica froito de múltiples iniciativas, coas que as autoridades eclesiásticas teñen que chegar a acordos. As visitas pastorais son actos de xurisdición e cumpren unha función esencial de control no que teñen de *visitatio rerum* (estado material do interior e exterior do templo, de capelas e oratorios; retablos, imaxes, tesouro parroquial, roupas, libros) e de *visitatio hominum* (número de cregos, situación beneficial e material, nivel cultural e comportamento; escándalos e pecados públicos entre



os fregueses, festas, rendición de contas da fábrica) (Nubiola/Turchini, 1991). Pero eses actos de xurisdición e control non impedían que os veciños lograsen conservar na liturxia unha parte da súa cultura folclórica, por exemplo as procesións polos agros, ou que acomodasen ás propias necesidades determinados mandatos. Así, desde mediados do XVI os visitadores están empeñados en facer da Eucaristía a base do culto e mandan que en todas as parroquias se estableza a confraría do Santísimo. No entanto, para os fieis o verdadeiramente importante é que os enfermos non morran sen recibir o viático, e logo o culto ás Ánimas do Purgatorio. De modo que en case un terzo das parroquias das dioceses de Ourense e Lugo aínda en 1800 non había confraría do Santísimo: *“asombra ver la dureza de los aldeanos en muchas partes para ser cofrades del Santísimo”*, afirmaba en 1806 un membro da curia do bispo de Lugo.

As prácticas relixiosas constituían unha parte substancial da vida comunitaria; viñan sendo, en definitiva, deberes rituais que era preciso cumplir nunha armarazón de reciprocidades que operaba, non entre as persoas, senón entre as casas da parroquia, pois son as casas e non as persoas as que están representadas no adro e dentro do templo, nas rogativas, nos velorios, nos funerais e acompañando o viático. A igrexa parroquial era, en certo senso, un “teatro político”, e a disposición do edificio, dos altares e tumbas e o sitio que ocupaba cada persoa no interior acreditaba a posición da súa casa na comunidade e a desigualdade de sexos.

Polo tanto, o feito de pertencer á mesma parroquia non escondía as desigualdades sociais nin a relevancia de determinadas parentelas. Pero nun medio no que as diferenzas entre ricos e pobres podían ser enormes, en particular onde habitaban fidalgos de pazo, todos os fieis, con independencia da súa situación material e social e do seu sexo, tiñan dereito a uns servizos relixiosos determinados, os precisos para poder salvarse, pois en boa medida diso se trataba e de precaverse dos perigos que ameazaban a existencia cotiá. E se a salvación era un asunto persoal, os medios para lograla operaban a nivel comunitario, o mesmo que os sufraxios polas ánimas do purgatorio, unha cuestión central na relixiosidade campesiña. Os fidalgos e os caporais tiñan un enterro máis rumboso que as pobres bodegueiras, pero estas tampouco marcharían deste mundo sen que o cura descargase unhas misas pola súa ánima, e

cando chegase o día de Defuntos non había faltarles a lexítima no montón de responsos de cada ano.

Non é necesario aclarar que non tratamos agora da relixión desde unha perspectiva histórico-filosófica, senón que nos limitamos a expor o uso que as comunidades parroquiais facían dela, un uso utilitario en terreos que non poden xebrarse: o material, o social e o espiritual (Iturra, 2001). As relacións dos reitores cos fregueses non se entenden cando se perden de vista as aspiracións dos últimos. A consulta das visitas pastorais, das relacións *ad limina* e dos expedientes dos xulgados dos provisores diocesanos permitiron ós estudiosos analizar os cambios que se van notando no comportamento moral dos cregos (Barreiro Mallón, 1988; Dubert, 1996). A incontinencia, a embriaguez e a ignorancia son as faltas que máis a miúdo censuran ou castigan as autoridades eclesiásticas, pero non é seguro que a opinión da comunidade concordase coa dun provisor, pois os fieis non adoitan ser os denunciantes dos amancebamentos, borracheiras e falta de letras de reitores, capeláns e ordenados a título de patrimonio, salvo cando esos vicios franquean a porta á cobiza e ó abandono da asistencia relixiosa.

Os veciños sempre conservaron certa iniciativa no tocante á oferta e consumo dunhas devocións que formaban parte dunha ampla e densa armazón comunitaria, na que se mesturaban os compoñente relixiosos e os profanos. Por máis que as autoridades eclesiásticas lograsen aculturar pouco a pouco e de xeito parcial as xentes coa demorada e incompleta aplicación do programa tridentino, que por outra parte non era tan agresivo coa “relixiosidade popular” coma o xansenismo e o reformismo do XVIII, as ovellas nunca deixaron de indicarlle ó seu pastor os sitios nos que conviña que as alindase. A pesar da residencia dos párrocos e tenentes en todas as freguesías matrices, da súa mellor preparación intelectual e da adopción duns comportamentos que en non poucos casos os ían achegando ó modelo do *bonus pastor* de Trento, moitos aspectos da vida campesiña escapaban ó control dunha xurisdición tan dilatada que abrazaría todos os aspectos da vida dos fieis, tanto a doméstica como a que se levaba fóra da casa. Por moi celoso que fose un cura, carecía de medios para remediar todas as desordes familiares, para impedir ou castigar as blasfemias soltadas fóra do adro parroquial, para prohibir certos traballos en domingos e festivos e para evitar os pecados de simple fornicación cometidos

dos en muíños e noutros lugares apartados. O único que podía facer en numerosas ocasións era avisar nos sermóns, durante o ensino da doutrina e no tribunal de penitencia de que certos actos eran pecado mortal, aínda que non todos tiñan a mesma gravidade, como avisaba o padre Lárraga, autor dun coñecido manual para confesores: despois de afirmar que “*in rebus venereis contra conjugium no se da parvidad de materia*”, o dominico navarro aclaraba que a simple fornicación, “*siendo el menor / pecado/ entre las especies de lujuria*”, era máis grave que o roubo pero menos que o homicidio.

Había que disimular certas faltas e correxir con prudencia outras, á vista das condicións nas que vivían os labregos e do seu “xenio”, segundo recoñecía na visita *ad limina* o bispo de Lugo en 1766, satisfeito de que os fegreses fosen bos católicos, sen outros erros que os causados pola fraxilidade humana: “*infatigabilis, inter alias Hispaniarum Nationes, iure reputatur ab omnibus, applicatione, labore et tolerantia. Ita tamen morum Patriae, ac suarum consuetudinum tenacissimus invenitur, ut magnam necesse sit adhibere Prudentiam, ad evellendos et emendandos quosdam abusus, qui hinc, inde, serpere non desinunt, et propter nimiam aliquorum credulitatem, et propter rusticitatem aliorum incolarum incolarum montium*”.

## 6. AS CONSECUENCIAS DA REFORMA BENEFICIAL

Os actores da vida parroquial non só eran os abades e os fregueses. Tamén contaban os patróns dos curatos e os demais participantes no décimo, as familias ausentes que conservaban fundacións, tumbas, bancos... Se para facer reformas na organización xurisdiccional se precisaba expropiar facultades señoriais incorporadas a patrimonios da nobreza, de mosteiros, de cabidos catedralicios e de parentelas, suprimir ou crear novas freguesías afectaba a sentimentos comunitarios de pertenza a miúdo moi enraizados, ós ingresos dos curas e ós dereitos de presentación que estaban nas mans dos patróns dos beneficios. A estabilidade da división parroquial está motivada por varias causas, e non ten a súa orixe só na oposición dos veciños ós cambios.

No Concordato de 1753, que negociou en Roma con marabillosa habilidade o crego galego don Manuel Ventura Figueroa, o Papa fixo doazón graciosa ó monarca español dos dereitos de presentación completos ou parciais que tiña sobre

uns 30 000 beneficios eclesiásticos, con e sen cura de almas. A “materia beneficial”, que era un verdadeiro “Potosí” para a curia romana, quedaba nas mans da Câmara de Castela, pero o Concordato respectaba os dereitos dos patróns particulares, moi importantes en Galicia: a nobreza titulada e a fidalguía presentaban arredor dun corenta e cinco por cento dos beneficios parroquiais, os mosteiros vinte e cinco por cento e o resto quedaba para cabidos, ordes militares, bispos —como ordinarios eclesiásticos ou coma señores— e parentelas que se repartían os votos en “voces”, e que foran perdendo parroquias desde principios da Idade Moderna, por traspasar os seus dereitos a familias fidalgas, que tamén gozaban de padroados cedidos en foro por institucións eclesiásticas (Barreiro Fernández, 1996; Barrio, 2010).

A privatización dos padroados condicionaba o acceso ós beneficios parroquiais e daba orixe a situacións de dependencia e subordinación dos curas fronte á familia ou institución que os escollera para unha vacante. Esta cuestión foi pouco estudiada, pero algo pode pescudarse por moitas queixas de prelados, desde don Francisco Blanco a Múzquiz; por noticias da correspondencia conservada nos arquivos da nobreza; por textos como a *Descripción de los Estados de la casa de Monterrey, en Galicia* (1777), do abade ourensán don Pedro González de Ulloa, que dedica á condesa de Monterrei (daquela a duquesa de Alba); e polo contido da *Oración fúnebre* que en 1841 se encargou de dar ó prelo o abade de San Martiño de Tameiga, na diocese de Tui, e que era o resultado dun sermón que dous anos antes pronunciara un franciscano exclaustrado no funeral celebrado por dona Ramona Escolástica Pardo de Figueroa, condesa de Maceda e Fefiñáns e marquesa de Figueroa, falecida en Madrid en xaneiro de 1839. O abade de Tameiga tiña motivos para estar agradecido á defunta, pois debíalle o curato —e os curatos de Tui eran moi ricos— o mesmo que dous irmáns, colocados en beneficios da condesa. O predicador afirma que se os galegos participasen no enterro que tivera lugar en Madrid, “*allí todo el clero gallego bendiciría a la respetadora de su estado y a la fiel dispensadora de los beneficios curados que pertenecían a su casa*”.

Despois do Concordato de 1753 o monarca procurou saber o número de “pezas” eclesiásticas de cada diocese (o bispo de Lugo, por exemplo, mandou á Câmara de Castela unha relación moi completa de todas as parroquias) e para reforzar xurídica e economicamente a posición dos curas de almas o Real Consello fixo

un proxecto de reforma beneficial que outorgaría estabilidade ós vicarios nomeados por mosteiros e cabidos e aumentaría os ingresos dos curatos pobres coas rendas de beneficios incongruos e simples que debían suprimirse. Os curas tamén tiñan que gozar de autoridade sobre a turba de capeláns e ordenados cun patrimonio que residían nas parroquias, pero que apenas se ocupaban de botar unha man na asistencia relixiosa, salvo cando se tratava de aproveitarse da “granxería” do purgatorio, é dicir, de entrar no repartimento da morea de misas solicitadas nas últimas vontades.

A reforma beneficial era un proxecto sen dúbida ambicioso e en moitos casos necesario. Tiña porén o inconveniente de que afectaba a diversos intereses, en particular ós derivados dos dereitos de presentación e da participación nos décimos —dereitos que se exercían sobre o ben demarcado territorio de cada parroquia— e ós patróns de capelanías e “préstamos”. Por iso en Galicia a reforma apenas modificou a rede parroquial. Nin sequera en Lugo, diocese cun elevadísimo número de freguesías, case a metade anexos, con poucos lumes e escasos ingresos decimais, e na que polo tanto era necesario unir beneficios, puido o bispo Armanyà (1768-1785) facer cambios, a pesar de intentalo: “*Armañá, muy a pesar suyo, verá pasar los años sin poderlo presentar /o expediente/ a la Cámara. No podrá tocar pieza alguna, intentar unión o reducción, sin que surjan multitud de inconvenientes. El egoísmo de los beneficiados a quienes el plan va a perjudicar; el número abundante de patronatos laicales con mil ‘voces’ o presenteros a quienes debe informarse y reducir; ciertas interpretaciones prelaticias por un lado y clericales por otro referentes a vicarios perpetuos y ‘naturales’, distribución de diezmos y primicias, etc., se unen a complicar y retractar la formación del plan beneficial de Lugo*” (García Conde/López Valcárcel, 1991).

Nas visitas *ad limina* da diocese de Lugo son abondan as queixas dos bispos, que tiñan as mans atadas por mor da extensión dos dereitos de patróns leigos. Na tardía data de 1824 o prelado afirma que as parroquias son moitas, non obstante “*pauciores vero in concursu generali eliguntur, qui quidem potiore instructione et idoneitate reperiuntur. ¿Huic tamen malo quomodo occurri poterit, quin jure Patronatu destituantur ii, quibus Ecclesiae placuit illud concedere ad excitandam fidelium pietatem, et parroqiorum dotationem augendam?*”

Tan só na diocese de Tui houbo modificacións de certa entidade, pois as 248 parroquias de mediados do XVIII convertéranse en 270 —un aumento do nove

por cento— un século despois. Neste proceso tivo moito que ver a determinación de dous bispos de longo pontificado: don Domingo Fernández Angulo desde 1775 a 1796 e don Juan García Benito desde 1797 a 1825. Tamén facilitou a reforma o feito de que as refundicións de freguesía foron raras e o que aconteceu foi a conversión de anexos en matrices e de “capelas con territorio”—nas que había misa os domingos e festivos para veciños apartados da parroquial— en anexos e en ocasións ó pouco tempo en matrices. Ávila y La Cueva, na súa documentada *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*, rematada contra 1852 (hai edición facsímile do Consello da Cultura Galega, 1995), dá noticia puntual de todos os cambios. De Fernández Angulo di que “*promovió la erección de nuevas iglesias parroquiales, y desmembró muchas con el sólo fin de que los fieles fuesen más bien administrados de los santos sacramentos por párracos que viviesen inmediatos a ellas, y no a largas distancias como antes sucedía en las tales parroquias*”.

Tui era tamén a diocese galega na que o padroado real e ordinario estaba máis estendido e a que tiña as parroquias con maior número de lumes, despois do enorme aumento demográfico do século XVII: a mediados do XVIII a media de veciños por freguesía non pasaba de 40 no Bispado de Lugo e chegaba a 205 no tudense, no que había bastantes abades que debían pagar a cregos que lles axudasen a dar pasto espiritual a trescentas ou catrocentas familias. En 1587 o bispo don Bartolomé Medina escribiría a Filipe II para que fixese “reduccións” de veciños, seguindo o modelo aplicado en América cos indios, é dicir, que se trataría de obrigar as familias a abandonar as aldeas illadas e de levalas a vivir nos arredores da igrexa, de modo que puidesen ser ensinados na doutrina e esos seres salvaxes e bárbaros acabasen convertidos en persoas “domésticas” e “políticas”. Co paso do tempo, o que tiveron que facer os bispos foi precisamente o contrario: construír capelas, crear novas parroquias e reformar ou levantar *a cimentis* os templos antigos porque os fregueses xa non cabían neles (Pereira Molares, 2006).

A colocación da pía bautismal nunha antiga capela constituía o primeiro paso para a erección dunha nova freguesía que levaría por patrón o do modesto templo agora ascendido a parroquial, e cando non o dun santo “moderno”, como é o caso de San Xosé de Ribarteme, desmembrada de Santa Marta de Ribarteme en 1803, a primeira parroquia en Galicia —oratorios e capelas había moitas— que se

coloca debaixo do amparo do esposo da Virxe, un santo moi promovido pola xerarquia eclesiástica desde o Renacemento e sobre todo desde Trento. As parroquias creadas por Fernández Angulo e García Benito tiñan polo menos cen veciños, e algunas chegaban a douscentos, de modo que os seus abades podían vivir sen apuros económicos. De resultas do crecemento demográfico e dos cambios radicais que se foran producindo no sistema agropecuario, o valor dos décimos multiplicárase varias veces desde 1550 a 1750, por iso na diocese de Tui —e nalgúns grandes parroquias da de Ourense— estaban os curas —“abades”— más ricos de Galicia. Desde mediados do XVIII, moitos deles destinaron unha parte dos seus ingresos á dotación de escolas, pois o corenta e cinco por cento das fundadas entre 1750 e 1850 creouse por iniciativa dos párrocos. Á familia dun deses abades filántropos dedicou precisamente o seu discurso de ingreso nesta corporación o académico Xosé Luís Franco Grande en 1998.

Todos os cambios que houbo no mapa parroquial de Tui foron precedidos de peticións dos veciños, e cando non apoiaos por eles, sempre co mesmo argumento: a necesidade de ter servizos relixiosos completos preto das casas de habitación, para non verse precisados a andar légoas para asistir á misa e buscar o viático para un moribundo. En determinadas circunstancias, a actitude dos fieis pon de manifesto que o apego á parroquia de sempre non era tanto como ás veces se pensa e cedía fronte a outras alternativas: a conversión dun anexo en matriz representaba máis unha modificación de rango que orde cualitativa, pero a elevación a parroquia dunha “capela con territorio”, solemnizada coa instalación da pía bautismal e do Santísimo, significaba, entre outras cousas, que os veciños renunciaban ó lugar tradicional de enterramento, desamparando os ósos dos seus defuntiños.

Aínda que as disposicións tocantes á reforma beneficial afectaron pouco á rede parroquial, ocasionaron non obstante cambios nas actitudes tanto dos curas como dos fregueses. Os primeiros volvérónse máis esixentes diante dos patróns e en xeral diante dos perceptores de décimos alleos ás parroquias. Os mosteiros víronse demandados por moitos vicarios que reclamaban estabilidade e participación nos décimos, aspiracións que a miúdo conseguiron, e os cóengos da catedral de Ourense foron censurados con severidade por curas rurais que os acusaban de vivir na ociosidade e na opulencia. O *Informe canónico legal* que os cregos ourensáns publicaron

en 1794 en contra do cabido, aproveitando que tiñan preito pola paga de loitosas, é unha boa mostra da loita dos “curas de aldea” para mellorar a súa posición dentro do estamento eclesiástico (Barreiro Fernández, 1981). O mesmo Juan Antonio Posse, moi consciente da dignidade dos párocos, tomou parte nestas polémicas e nun sermón predicado en 1807 sostivo que a precedencia dos cóengos con respecto ós reitores parroquiais só obraba no coro e, de xeito burleiro, á pregunta de para que servían os perruqueiros respondía: “*para componer la peluca de un canónigo, y que con ella puesta vaya a profanar el Santo Sacrificio...*”. Os curas de almas íanse convencendo de que, dentro do moi heteroxéneo estamento eclesiástico, eles eran os únicos que traballaban, opinión compartida polos ilustrados e por autores do XIX —caso do vizconde de Chateaubriand— que difundiron o modelo literario do “bon pêtre”, do sacerdote piadoso, austero, caritativo e culto consagrado por completo ó coidado do rabaño. Na novela de dona Emilia Pardo Bazán *La Madre Naturaleza* ese modelo está representado por don Julián, cando na súa madureza, curado da inicial candidez e curtido logo entre montañeses, ocupa a reitoría da parroquia da Ulloa. Ben é certo que os outros curas da contorna andan de festa en festa, descoñecen a moderación no comer e no beber e algúns son máis amigos do fornicio que dos libros edificantes.

Pero, no tocante á vida parroquial, os veciños tamén se amosaron máis activos na segunda metade do XVIII, como poñen de manifesto as peticións de creación de novas freguesías e de que os décimos se destinen ós curas de almas, sempre que non os empreguen no propio enriquecemento e no dos parentes. O preito, longo e ruidoso, que os labregos de varias parroquias do bispado de Mondoñedo sosteñen, por causa do décimo das patacas, entre 1771 e 1812 con diversos membros do estamento eclesiástico, entre eles algúns reitores, amosa moi ben os cambios que se van producindo na actitude dos demandados, conforme as sentenzas os condenan a contribuír. Primeiro botan man das chamadas “armas dos débiles”, principalmente das raposadas: din que están dispostos a pagar, pero en condicións que os demandantes non poden cobrar, ou sosteñen que o décimo só se debe polas ramas, pois o froito non se criou ó sol; maltratan escribáns e ameazan curas. Despois dan outros pasos: algúns non se recatan á hora dicir ben alto que se os cregos queren comer castañolas que tomen o traballo de sementalas; piden novas parroquias, dotadas

cos décimos en disputa; censuran o destino que os perceptores dan a esta renda e reclaman, polo tanto, o dereito a participar no control da xestión da principal fonte de ingresos da igrexa: *“Si repasamos los oficios o escribanías no se tropieza a cada paso con otra cosa que fundaciones vinculares hechas por párrocos en favor de deudos y parientes, así como escrituras de donaciones y dotes con éste o el otro fin (es ésta la inversión de los diezmos); ¿y para esto oprimen a sus feligreses hostigándolos con pleitos y queriéndose hacer en fuerza de su poder absoluto dueños de su continuo y pesado sudor y afán? ¿Y esta contribución, que debiera servir en lo sobrante para reedificación de sus parroquias y mejoramiento de ornatos y más adherentes sagrados, sigue un tal destino?”* (Fernández González, 1995).

A reforma beneficial serviu, pois, para autorizar novas actitudes tanto dos curas como dos fregueses, pero apenas alterou unha división parroquial consolidada e defendida por moitos intereses. Nin os proxectos dos liberais, herdeiros da política relixiosa dos ilustrados e tamén da posta en práctica na Francia revolucionaria, nin sequera os chamados “arreglos parroquiais” da segunda metade do XIX trouxeron cambios substanciais. De resultas do Concilio Vaticano II falouse de novo a necesidade de reformar unha estrutura parroquial “minifundista”, pouco apropiada para unha época na que o número de curas baixaba de repente (Barreiro Fernández, 1968, 1969, 1970, 2009). Pero todos os sinais indican que as reformas virán polo camiño dos feitos que non teñenapelación: o despoboamento de boa parte da Galicia rural, un dos problemas máis graves do país, fará que a curto e medio prazo centos de parroquias queden convertidas tan só en “parroquias de mortos”. Mellor dito, que deixen de existir, pois socialmente non pode haber “parroquia de mortos” se falta a “de vivos”.


## 7. A AUSENCIA DAS ALDEAS NOS CENSOS, NOMENCLÁTORES E MAPAS

A realización do catastro de Ensenada e do censo e nomenclátor de Floridablanca permitiu-lles ós membros da Administración real contar con información precisa non só da organización política do espazo e dos ámbitos de influencia dos diversos poderes, senón tamén do número de familias, coas súas persoas, profesións e ingresos, e da composición dos patrimonios agropecuarios. As unidades que serviron

de marco para as pescudas foron as más das veces as parroquias, pero cando unha estaba repartida entre varios señores era preciso chegar até as aldeas. No entanto, no censo de Floriblanca non aparecen por ningures as aldeas (e no resumo impreso había unha columna para elas, que nos datos de Galicia figura en branco) e no catastro de Ensenada e na documentación eclesiástica —libros parroquiais, visitas— non sempre se mencionan, áínda que non é posible dubidar de que os curas coñecían ben o lugar no que residían os seus fregueses; outra cousa é que consideren de interese declaralo nos libros sacramentais.

É certo que o catastro indica habitualmente o “lugar” —“sitio” en ocasións— no que están situadas as vivendas e pendellos e que na provincia de Ourense, pola propia organización do hábitat, ten unha maior visibilidade por servir ás veces de unidade catastral ou por constar os que componen cada parroquia, algo que tamén se aprecia nos poucos “mapas”, moi rudimentarios, que elaboraron os subdelegados da Única. Olga Gallego (1989) publicou algúns destes materiais cartográficos, que non pasan de ser debuxos nos que só se trazan os límites das parroquias e se escribe dentro o nome, ora castelanizado ora non, das entidades menores de poboación, sen representar vivendas, camiños, ríos, masas de cultivos e relevo. Poden mencionarse os de Santa María de Freás de Eiras e Santa Cristina de Freixo con sete lugares en cada unha delas; San Xurxo de Acevedo do Río, con 17 (só castelanizados “Yglesia” e “San Ciprián”, non Vilaverde, Outeiro...); Santiago de Casardereita, con oito, e Santa María de Entrimo e os seus dous anexos, con 45 lugares na matriz (Eira do Souto, Coto, Couto, Outeiro, Vila...).

Na antiga provincia de Santiago merecen citarse os mapas da xurisdición da Lanzada e de tres parroquias do alfoz de Pontevedra. Foron pintados con certo coñado pois teñen cor e levan algunas representacións da paisaxe. O da Lanzada só trae o nome das freguesías, coas súas demarcacións —poco precisas— e un debuxo da igrexa que se corresponde coas características externas do edificio, pois a do mosteiro de Armenteira e a de Sanxenxo e Padriñán (“va. de San Jenjo...”) son moito más grandes que as de Raxó e Gondar, por exemplo. Porén, o mapa de Santo Adrán e Santa Cristina de Cobres e San Martiño de Vilaboa, ademais de representar as igrexas e unha ermida, pon o nome das aldeas e os seus límites, os ríos ateigados de muíños e sombraea os montes comunais e o mar.




Non deixa de ter o seu mérito que as persoas que realizaron o catastro na xurisdicción de Pontevedra —o propio subdelegado da comisión ou algúns oficiais ás súas ordes— fosen capaces de cartografiar a situación das aldeas e inclusive de fixar os deslindes do seu territorio, por tratarse dunha comarca moi poboada e xa daquela co hábitat dabondo esfarelado. De feito, en novembro de 1751 o comisionado que dirixía as operacións en Caldas de Reis escribíalle á Real Xunta da Única Contribución desde Santo Estevo de Saiar para que o autorizase a omitir o dato das distancias que había entre as parcelas catastradas e as aldeas ás que pertencían, porque propiamente non había aldeas ben diferenciadas como sucedía nas Castelas: “*respecto esta tierra es diversa de las Castillas u otros reinos, en que los lugares están formados y en unida población (...), acá son cortos y bien conocidos los términos da cada feligresía, cuyas casas, que componen una dispersa población aunque estén distantes unas de otras, y son como cortijos y alquerías, que aquí llaman lugares, y son las mismas que dan nombre y vecindad a la propia feligresía y forman su esparramada consistencia, sin haber población y parte principal a que poder adscribir la distancia, porque cualquier casa y sus contiguas tierras son parte de aquel todo que se denomina feligresía*” (Saavedra, 2007).

A preferencia que á hora de facer enquisas amosan os intendentés e o persoal da Secretaría de Facenda pola parroquia é unha das consecuencias da relevancia —xa comentada— que foi acadando no ámbito local esta institución e tamén da necesidade de contar en moitas ocasións coa colaboración dos curas. Antes de dar comezo a cada unha das operacións do catastro, eran convidados por escrito —por medio de “recado cortesano”— para que se incorporasen á comisión correspondente. Non foron excepción os que se escusaron de asistir, unha maneira de declarar a súa oposición a un proxecto que entendían que atropelaba as inmunidades eclesiásticas. A presentación dos datos finais das diversas indagacións está condicionada pola forma en que se realizaron, por iso as aldeas están case ausentes do catastro e desapareceron por completo do censo e do nomenclátor de Floridablanca. Con pouco rigor, algúns investigadores —sen que falten os de Galicia— veñen utilizando os datos tal como aparecen nas fontes e confunden parroquia con “localidade” á hora de calcular valores medios de diferentes variables.

Algunhas aldeas aparecen relacionadas no *Diccionario nomenclátor de las ciudades, villas, aldeas, caserías, cotos, ventas, castillos y prioratos de todo el Reyno de Galicia, con expresión de las provincias a que pertenecen, y caxas de correo por donde se dirige la correspondencia*, do arcediago de Luou José Villarroel (Santiago de Compostela, por don Juan Francisco Montero, 1810). Pero só censou unha pequena parte das existentes, pois das aproximadamente oito mil entidades que menciona case a metade son parroquias, das que por certo non fala o título do libro, baseado na *Dirección General de Cartas*, de Bernardo Espinalt (1775), e no *Nomenclátor de los pueblos de España*, de Floridablanca (1789).

Foi o padre Sobreira a persoa que, até onde eu sei, fixo o maior esforzo para recoller o número e nome das aldeas de cada parroquia. Moitas das “Papeletas Geográficas” son froito dun proxecto consistente en xuntar información variada, áinda que non homoxénea, para as diversas freguesías de Galicia: pode dar razón dos límites, ríos, cultivos, gando, situación da igrexa, capelas, pazos, castros (“romanos”), e das aldeas, en consonancia co que pretendía a Real Academia da Historia co *Diccionario geográfico-histórico de España*, no que colaborou Cornide, e que quedou nos seus comezos. Sobreira coñece os traballos xeográficos de Cornide, tamén consultou documentación de Celanova —interesado principalmente pola toponimia—, e pola súa condición de bieito pasou tempo nese mosteiro e no de Ribas de Sil. As parroquias das que logrou datos más abundantes están situadas en comarcas de Ourense, polas que andara (nacera, como é sabido, en Beade), na Ulloa, e na cidade de Santiago e terras occidentais.

O traballo de Sobreira ten interese para o estudo do hábitat e tamén da topónimia, pois adoita transcribir o nome das aldeas en galego, incluíndo o artigo cando é o caso, unhas veces antes do nome, outras despois e entre parénteses: “Seyxo (o)”, “Ferrís, (os)”, “Cerdeyriñas, (as)”. Na freguesía de San Cosme de Cusanca, por exemplo, entre os lugares que relaciona están “Foxo do Cabirto”, “Sagada” (“con la capilla de San Bartulameu” /sic/), “A Irexo” e “Su a Irexo”, cos regos “do Porto de Laceyra”, “do Castro”, “da Laxa do Espiño”, “do Gastallo”, “das Coeyras “(ou “Eoyerás”) e “das Lagartelas”; en Vilanova dos Infantes cita “Lugar, (o)”, “Vilanova”, “Arribas”, “Cristal”, “Carfaxiño” e “Santa María de Vilanova”, coa capela na que foi monxa a nai de San Rosendo; na de “Morillós” (“que los naturales suelen llamar



Morillones cuando hablan castellano”), os de “Mourillós”, “Val (o)”, “Pena Alta”, “Rúa Nova”, “Debesa, (a)”, “Campo, (o)” e “Sigín”; á de “San Joan dafora” /sic/, parroquia radicada na catedral de Santiago, pertencían, entre outros lugares, os de “Nosa Señora da fonte”, “Casaldorto”, “a Ponteprediña”, “a Sen”, “O Avía” (sic, por O Avío), “Ribadeyra” e “A turreyra”. Castelaniza máis a miúdo o nome das parroquias que os dos lugares: escribe “Angeles, Santa María”, con vinte aldeas, todas cos nomes en galego (“Gontá de baixo”, “Gontá darriba”, “Vilanova”, “Su eirexe”, “Argueydos” (Algueidón), coa capela de “San Bras” /sic/. “Vilanova dos Infantes”, “Pont Areas”, “San Joan dafora”, “Rubiáns” ou “Ruibáns”, “Lobeyra”, que alterna con “Lobera”, “Gil”... (RAH, ms. 9-4048, núm. 679 a 1143).

Se o padre Sobreira chegase a rematar o proxecto das “Papeletas Geográficas” coñeceríamos o número de entidades de poboación que existían en Galicia a fins do XVIII, e sería factible cartografalas cos seus nomes, unha tarefa que hoxe non é viable, salvo talvez para a provincia de Ourense. Sabemos, polo tanto, bastante máis das xurisdicións, coutos e parroquias que das aldeas, inexistentes para diversas fontes de arquivo. Só de xeito parcial se pode coñecer a evolución histórica do hábitat rebuscando aquí e acolá algunha documentación que informe, sempre para espazos reducidos, do número de lumes non por parroquias e partidos, senón por lugares. De momento atopáronse e foron estudiados padróns da Lanzada, Arzúa, Terra de Montes, Sarria, Samos, O Courel e San Clodio (Fernández Cortizo, 1994; Saavedra, 1998; Fernández González/Sandoval Verea, 2011).

O “esquecemento” das aldeas, pola mesma dificultade de ter noticia precisa de todas, trasladouse á toponimia dos mapas do século XVIII. Os das dioceses de Lugo, Mondoñedo, Ourense e Tui incluídos na *España Sagrada* dos padres Flórez e Risco, o de Cornide e os que utilizou Tomás López para gravar o do Reino en 1784 conteñen bastantes topónimos e significan un avance moi grande no coñecemento e representación do territorio, pero, á parte dos principais camiños, ríos e accidentes do relevo, localizan con preferencia freguesías, máis ca lugares, que só adoitan aparecer por razóns concretas, como a de celebrar unha feira. Se o labor de Cornide no eido da cartografía de Galicia é coñecido desde tempo atrás, nos últimos anos a súa estatura intelectual foi agrandada por diversos estudiosos. Entre 1762 e 1766 traballa no mapa do Reino de Galicia e nos de diversas dioceses; viaxa polo país

e logo por outros territorios da península reunindo información variada; debuxa algunas rutas e redacta o manuscrito “Reyno de Galicia. Aparato y materiales para una descripción de dicho Reyno”, un texto dedicado principalmente a clasificar as parroquias por arciprestados e por dioceses, áínda que no caso da de Tui se ocupou tamén dos lugares de cada freguesía (Biblioteca Nacional de Madrid, ms. 1789). Non obstante, a súa cartografía ten unha parte substancial “de gabinete”, pois está elaborada con datos que lle achegan moitos correspondentes: cregos e membros de ordes relixiosas, amigos que habitaban en diferentes parroquias, os intendentés e oficiais ás súas ordes, que gardaban todo o material do Catastro e as medicións dos enxeñeiros de camiños. A Intendencia e os enxeñeiros fixeran polo menos dous mapas con procedementos técnicos modernos contra 1760 (Abascal/ Cebrián, 2009; Manso Porto, 2010-2011).

Os mapas dos bispedados de Ourense e Lugo rematounos Cornide en 1763, o de Mondoñedo en 1764 e o Reino en 1766, e áínda que o correspondente á diocese luguesa que publicou Risco é o que lle remitiu en 1768 o prelado Sáenz de Buruaga, nel está a man do ilustrado coruñés, quen realizou tamén a primeira minuta do de Tui, elaborado finalmente polo pintor aviense Rosendo Amoedo, proba de que a cartografía conservaba entón moito de pintura: un mapa tiña que “falar ós ollos”, e presentar unha realidade embelecida. É o que fai Amoedo no cadro da vila de Ribadavia e arredores: unha imaxe idealizada da súa pequena patria, unha vila fermosa, asentada no medio dunha paisaxe na que non hai deformidades nin irregularidades; a vila parece un gran pazo no medio dun xardín (Vigo, 2011). O coñecido mapa de Galicia dividida en sete provincias de Tomás López está feito en boa medida coa información achegada por Cornide, pois López é o prototipo de xeógrafo de gabinete que acumula materiais antigos e modernos para localizar con precisión as poboacións, ríos, rutas e accidentes xeográficos. No caso de Galicia cometeu bastantes deficiencias no tocante a distancias, localizacións, identificación de topónimos, das que se laia Cornide na correspondencia cos seus colaboradores. Ó final, de todo este novidoso acervo cartográfico, o mapa da diocese de Lugo é o que máis topónimos recolle, polo propio número das parroquias e por localizar algunas aldeas, pero tamén ten moito mérito o mapa do Reino que realizou Cornide, inédito até hai poucos anos (López Gómez/Manso Porto, 2006).

A *Descripción circunstanciada*, cartas náuticas e planos da costa, de Cornide, si son resultado dun traballo de primeira man de medicións e descripción que lle permite proporcionar información abundante sobre fortificacións, características dos portos e perigos a que están sometidos, unha clase de datos de orientación principalmente militar (Cornide, 1991). Os intereses militares e estratéxicos están, por certo, detrás da primeira cartografía científica europea, e por iso para as costas e portos existen moitas más representacións en forma de mapas e planos que para o interior, salvo cando se trata de terras de fronteira. Este desequilibrio é en Galicia moi evidente, segundo pode comprobarse en diversas publicacións dirixidas por Alfredo Vigo.

A “constitución” do “derramado” Reino de Galicia creaba grandes dificultades ás persoas que trataban de facer descripcións e levantar mapas fidedignos. Pero non faltaron os optimistas, e entre eles sobresae o padre Sarmiento. “Observador itinerante”, segundo acredita nas viaxes de 1745 e 1754-55, estaba moi interesado pola xeografía por varias razón: porque a consideraba “os ollos da historia” (*“el que no estuviese bien instruido en la geografía de un país, en los tres estados dichos / antiguo, medieval e moderno/, ni entenderá los autores romanos, ni los escritos de la media edad, ni los escritores modernos”*) e porque as descripcións minuciosas de territorios pequenos constituían información esencial para a lingüística, a arqueoloxía, a historia natural e a política (Reguera Rodríguez, 2006).

Sarmiento é un coleccionista de mapas, en particular dos de autores franceses, porque lle permiten coñecer o mundo sen saír da súa cela. Está interesado polas medicións, e xa que logo pola aplicación das matemáticas á cartografía. Redactou doce pregos e medio —pouca cousa para el— que tratan do *“Problema chorográfico para describir Galicia con un nuevo método”* (Sarmiento, 1996), nos que ofrece solucións en apariencia doadas para elaborar unha cartografía científica do Reino: Fisterra e Ortegal servirían de puntos de apoio ou de eixes básicos, o primeiro como meridiano e o segundo como paralelo, para establecer a posición das poboacións, altura, lonxitude. Para rematar o *“grandísimo mapa que se ha de formar”*, propoñía logo facer observacións desde vinte puntos altos que *“abrazan toda Galicia”* e deseñar mediante rosas náuticas adaptadas *“los ocho rumbos verdaderos para arreglar las medidas itinerarias”*. Gustaba de contemplar as paisaxes desde cimas e nunha das

viaxes quedou admirado das vistas que ofrecía a serra da Capelada e tamén as que se dominaban desde o monte Poares, onde o mosteiro de Celanova tiña a súa neveira: “*Desde allí descubrí un vistoso y muy espacioso horizonte (...). Supe en la dicha altura de Poyares que allí mismo habían estado los ingenieros que por orden superior iban demarcando la línea y raya por donde habían de cortar las tijeras lo más meridional de Galicia para desmembrarlo de aquel reino. Con la décima parte de lo que se gastó en esa increíble y disparatada tentativa pudieron los dichos ingenieros haber hecho una descripción general de todo el reino de Galicia y sus confines (...), poniendo en ejecución mi metódico arbitrio*”. Refirese o bieito pontevedrés ás negociacións entre Fernando VI e João V de Portugal para arranxar o asunto da colonia de Sacramento, que nalgún momento se pensou facer cedéndolle a Portugal unha parte de Galicia.

Sarmiento quere valerse das matemáticas e de varios instrumentos científicos para calcular con precisión a situación das poboacións de Galicia, pero é alleo á triangulación xeodésica que se estaba a empregar en Francia e o método que propón para coñecer e describir o territorio, baseado na súa propia experiencia viaxeira —á parte de cruzar o país andara a costa desde Camiña a Ortegal— e en tratados de hidroloxía, é bastante simple: un equipo de seis persoas, dirixido por un galego “*que fuese físico, historiador natural, botánico, anticuario, historiador y apasionado por su lengua gallega, con una mediana tintura del dibujo y de las matemáticas*”, e que tería un segundo que “*podrá ser castellano o de otra nación, pero de oficio ingeniero, docto en las matemáticas y con afición a la historia natural y que sepa dibujar con presteza*”, ós que acompañarían un amanuense e tres mozos (un cociñeiro, un coidador das cabalerías e un arriero, que “*ha de ser arriero gallego, que arree una grande y robusta mula gallega...*”), e provistos de diverso instrumental (estoxos matemáticos, agulla de marear, barómetro termómetro, hidrómetro, anteollos de longa vista, táboas trigonométricas, astrolabio e cuadrante e, claro está, resmas de papel), andarían todo o país seguindo o curso dos ríos.

A expedición empezaría o percorrido pola costa, facendo as oportunas medições e debuxos, pero desde as diversas rías debería chegar “*hasta la fuente original de su río capital*”, subindo por unha orela e baixando pola outra, e a operación repetiríase con todos os afluentes dos ríos principais e cos regos tributarios dos máis pequenos, de xeito que, poñamos por caso, cando a pequena tropa viaxase pola

cunca do Navia tería que subir até a serra do Rañadoiro e pola parte dereita seguir o curso do Cervantes e dos seus afluentes, Tournal, Noceda, Brego e Vara; do Quindós, cos de Vilaíz e Donsal; do Canlacia, do Mosteiro e do Rao, do que é tributario o Balouta; do Ser, subindo a Piornedo; dos regos de Villarpandín e Vallo e de moitos outros dos concellos de Pedrafita, Becerreá, As Nogais, Cervantes e Navia de Suarna. Pola orela esquerda sería obrigado examinar o río Suarna, afluentes e subafluentes: o Lamas, Ranside, Castosa, Córneas, Castelo..., o que non se podía facer sen andar boa parte dos concellos de Burón e Baleira. Sarmiento non coñecía os ríos galegos tan ben coma Río Barja (sería pedirlle demasiado para a época), e se ó arbitrio que descorreu non lle faltaba certo fundamento, os obxectivos propostos non podía levalos a termo un só grupo, obrigado a acompañar, pola esquerda e pola dereita, o curso dos dez mil ríos de que falaba Cunqueiro, e polo tanto a visitar, describir e debuxar case todas as entidades de poboación do Reino, dada a dependencia que os asentamentos teñen da auga: “*No hay en todo Galicia ciudad, villa, pila, anexo y lugarcillo que no tenga, o por el medio, o por un lado u otro, a corta distancia, mar alto, ría, río, riachuelo o arroyuelo de alguna fuente o lago. De esto se infiere que caminando por todas las orillas de agua salada y dulce, que es el fundamento de mi arbitrio, serán muy pocos los lugares que no se pisen, o que no se puedan señalar por reducción de quedar a la vista, y que hagan completa la descripción de Galicia*”.

A viaxe permitiría describir a costa, cos seus recursos pesqueiros, entre eles os monopolizados indebidamente en canles e ostreiras de diversos señores; os ríos, coas pontes e barcas que permitían atravesalos (debían desaparecer as barcas substituídas por novas pontes); os mosteiros, granxas, ermidas e outros edificios relixiosos; todo o tocante á historia natural, á “*larga provincia*” da botánica e á minería, e no referente á xeografía os “pelegrinos” debían anotar “*el sitio de todos los lugares grandes o pequeños aunque sólo sean de dos o tres casas, como tengan nombres. Y aunque sea una casa sola si es como solar o palacio o casería de algún solar conocido*”.

O padre Sarmiento quere mellorar a cartografía recorrendo ós novos adiantos matemáticos e instrumentais, pero a xeografía descriptiva que propón ten moito de corografia —palabra que aparece no título do seu texto—, de observación intensiva de pequenos espazos cos que el mantiña unha particular relación persoal de pertenza. A cartografía científica e a xeografía afectiva non son inimigas; ó revés,

xuntadas ambas as dúas sería doado “*formar un grandísimo mapa de Galicia que no tenga igual en los libros, en cuanto al exacto, cierto, universal, individual, sin que ningún sitio se coloque a bulto en dicho mapa*”. No mapa que el quería ver feito figurarían todas as aldeas, pois non había lugar sen nome.

## 8. O CATASTRO DE ENSENADA: O FISCO REAL NAS CASAS DE MORADA E NOS AGROS

A Sarmiento interesábanlle os “sitios” ou lugares, as paisaxes afectivas, a lingüística, a historia natural e a botánica, pero non desde logo os patrimonios particulares, salvo os dos mosteiros na medida na que podía defendelos. Para o “grandísimo mapa de Galicia” que quería facer, as pescudas do catastro de 1749-53 de nada valían. A caudalosa información das diversas operacións da Única non lle atangue e parécelle mesmo inútil, e inclusive perniciosa, principalmente porque os subdelegados tiveron o atrevemento de medir as terras do estamento eclesiástico, entre as que figuraban nun lugar destacado as dos mosteiros bieitos, que segundo el só conservaban “*unos pocos terrones*”, por causa do latrocínio dos leigos, que é o mesmo que dicir dos fidalgos.

O bieito pontevedrés rexeita o catastro xustamente polo que ten de novedade. Non se trata só do asunto da medición das superficies e da avaliación da producción dos bens do clero, e do cómputo das rendas que cobraba cando estaban cedidos en foro, que era o que pasaba en Galicia, salvo no litoral cantábrico, onde predominaban os arrendos. Relacionada con isto estaba a cuestión do modelo tributario, que para el debía estar baseado en criterios demográficos, como viña acontecendo, antes que nas valoracións precisas dos patrimonios. Os membros da Administración real podían tomar en consideración as diferenzas sociais á hora dos repartimentos, pero para iso non era preciso medir as leiras de cada veciño, e ademais os males do sistema estaban causados polos cobradores de unllas longas que tiñan establecidos verdadeiros fielatos entre os pobres contribuíntes e o Rei. Desde estes presupostos, Sarmiento está en contra da “xeografía dos propietarios” do catastro, pois nas descripcións que quere ver realizadas caben moitas cousas, pero non hai sitio para os patrimonios persoais.

As preguntas feitas ós veciños sobre se teñen ou non bens de calquera clase “*son ridículas y efímeras, pues cada año y aun cada mes y cada día pasarán esas respuestas de verdaderas a falsas y a nulas. Eso no toca a la Geografía, que debe atender al terreno, no a los hombres, que son caducos mortales, alterables y que numquam in eodem statu permanent*”.

É necesario coñecer o terreo e as colleitas dun lugar, pero non se as persoas que as consomen son ricas ou pobres. Non se interesa por cada veciño en particular: “*sólo me entiendo con el lugar en común y con todo su territorio parroquial*” (Reguera Rodríguez, 2006).


Polo menos desde mediados do século XVI os oficiais da Administración real e municipal estaban habituados a facer veciñanzas, a indagar os “tratos, labranzas e crianzas” das familias e a realizar estimacións do valor dos patrimonios de cada cabeza de casa. Pero un catastro é, en termos cualitativos, un instrumento fiscal moi diferente dunha elemental estimación do valor dun patrimonio: pola finalidade que busca, polo procedemento para a súa elaboración e pola clase de información coa que debe contar (Touzery, 2007; Zangheri, 1980). A decisión de catastrar un territorio significa que o poder político que a toma ten a vontade de minorar ou rematar cos privilexios fiscais de tipo estamental recorrendo a un instrumento obxectivo que toma en consideración os bens e non a calidade da persoas, e para iso é preciso acadar un control completo do espazo agropecuario: medilo, cartografalo, valorar a produción con criterios homoxéneos, atribuír os dereitos de propiedade das diferentes parcelas. Unha clase de operacións que teñan pouco que ver coas estimacións tradicionais anteriores, referidas a colleitas, gando, riqueza global dunha familia. Un catastro é un parcelario, e nel deben figurar as leiras e tallos coas súas medidas xustas, forma (representada), localización, lindes, dedicación, rendemento, propiedade e cargas e pensións. Dado que non era posible comparar o volume de cultivos moi variados, como a herba, o toxo, o viño, os nabos, o liño, os diversos cereais, as castañas..., o valor das colleitas anuais había que estimalo en termos monetarios. O valor monetario da produción agropecuaria e das rendas quedaba convertido nun indicador homoxéneo que permitía clasificar as terras e as reses e xerarquizar os ingresos das familias que terían que pagar a nova contribución.

Outra novidade do catastro de Ensenada, que a miúdo ten pasado desapercebida, é que as operacións foron dirixidas por persoas alleas á comunidade rural,

cousa que non sucedía nas estimacións anteriores, realizadas polos propios veciños e polas autoridades locais. O xuíz ordinario, e cando non o pedáneo, e o cura tiñan noticia da data na que se ía presentar na parroquia o subdelegado, na compañía dun escribán, de amanuenses e dun perito forasteiro; unha comisión vecinal, á que o reitor da freguesía era de oficio convidado a incorporarse, nomeaba un segundo perito taxador.

O poder político debía ter a determinación de introducir cambios no sistema fiscal, aínda coa oposición dos estamentos privilexiados, e contar cos medios técnicos e coa infraestrutura persoal para levar adiante as operacións mencionadas. A Real Xunta da Única Contribución (“catastro” é palabra “vulgar” que se usa para Cataluña, pero que non figura no dicionario da Rea Academia Española até 1780) ordenaba que os veciños presentasen por escrito unha relación minuciosa dos bens que posuían e logo a comisión correspondente comprobaría sobre o terreo a veracidade das declaraciós, controlando cada parcela. En Galicia este procedemento non se respectou, polo menos de xeito sistemático, pois os labregos eran incapaces de escribir e aínda de entender as instrucións en castelán. A organización do hábitat, a ausencia nas parroquias de autoridades municipais, o dominio da oralidade nas comunicacións e o descoñecemento do castelán constituían barreiras que as diversas comisiós tiñan que vencer para catastrar o territorio.

Os subdelegados precisaban, desde logo, moita paciencia, pois non lles pasaba desapercibido que a malicia podía disfrazarse de ignorancia alí onde a intensa vida comunitaria se desenvolvía nun contexto de oralidade, nunha lingua allea ó mundo oficial. A ignorancia, real ou finxida, convertíase nun medio de resistencia á introdución dos poderes externos á comunidade. De nada servía que algún comisionado, con vistas a adiantar traballo, imprimise formularios para que os veciños presentasen as relación de bens: non entendían os asuntos polos que se lles preguntaba sobre cada parcela. Así que o *modus operandi* que se seguía no interior da Península non valía en Galicia, un Reino de máis de tres mil parroquias, “*pobladas de rústicos pobres labradores, en donde apenas el cura sabe escribir y no hay quien entienda los términos de la instrucción, y así están confusos hasta que llega el subdelegado, y les conmina con multas y apremios*”. Entón, vendo que as cousas van en serio, “*concurren a pelotones los labradores, y en atropellamiento, llorosas y afligidas las mujeres, clamando que*



*les falta aun el papel, quien les escriba y quien les mida las tierras y quien les dirija la formación /da relación de bens/”.*

E como nesas situacións non resultaba posible distinguir “*la crasa de la sencilla ignorancia, y dicta la compasión socorrer a los necesitados*”, en particular ós pobres “*de inteligencia y explicación*”, era preciso que os propios membros das comisión escribisen os memoriais de bens, unha tarefa que consumía moitísimo tempo e tamén papel porque, a miúdo, cando ía case rematada unha declaración, o labrego podía ter un trasacordo que obriga a romper todo o que xa estaba escrito e a principiar de novo: “*porque el genio tardó y, aunque rústico, bien preavido con que se explican /os labregos/ apura el ánimo, /e/ después de estar feneida la relación salen cun sobreacuerdo que trastorna y desperdicia todo lo trabajado, y si no es a costa de un gran sufrimiento sería intolerable esta fatiga; en cuya impertinencia no es remedio el castigo (...), y así no hay otro /remedio/ que paciencia y más paciencia, hasta conseguir con arte, maña y prudente conducta el real servicio...*” (Saavedra, 2007).

Coñecemos as reaccións duns subdelegados aborrecidos diante dos atrancos cos que tropezaban día tras día e parroquia tras parroquia: a ignorancia real ou suposta dos veciños e as dificultades que tamén creaba unha paisaxe extraordinariamente parcelada, un verdadeiro crebacabezas nas comarcas máis poboadas, non só do litoral e prelitoral senón tamén en moitos dos vales fluviais do interior, como os Ribeiros, Celanova, Navia, a Ribeira Sacra... Ó tempo, para as comunidades rurais tivo que representar un auténtico sobresalto ver chegar de súpeto un subdelegado con varios oficiais, todos descoñecidos, entre os que figuraba unha tropa de pendolistas que se aplicaban en escribir a relación de bens de cada familia, sen que o cabeza de casa fose capaz de saber se o que pasaba ó papel era o mesmo que el declaraba. Sen dúbida esta situación novedosa, que deixaba patente o poder da escritura cando se usaba en medios habituados á oralidade, fixo que os labregos tomasen conciencia do valor da alfabetización, e se o catastro non é a única causa, é desde logo unha das que están detrás do proceso de dotación de escolas parroquiais de ler, escribir e contar da segunda metade do século XVIII.

Os milleiros de parcelas de cada freguesía, de tamaño con frecuencia moi pequeno —até dar ás veces a superficie en copelos e cuncas de 15,5 a 52,5 m<sup>2</sup>—, que había que declarar de xeito individual, con noticia da localización, dedicación,

extensión, calidade e lindes ou confrontacións, completados todos estes datos cun debuxo da forma, facía moi lentos os traballos. A freguesía de Saiar (Caldas de Reis), por exemplo, tiña 20 000 parcelas de cultivos e calidades moi variadas que obrigaron os amanuenses a traballar durante noventa e tres días para escribir 2060 folios; a de Xeve, cun número parecido de parcelas, consumiu dous meses. Para abreviar e simplificar as operacións, o comisario García Serón discorreu o que el chama “método de agros”, unha maneira de recoller a información que se acomodaba á organización da paisaxe agraria de Galicia, estudiada de xeito maxistral por Abel Bouhier (2001/1979/).

Galicia, di Serón, “es muy diversa que las demás provincias” /sic/, o seus más de vinte millóns de ferrados cultivados están repartidos “en concas y puñados, y todas están interpoladas e intermixtas entre innumerables poseedores, que compondrán más de dos mil millones de retazos” /sic/, e por iso resulta case imposible describir os lindes ou confrontacións de cada “minutísima porcioncilla”, pois serían necesarios “millones de millones de renglones”. Ademais, todo este enorme traballo é inútil, porque o único permanente do territorio cultivado dunha aldea son os agros, namentes as leiras e tallos que os compoñen mudan de posuidor dun ano para outro, divídense nas partillas, amécense por compras e trocos, de modo que as confrontacións non serven para identificar unhas terras “transeúntes”. A mobilidade dentro dos agros era continua, circunstancia que tamén impedía atribuír unha renda a unha parcela determinada: “cuyo asunto /as hipotecas/ se gobierna por otras reglas, pues están los foros y cargas sobre confusos y dilatados agros, /e/ los suele pagar el que nada posee y cobrar el que nada tiene”. Antes de que a Real Xunta da Única resolvese sobre o método de agros, García Serón comezara a aplicalo. Como non lle foi autorizado tivo que repetir diversas operacións, entre elas a da freguesía de San Xurxo de Codeseda: os libros de bens pasaron entón de 454 a 4659 folios.

Todas as dificultades mencionadas non impidiron que a fins de 1753 as primeiras operacións do Catastro estivesen rematadas, despois de escribir 15 000 libros entre interrogatorios, persoais e reais. Os libros reais da provincia de Santiago, por exemplo, sumaban 800 806 follas, e os da de Ourense 602 241. Un comisario afirma que o número de parcelas descritas e debuxadas chegaba a 29 000 000, e penso que queda curto; e iso que os montes abertos foron declarados nunha soa partida,

en dúas, tres ou catro, como “emolumentos do común”, áínda que os subdelegados recoñecían que nos de varas cada veciño tiña a súa parte, e que non eran iguais as dos diversos lumes.

A documentación do catastro é ben coñecida de historiadores, xeógrafos e filólogos que se ocuparon de estudar a toponimia menor, caso de Xosé Antonio Palacios para o Concello de Pantón (1981) e de Xulia Marqués Valea para o de Trabada (2006). Non obstante —e isto pode parecer chocante— sabemos pouco do proceso material de realización, de como se fixo na práctica en cada freguesía concreta. A Real Xunta da Única mandaba comprobar sobre o terreo a veracidade das declaración no tocante á extensión e calidade das parcelas, pero penso que en numerosas parroquias non se cumpriron tales disposicións. É lóxico que houbese variacións duns sitios a outros, porque as comisións que traballaron foron moitas, e a comparación da superficie catastrada coa real deixa ver ocultacións moi diferentes de freguesía a freguesía. Para toda Galicia a superficie catastrada é o vinte e nove porto cento da real, pero a fraude é menos do que parece, porque os montes abertos considerados “inútiles por natureza”, improdutivos para todos os efectos, non se tiveron en conta nas sumas finais. Considero, en resumo, que, en non poucos casos, a información foi recolleita “a pie enxuto” e trasladada ós libros sen que as comisión visitasen os agros. O número de parcelas, localización, dedicación e confrontacións son seguramente datos fiables; non así a extensión e calidade, áínda que as cifras globais por tipos de cultivos son coerentes co que sabemos da evolución do sistema agropecuario, que até mediados do XX tiña estaba orientado á producción de cereais, por iso estaba cheo de razón o refrán que dicía que en Galicia a fame entraba nadando (Villares, 1982).


Os debuxos das parcelas e a escasa cartografía que conteñen uns poucos libros son, salvo os mapas de parroquias de Pontevedra, de carácter moi elemental; non houbo un traballo de planimetria, como no catastro de Milán, nin se fixeron mapas por masas de cultivos. Os peritos taxadores eran labregos competentes para medir, valorar e partir terras, pero que habitualmente non sabían ler nin escribir e menos levantar un plano. A Real Xunta da Única mandaba que as medicións as realizasen agrimensores profesionais, e como en Galicia non os había, o intendente Avilés recibiu autorización para acomodarse ó estilo do país, ou sexa, para acudir ós “medi-

*dores de tierras o tasadores de quienes se valen aquí los naturales para sus divisiones de bienes (...), unos puros labradores de buen ojo*”. Un dos peritos que participou nas operacións do catastro no Ribeiro intervén anos despois, chamado polo mosteiro de Melón, nun preito por unhas viñas de San Fiz de Navío, que había que recoñecer. Cando os avogados da parte contraria lle preguntan: “*ya que profesa el arte de tasador y regulador de bienes, /diga/ si es también medidor de cavaduras y ferrados de simiente, en virtud de qué título, qué tasas, mensuras o regulaciones ha hecho (...), si de por sí escribe lo que ejecuta en el asunto...*”, responde con toda naturalidade que “*es práctico en la regulación de medidas de ferrados de tierra en sembradura y cavaduras de viña, y como tal ha entendido en la obperación de la Única Real Contribución por parte del pueblo de la jurisdicción de San Clodio y en otras tasas y regulaciones particulares, pero que por sí no escribe lo que hace, porque no sabe leer ni escribir*”.

As comisións que realizaron o catastro escribiron millóns de folios, pero levantaron moi poucos mapas, e ningún que represente, por exemplo, o parcelario dun agro. Se a iso engadimos que en moitas parroquias parece que as terras non foron visitadas, hai que concluír que os enormes traballos da Única fixeron posible que as autoridades ó servizo do fisco real conseguiran ter un control minucioso, antes nunca visto, dos patrimonios familiares, mais non sempre do territorio, polo que o Catastro non debería chamarse tal. Millóns de parcelas figuraban descritas en millóns de folios; trasladar toda esa información a mapas xa era outra cousa: a paisaxe era tan complexa e cambiante que non se deixaba cartografiar. Os señores sabían ben de antigo.

## 9. OS APEOS SEÑORIAIS: PAPEIS CADUCOS POR OBRA DA MALICIA CAMPESINA

Os comisionados que dirixían as operación do catastro de Ensenada escribían en ocasións que o seu traballo consistía en “apear” todo o Reino, unha maneira de recoñecer que a mediados do XVIII o poder real decidira facer algo que, en certos aspectos, para os señores era habitual desde séculos atrás. O poder señorial exercíase sobre un territorio e sobre as persoas que vivían nel, obrigadas a pagar determinadas cargas. Os límites das xurisdicións e coutos debían estar, polo tanto, ben demarcados, para impedir que un xuíz alleo os violase despois de cruzalos con “vara alta



de xustiza” co propósito de prender alguén ou de levantar unha forca por orde do seu señor. A principios do XVI algunhas disputas por estas competencias levan á mobilización de verdadeiros exércitos privados: en 1534, por exemplo, o conde de Lemos mandoulle ó seu meiriño en Monforte que se achegase até O Incio, porque alí o comendador de Quiroga levantara unha forca: “*An puesto horca o picota en el dicho coto de O Yñcio clandestinamente, por ende vos mando que ayays información de lo susodicho y, si allardes ser así, la derroqueys e quebreys e a los que la puisieron o colocaron los prendays...*”. O meiriño reuniu, para cumplir a orde, uns mil homes: “*bicieron ayuntamiento de mucha gente de pie e de a caballo, harmados de muchas armas ofensivas e defensivas, con mucha artillería, así gruesa como arcabuzes y escopetas, e con otro mucho aparejo de guerra e muchas fornición*”. Tamén actuaron con resolución en 1540 os criados de Oseira, cando viron que o xuíz de Deza, nomeado pola casa de Lemos, levantara unha forca na Pena Gateira para colgar un ladrón famoso: de noite tiraron a forca co home áinda pendurando dela, por entender que estaba na xurisdición do mosteiro (García Tato, 2010; Ferro Couselo, 1952)

Os xuíces ordinarios tiñan a obriga de facer con regularidade visitas ós termos para comprobar que os marcos de xurisdicións e coutos estaban no seu sitio e ben á vista. Estes actos podían facerse con certa solemnidade, convocando os vedraños e mandándolles que levasen consigo os nenos, “*para memoria de lo venedor*”: en 1695 un vello que intervén na demarcación das xurisdicións de Oseira e Dacón lembra como anos atrás subira ó alto da Pena Levada, alzando un lenzo branco nunha vara de varexar, “*y que dijera sirviese de memoria para los que veían y oían y para los ausentes como aquella peña demarcaba la jurisdicción del conde / de Ribadavia/, su señor, de la del Padre Abad*”. Moitas veces pasaban anos e anos sen que se fixesen visitas, até que algúnn conflito obrigaba os señores a presentar as demarcacións antigas e a chamar os vedraños para que identificasen os topónimos e chantos que aparecían na documentación. Cando en 1744 o mosteiro de Celanova quixo demarcar o couto de Louredo, que limitaba con xurisdicións de Oseira e do conde de Ribadavia, sacou do arquivo unha visita de 1564 para lérllela ós cabos de casa de máis idade, que non tiveron maior dificultade á hora de localizar as penas dos outeiros, con cruces e outros sinais como buratos, ferraduras, círculos —talvez petróglifos—, en definitiva, as *petras scriptas* ou “*penedos das letras*”, que consti-

tuían os marcos principais: o outeiro de Chantada, “que es una peña redonda sola y en medio de unas heredades labradías, que hace cola como de milano”; o Cotiño de Bouzas, “que es una peña redonda sola, y junto a ellas otras de su misma corpulencia, en la cual mostraron y señalaron una cruz que representaba mucha antigüedad y otras señales y figuras de hoyos y círculos”; o outeiro “que se llama da Trigariza, o por otro nombre Costiña das Trigarizas”, e o dos Cabaleiros ou de Saceda, “y por otro nombre da Taberniña”. No mesmo ano de 1744, o mosteiro de Meira deslindou o couto de Santa Catarina de Pousada, e para a operación, que levou varios días, citou os curas das parroquias dos arredores, os xuices e veciños. Para que no futuro non quedasen dúbidas, os monxes documentaron a cor e as medidas das penas que servían de marco e o número de pasos que había entre unha e outra.

Ás veces, unha mesma pena ou fonte tiña nomes distintos para os fregueses das diferentes parroquias. En 1781, con motivo dun preito entre os veciños de Simis e Armenteira polos montes chamados de Prado, o abade sacou varios apeos e apuntamentos para que os vedraños puidesen facer o deslinde entre as parroquias: “dando principio al reconocimiento en las peñas que están hacia el poniente de Pena Forxán, que los de Simis llaman Pena da Forca da Loba; desde aquí se pasó en derechura a Pena Forxán, que los de Simis llaman Pedra do Cabalo, y en ella hay varias cruces pequeñas, que los circunstantes aseguraron servir de división para las parroquias de Armentera, Meaño y Simis; desde aquí se pasó en derechura a la Pena do Corno do Cabradoyro; desde allí se pasó en derechura a la fuente de Limoar, en donde se alló alguna dificultad antes de convenir, porque Poio dice Lagoa de Limoar y Armentera Fuente de Limoar (...); desde allí se pasó al principio del Chan de Carballo de Prado, que los papeles de Armentera llaman Pena da Pía, en donde se encontró en una laxa una pila pequeña...”.

As descripcións dos marcos teñen en ocasións unha gran plasticidade, e mesmo parece que o escribán quere que o lector o acompañe no percorrido. O deslinde de 1604 do couto de Vilela (Cangas), do mosteiro de Oia, principia no mar e, despois de pasar por varias pedras e fontes, continúa: “E como ba ao longo de las leyras que quedaron de dicho Rui Costas y a la laxe que está en el camino y allí como corre por el lombo do Souto a dar en los ballos de la cancela (...), y allí ba a dar abajo en la cabeza de Ponte de Fontes y de allí va corriendo al Sope por el río abajo a entestar en la

*Gándara de Tirán y como ba partiendo con la sincura hasta dar en el padrón del Valle y de allí abajo a dar en el río de Sevilla asta dar en la mar”.*

Se deixaban pasar os anos, demarcar xurisdicións e coutos podía ofrecer inconvenientes, debido á mesma complexidade da división do territorio: o monxe de Celanova que gobernaba o priorado de Verín en 1705 dicía que o mandaran a Galicia a “*remar en un mar de pesadumbres y dificultades que traen consigo los pleitos entre términos de lugares, donde se suelen dar tantos golpes como allá /no mar/ palos al agua*”. Pero o que resultaba verdadeiramente traballoso para os señores era apear os bens cedidos en foro, identificando cada parcela e acreditando o dominio sobre ela. A nobreza e as institucións eclesiásticas tiveron que facer ó respecto grandes esforzos e crearon unha abondosa documentación que, cos libros de foros, de prorranteos e coas demandas “de reivindicación”, permite coñecer un pouco da evolución da paisaxe agraria e unha boa parte da toponimia menor, que pode cambiar co tempo. Os fondos dos mosteiros en particular conservan centos libros de apeos e de foros, debido á súa condición de titulares do directo dominio de dilatados patrimonios que era necesario defender da cobiza dos fidalgos e da malicia ou raposadas dos labregos. Cando na segunda metade do XVI a Congregación de Castela e a de San Bieito, nas que tiveron que entrar pola forza os cistercienses e os bieitos galegos, comenzaron a funcionar con regularidade promulgaron diversas normas de obrigado cumprimento en cada cenobio, e que trataban, entre outras cousas, dos arquivos e dos medios para conservar e administrar o patrimonio.

A fins do XVI, os abades reciben orde da respectiva Congregación de crear o cargo de arquiveiro e de apear de cada poucos anos os bens, para evitar as perdas de facenda. Os mosteiros de Oseira, Melón, Meira, Oia, Montederramo ou San Martiño Pinario organizan os seus fondos documentais a principios do XVII, obedecendo os mandatos dos visitadores. Nunha época na que todas as administracións —a real, a eclesiástica e a señorial— se ían burocratizando, encomendadas a persoas coñecedoras das leis e de contas —antes o criterio de elección era a fidelidade de vasalo a señor— e na que o dereito ocupaba un lugar fundamental para resolver os conflitos, entre eles os que tocaban á propiedade, os papeis dos arquivos adquirían unha importancia extraordinaria para probar dominio sobre a terra e sobre outros compoñentes do patrimonio. A antiga observancia ou inmemorial posesión consti-

tuía tamén proba admitida nos tribunais, co mesmo valor que un privilexio rodado, pero as institucións e as familias dos estamentos privilexiados non atopaban moitas veces vedraños dispostos a declarar ó seu favor, de modo que nos preitos entre señores e concellos de veciños os primeiros botan man dos papeis dos propios arquivos e os segundos invocan o costume, a tradición real ou inventada por eles, pois, cando interesaba, unhas cantas testemuñas postas de acordo podían “crear” usanzas que os favorecían.

Os monxes encargados de poñer orde nos arquivos sabían ben que estaban preparando as armas para saír airoso dos continuos litixios que tiñan diante da Real Audiencia e na Chancellería de Valladolid. Frei Martín de Ordóñez, que redacta a principios do XVII o tombo de Oia, pasa gustoso mil traballos para ler e clasificar unha a unha as escrituras, moitas delas *“maltratadas y deslavadas, gastadas y destruidas, que sin mucho trabajo y aun con él no se puede sacar de ellas cosa de provecho”*, porque os tempos fan preciso ese labor: *“así ahora, por nuestros pecados, todos o los más tratan de despojarnos y llevarnos lo que con tan larga mano los fundadores nos dexaron, y ha venido a tanta miseria este negadío que buscando las armas con que nos defender y mostrar nuestro derecho y justicia, que son las donaciones, privilegios y otras escrituras antiguas, no se hallan....”*. O relixioso aconsella ós abades que traten con tino os foreiros: *“Espanta ver cuan ruines vasallos y cuan contrarios han sido éstos a este monasterio, después que entró en la observancia (...). Y así conviene andar con mucho tiento con ellos, que aunque es verdad que ayudando Nro. Señor y la verdad y la justicia, el monasterio después de tanto pleito, gasto y guerra, está ahora en la pacífica posesión, con todo eso es bien no los exacerbar, particularmente con malas palabras, que las sienten los gallegos más que ninguna otra nación....”*. A paz non durou moito, xa que un século despois outro monxe escribía que *“es imposible que la xente desta jurisdicción viva sin tener pleitos con el convento, por su soberbia”*, e con motivo dalgúnha declaración, *“todos vomitaron el veneno que tenían en sus pechos”*.

Os papeis dos arquivos eran as verdadeiras armas dos señores para a defensa do patrimonio, por iso en diversos preitos ruidosos os avogados dos concellos de veciños poñen en dúbida a autenticidade das escrituras que presentan aqueles, afirmando que son fabricación para o caso: a fins do XVII o mosteiro de Celanova tivo que facer unha información *“en aprobación del crédito y autoridad de su archivo”*,


despois de que os foreiros de Refoxos, durante un conflito que desembocou nun verdadeiro levantamento, negaran o valor de certas probas documentais. A comunidade argumentou que o arquivo, pechado e debidamente custodiado, sempre foi considerado “público” e que os documentos que se sacaban del gozaban nos tribunais de “*entera fe y crédito*”. Gañou o preito, pero as sospeitas deixaron algo mancados os monxes, e en adiante calquera visita ó arquivo se facía con escribán que daba fe das sucesivas portas que era preciso franquear até chegar ó cuarto dos documentos.

Oia e Melón tamén tiveron esa clase de problemas. O primeiro xa na década de 1520, cando os vasalos retrucaron que un pergamo presentado nun litixio parecía moi novo para a antigüidade que lle atribuían os monxes, e Melón a mediados do XVIII, con motivo dunha demanda para recuperar uns bens no Ribeiro. Os avogados dos foreiros remexeron o que puideron para buscar contradicións entre as escrituras do arquivo monástico, de maneira que os relíxiosos víronse obrigados a contratar unha persoa competente “*para desvanecer las máquinas que se fomentan*”, cousa que conseguiu, argüindo que os papeis das comunidades “*son apreciables y merecen fee en juicio (...), y teniendo a su favor la observancia, es ocioso, es quimera y es ridiculez, es mala fee y no segura conciencia objetarlos para que no prueben; atraviésase en hacerlo el honor de una comunidad respectable, a quien por lo que se dice se le da por extraaviada de la oración y dedicada por muchos tiempos a mantener una fábrica de falsedades*”. Claro que os propios monxes acusaron tamén en ocasións os fidalgos de falsarios, e parece que ás veces con razón: os de San Clodio sostiveron un longo preito cos Boán, para recuperar o couto de San Xoán de Abruciños, e a principios do XVIII acusaban a Juan Fernández de Boán, cura de San Martiño de Vilarrubín un século antes, de “moldear” o libro tombo da familia engadíndolle escrituras que el inventara. O crego era un grande “anticuario”, pero os peritos do mosteiro axiña advertiron que un documento datado a fins do XIV tiña que ser moi posterior, pois “*la corruptela de llamar Abades a los Curas de las yglesias parroquiales de aquel parage tubo principio algunos siglos después...*” (Bouza Álvarez, 2009; Ferro Couselo, 1972).

O padre Sarmiento afirmaba na década de 1760, ó tratar da “mamarrachada dos foros”, que os abades casteláns que gobernarán os mosteiros galegos desde as

violentas reformas de 1490-1550 fixeran foros disparatados, porque non entendían as escrituras antigas que estaban en galego nin a natureza das relación agrarias. No entanto, o certo é que os monxes que realizan os tombos e apeos de fins do XVI e principios do XVII son case todos de fóra de Galicia; máis en concreto trátase dun grupo reducido de relixiosos, capaces de ler os documentos dos arquivos e que van dun mosteiro a outro, como o mencionado frei Martín de Ordóñez, que profesara en Valbuena e traballou primeiro en Armenteira e despois en Oia, convidado polo abade. Todos se queixan de que a humidade e os ratos estragaron moitas escrituras e outras foron empregadas no guarnecido de libros e até para “*farsas e invenciones*”, perdas que fan saltar as bágoas. Estas dificultades non lles impiden copiar *verbo ad verbum* aqueles documentos que lles parecen fundamentais como probas de domínio —doazóns, bulas pontificias, determinados foros— e facer un resumo de cada unha das outras, e confeccionar tombos nos que copias e resumos se clasifican con criterio topográfico, por priorados e parroquias, o mesmo que teñen os caixóns do arquivo para que cando exista un preito nun sitio determinado sexa doado buscar os papeis probatorios. O esforzo que requiría esa ordenación documental era enorme, pois había que identificar todas as escrituras pertencentes a unha explotación, a unha leira e a calquera outro compoñente do patrimonio (décimos, presentación de curados, xurisdicións e coutos). Pero os monxes traballaban para a eternidade: nos tombos, en cada foral figuraban os documentos referidos a el e logo un espazo en branco no que no futuro se irían anotando os cambios que se producisen, de modo que “*con esto se conseguirá el fin que se pretende, que haya luz y claridad de la hacienda y que este tumbo dure muchos años, y si es posible para siempre*”.

Ó revisar unha a unha as escrituras dun arquivo, os relixiosos vanse decatando de que nas doazóns e foros antigos figuran moitos bens polos que agora deixaran de cobrar rendas, e quéixanse moi a miúdo das perdas de facenda. O autor do voluminoso tombo de Melón, de 1611, despois de copiar *verbo ad verbum* numerosos documentos e de dar razón exhaustiva de todos os foros das diversas granxas, fai continuas referenciais ás minguas do patrimonio, por descoido dos reitores do cenobio: “*véanse los foros antiguos que quedan atrás, y se verá como agora anda mucho dello ocultado y perdido*” (Carballeda de Avia), ou: “*Mucha hacienda tenía este monasterio en el valle de Avión, que por no haber visto las escrituras de pergaminio antiguas y por*



*haberse hecho foros de foros se ha perdido gran parte della, y la que queda es muy poco, y cada día se va perdiendo más”.*


Para os autores de tombos o galego non podía ser unha lingua estraña: nela estaban escritos moitos documentos que era preciso entender para copiar ou resumir; os topónimos de lugares, casais, leiras e tallos, montes, fontes e regos constaban nos foros e compravendas e resultaban fundamentais para identificar un patrimonio que poucas veces estaba acoutado, senón máis ben mesturado co doutras institucións e co propio dos labregos. De feito, unha parte das escrituras reproducidas *verbo ad verbum* están en galego —no tombo de Melón sobre todo, tamén nos de Oia—, áinda que a transcripción non sempre parece rigorosa.

Un tombo facíase cos documentos que obraban nun arquivo e para os apeos as escrituras de foros, doazóns e compravendas tamén eran necesarias, pero non suficientes: os señores tiñan que contar coas declaracíons de labregos que coñecesen a ciencia certa os bens. Os apeos ou inventarios do patrimonio material e inmaterial realizábanse habitualmente coa autorización da Real Audiencia e, se non aparecían contradicións, tiñan o valor probatorio que lles daba o seu carácter público e o feito de ser, de modo tácito ou explícito, aprobados pola comunidade na que se situaban as terras afectadas. Salvo cando se trataba de lugares acasarados, que chegaba con deslindalos, desde a segunda metade do XVI é habitual que se identifique cada parcela, sinalando o sitio en que está, as confrontacións, superficie e dedicación, áinda que a medición sexa aproximada (“poco más o menos”), e para as demarcacíons o dato fundamental veña dado polo nome dos posuidores da terras limítrofes coas que “entesta”, “enfonda” ou “compete” a apeada.

Para toda esa información, e para que o apeo fose logo “proba de dominio”, os señores necesitaban a colaboración duns veciños que non sempre estaban dispostos a prestala. O autor do tombo do mosteiro de San Clodio foi quen de cruzar unha chea de escrituras “*para que cuando alguna cosa se negare, que cada día suscede, sepan /os arquiveiros/ el foro y apeos que tiene el monasterio para defender su hacienda*”. Non obstante, arredor de 1600 os monxes de Leiro atopaban grandes atrancos para actualizar os inventarios se non contaban nas granxas con “*algunos paniaguados (...), que puedan dar luz, porque esto en ninguna manera se puede hacer por especulación, sino que ha menester /o relixioso granxeiro/ preguntar*”. En moitos sitios

era imposible apesar todo o que figuraba en documentos antigos e agora andaba negado. No priorado da Grova nin sequera un receptor da Audiencia tivo éxito, despois de intentalo tres veces: “*En esta tierra —declara aborrecido un monxe— he hallado por experiencia hay mucha facilidad en negar la hacienda que es del monasterio, haciéndola diezmo a Dios, y, dado caso que no la hagan, muchas veces no pagan bien (...). Y así hay grandísima necesidad de poner remedio en esto, y no sé cuál pueda ser*”. Quedaba a ameaza das pauliñas e excomuñóns, pero producían escaso efecto: “*he hallado muy pocos escrupulosos*”. Había que informar os oidores do Real Tribunal da impotencia dos monxes diante da actitude dos labregos, resoltos a negar o que figuraba en documentos antigos: “*no es razón que ahora la pierda /a facenda/ por malicia de los que la quieren negar, por no hallar /o mosteiro/ testigos que la digan, que si en un lugar hay treinta vecinos y los veinte y nueve quieren ocultar cada uno la parte que lleva mal se podrá hacer probanza a favor del monasterio*”.

Cando os bens ían cedidos en foros proporcionais os señores non podían descoñidarse, pois non só tiñan que controlar o volume das colleitas para cobrar a cota correspondente; era preciso acreditar ben a identificación de cada unha das parcelas que pagaban do terzo ó sexto: se un foreiro conseguía que unha leira “desaparecese” cesaba de contribuír. Por iso os donos do directo dominio non deixaron de matinar sobre as vantaxes e inconvenientes das rendas fixas e proporcionais. As primeiras cobrábanse sen custo e ”*sin zozobra*”, pero non se beneficiaban dos aumentos da producción. As fixas si marchaban en consonancia cos cambios no sistema agrario, só que se prestaban á fraude. Con todo, no caso dos viñedos mantivérонse con frecuencia os foros proporcionais: o feito de que a vendima se realizase en poucos días, e en datas autorizadas polos señores, permitíalles a estes contratar mordomos que coidasen de que os labregos pagasen os cestos que figuraban nas escrituras e que fosen tan cheos e con tan boas uvas coma os que levaban para as súas bodegas. Todo coidado era pouco, dicía a principios do século XVII o monxe de San Martiño Pinario que administraba o priorado de Beiro: “*si hay dos hombres, de bien hay cuarenta ruines y muy ruines y de poca conciencia*”, e outro relixioso de Sobrado, destacado en San Martiño do Porto, tampouco tiña boa opinión dos foreiros: “*este priorato está en manos de piratas*”, avisaba (Fernández González, 1995).



Os atrancos que atopaban as institucións eclesiásticas e as familias da alta nobreza para levar control duns patrimonios nos que se mesturaba o material e o inmaterial, e que tiñan as terras moi espalladas, non bastaron para impedirlles facer centos de apeos desde mediados do XVI até a década de 1670. Nese século longo, sobre todo entre os anos que van de 1560 a 1640, cando se burocratizou a administración dos dominios, a actividade de arquiveiros, priores e mordomos non coñeceu descanso, xa que os apeos foron seguidos de milleiros de demandas de “reivindicación” para que as familias labregas recoñecesen o dereito dominio dos bens que viñan traballando, e do outorgamento de novos foros a favor dos cultivadores que se amosaban dispostos a pagar unha renda determinada. Esta enorme masa documental, formada sobre todo por libros de apeos e de foros, deixa ver unha paisaxe moi parcelada no litoral e vales fluviais e outra na que os casais conservan aúa integridade, principalmente na montaña luguesa. Os apeos e forais de Oia realizados entre 1590 e 1630, por exemplo, mencionan decote leiras e tallos, que entestan e enfondan cos doutros poseedores. Nos do mosteiro de Penamaior, en troques, figuran lugares acasarados e tamén moitas parcelas soltas, pero de maiores dimensións e ás veces ben demarcadas. O apeo que esta comunidade realiza en 1652 na parroquia de Cascallá e limítrofes contén unha grande abundancia de topónimos. Como mostra transcribo o deslinde dunha parcela: “*Otro tarreo llamado do Couso de Donares /Don Ares/, que llevará en sembradura tres fanegas de pan, y demarca de la cabecera en los Passodoiros y a la orilla del Carballal avaxo, y de allí va a dar a las mestas do Couoso, camina rego arriva a la fonte de los Arroxos derecho al careo que está ó Chao do Couso y compete en el camino francés que viene del val de Oselle y de la otra en heredad de Foncova (...), y llega junto al molino biexo beiras do carballal arriba y de la otra llega al rebelo do Penedo y al marco do Carballo edrado y a la cancela de Rudiz....*”.

O topónimo —ou “sitio”—, xunto coas medidas e lindes, viña sendo o principal signo para saber de que casal ou parcela falaban os apeos e foros. Por iso na documentación señorial se lles presta tanta atención ós nomes de casais, leiras, tallos e montes, non só no corpo das escrituras, senón nos índices dos libros de foros, de apeos e rateos. Así, de resultas do ruidoso conflito que tivo cos veciños de Refoxos e Paizás, o mosteiro de Celanova redactou contra 1690 un minucioso inventario

da toponimia menor das labransas e montes aforados ós preiteantes, con indicación precisa dos documentos do arquivo nos que aparecían os nomes, e pola mesma época a pequena comunidade cisterciense de Penamaior fixo tamén unha relación dos topónimos dos montes que os labregos acabaran aproveitando como cousa súa, cando antes os monxes cobraban pola leña e polas searas. Os topónimos mudaban co paso do tempo, de xeito diríamos natural —polos cambios que se producían na paisaxe— ou por iniciativa dos labregos que para oscurecer dereitos de propiedade procuraban borrar —ou cambiar— os nomes das terras. De todo isto queda rastro na documentación: o mosteiro de Oia aforou en 1625 as bouzas de Penalvello, Valiño e Ameixido; a mediados do XVIII as dúas primeiras xa non se chamaban igual, e o arqueiro aconsellaba tomar nota de todos os cambios que se ían producindo nos topónimos dos bens cedidos á renda porque, di, “*suelen /os colonos/ mudarles los nombres y confundirse con el tiempo*”.

A castelanización dos topónimos é un proceso que se percibe, pero que non parece moi intenso, non só porque moitos non podían ser traducidos, senón porque era o nome antigo, que aparecía nos documentos e coñecían os veciños, o que acreditaba dominio. En apeos de Oia de 1591 e 1595 atopamos, por exemplo, “los Alguncheiros”, “Porto Carrero” e logo “Puerto Carreiro”, “Pedra Furada”, “A Pousadoyro” /sic/, “la Chan de Agrolongo”, “La Vega de Fixoo”, “donde dicen o Piñeiro”, “otras tres leyriñas”, “dos bouziñas”..., e, entre os nomes de persoas, Joan Trigo, Joan Neto, Estebo do Carreyro, Bastián Biéitez, Vieito das Casas... A fins do XVII entre os foros que o mosteiro de Celanova ratea en Refoxos figuran os “de Espartefigos”, “de la Seara”, “de Leira Longa”, “de Soto de Porcas”, “de Gaçapelo”, “de Boy bragado” —topónimo do que se ocupou Sobreira—, “de la Encoutada”, “do Moiño Novo”, “de Villanueva”.

Dispoñemos de moitos apeos, foros e rateos, pero non dunha cartografía señorial como a que existe en Francia e Inglaterra. As relacións de bens non se acompañan nin de mapas de explotacións nin de planos xeométricos nin de esbozos elementais que podían servir para ilustrar os contidos dun texto. Un mapa no que todo un dominio aparecese representado con exactitude, pero tamén con beleza, permitíalle a un señor contemplar sen saír do gabinete o seu patrimonio: a cartografía era, ó mesmo tempo, un instrumento de poder e de prestixio. Varias son as razón

polas que os titulares do directo dominio non completaron os apeos con planos e mapas: a falla de preparación técnica dos avogados da Audiencia e dos xuíces locais que tomaban as declaración dos veciños, a propia complexidade dunha paisaxe moi parcelada en boa parte de Galicia desde a segunda metade do XVI e a evidencia de que esa paisaxe cambiaba continuamente, polo que os apeos debían ser periódicos. O mapa dun dominio debía representar unhas terras consideradas case inmutables no que se refire á súa distribución en parcelas, lindes e tipos de cultivos, de modo que faría innecesarios no futuro os apeos e o señor que o encargara podía utilizarlo para preitos e para mellorar a xestión do patrimonio. Cando a paisaxe mudaba moito en poucos anos resultaba tempo perdido tratar de pintala (Antoine, 2002).

#### 10. QUE OS FOROS NON CADUQUEN: LOITAS E VITORIAS DOS LABREGOS

Por moitos libros de apeos e de foros cos que contasen os señores, se non lograban algunha colaboración dos colonos non lles resultaba posible manter ó longo do tempo un control eficaz de todo o patrimonio. Os esforzos que neste senso acometeron desde mediados do XVI até fins do XVII permitíronlle recuperar bens e actualizar as rendas, segundo recoñecía o monxe de Meira que en 1673 realiza o apeo do couto de Roupas: a pesar de que os veciños eran foreiros da comunidade “*nos tienen por incógnitos, diciendo como dicían antes de hacer este apeo que allí no teníamos nada, que la renta que pagaban la pagaban por posesión que tenían de cobrarla, y otras raçones como de arrieros...*”. Axiña se desenganaron, e os relixiosos quedaron en disposición “*para sujetarlos y cargarlos en lo que fuere justo en las rentas de los foros que vacaren*”.

Co tempo, porén, apeos e foros perderon valor como probas de dominio, porque a velocidade coa que cambiaba a paisaxe motivaba que as explotacións e parcelas que figuraban descritas nun documento non puidesen décadas máis tarde ser identificadas. Os foros antigos estaban feitos, con frecuencia, “a montes e a fontes”, “*con sus entradas y salidas, tallos y pazcos /pastos/, moleyras e pesqueyras, cerras y sebeyros*”, segundo rezan os de Penamaior na década de 1560, e aínda que se especifiquen as parcelas, é coa superficie aproximada e con confrontacións que poden mudar. O aumento do número de lumes das aldeas, as transformacións no sistema

de cultivos, o feito de que moitos montes fosen amansados, as partillas de explotacións, os trocos e vendas de leiras, ou a aparición de novos topónimos e o desuso dos antigos contribuíán a “escurecer” e ocultar porcións dos patrimonios señoriais.

Pero a “malicia campesiña” —expresión cara á historiografía italiana (Poni, 1982; Finzi, 1998)— tivo unha importante responsabilidade nese proceso de occultación. Unha cousa eran as condicións que os donos do dereito dominio poñían nas escrituras de foro e outra as prácticas concretas dos colonos: á hora da verdade partían, hipotecaban, trocaban e vendían os bens sobre os que tiñan o dominio útil, que se transmitían en herdanza segundo o estilo de cada comarca, xa fose a mellora ou as partillas. Contra 1700, un monxe de Oia avisaba os seus compaíneiros das mañas dos foreiros para confundir os bens. Nunha advertencia “moi esencial” ó respecto, di que cando morre un patrucio e leva terras de varios dominios, os herdeiros pártenas como cousa súa, e logo fan o mesmo coas rendas, só que, por exemplo, quen quedou con leiras de Oia no futuro pagará ó cabido de Tui, e así os demais herdeiros: “*Y en esta forma van pagando algunos años (...), hasta que se les antoxa de no pagar*”. Cando os donos do dereito presentan demandas, “*entonces salen oponiéndose con sus trampas: el dueño de los bienes saca sus papeles de foros y apeos y se reconoce, verbigracia, que el que trae la heredad del cabildo no ha pagado renta en muchos años, porque la pagó el otro heredero, aunque mal y arrastrando; y de aquí levanta el grito el que pagó, diciendo ha pagado tantos años injustamente, sin traer bienes del cabildo*”, e pide ser compensado. Á vez, “*el otro clama que siendo propia diezmo a Dios la heredad, y no habiendo pagado renta alguna, ahora le cargan pensión, y levanta el grito, publicando que es tiranía y latrocinio, verbigracia, del cabilo, lo que fue falacia de sus padres y abuelos en las partixas y enredos. Lo mismo hacen otra vez los hijos destos, y después sus nietos, por muerte de cada petrucio, con que en largo tiempo todo es enredo, confusión y reboltorio, para confusión de los bienes, que es lo que los labradores quieren, para que a río revuelto ganancia de pescadores*”.

Moitas testemuñas documentais acreditan que o monxe de Oia non mentía. No texto intitulado *La Natural Razón por el Reino de Galicia*, publicado en 1767 por iniciativa dos fidalgos que pedían a renovación forzosa dos foros, afírmase que os preitos pertencentes ás cesións antigas son moi difíciles de resolver, porque os bens incluídos nelas repartíronse varias veces á morte de cada patrucio; serviron

para fundar padroados, capelanías e outras obras pías; foron incorporados a morgados e gravados con censos e pensíons; vendérонse; mesturáronse cos do foreiro por motivos de herdanzas e con ocasión de amansar os montes confinantes. Pasados dous ou tres séculos, preguntan os autores de *La Natural Razón*: “*¿dónde estarán estos bienes, después de tantas transmigraciones y partijas? Recurrir a los papeles es en vano. Los pobres, mayormente rústicos e idiotas, no tienen más monumentos y archivos que su memoria, común tradición y usos públicos. Con esto se creen seguros: poseen de buena fe, porque lo han poseído, o sus mayores*” (Villares/Díaz-Castroverde, 1997).

Desde o remate do século XVII os mosteiros deixaron de facer apeos porque se foron convencendo de que non había outra forma de controlar o patrimonio que recorrer a arrendos curtos no lugar de foros, para impedir que os cultivadores, como donos do útil, partisen, trocasen e vendesen ás caladas os bens. Ese era o remedio mellor para impedir que as terras “desaparecesen” por obra da malicia campesiña. É o que viña dicir en 1767 o padre Sarmiento nunha carta a Campomanes: as facendas dos mosteiros só podían cederse a leigos mediante “*puro arriendo*”; todo o que non fose iso implicaba “*exponer el directo dominio a una sentina de pleitos interminables, como sucede con la mamarrachada de los foros...*”. Pero o bieito pontevedrés bramaba, nesa data, no deserto. Porque se até 1700 os mosteiros non tiveran problemas para recuperar os bens dos foros que caducaban —“vacaban”— e para facer outros novos —salvo casos excepcionais, como o de Refoxos e Paizás, nos que o control dos montes por parte do mosteiro de Celanova tivo moito que ver—, desde esa data as cousas cambiaron por tres razón fundamentais: porque os foreiros se decataron de que ían pasar á precaria condición de arrendatarios, e non estaban dispostos a admitilo; porque as demandas de despoxo antes afectaban habitualmente a unha familia de colonos, pero agora, pola división de bens dos foros antigos entre herdeiros e porque moitas cesións remataban cando morría un rei —1700, 1746, 1759—, nunha “reivindicación” víanse implicados moitos fogares, aínda que só cultivasen medio ferrado de terra; e porque os membros do Consello de Castela, en particular con Carlos III, querían favorecer a estabilidade dos cultivadores da terra e eran pouco amigos do clero regular, considerado moi rico ou moi influínte, pero indócil e pouco útil, e desta opinión tiñan noticia puntual os avogados dos foreiros ameazados de despoxo.

O atagallido que se armou a mediados do século XVIII por causa da renovación dos foros non é debido, por tanto, a que as demandas dos mosteiros fosen moi tas: baixaran dunha media de 53 por ano entre 1560-1639 a 13 entre 1720-1759. O que ocorre é que cada unha afectaba a un elevado número de foreiros, que se amosaban moi combativos para manter os dereitos do dominio útil, que se viñeran afianzando, como pon de manifesto o feito de que no catastro de Ensenada os que declaren na condición de “propietarios” das terras sexan os colonos. As estratexias de resistencia ás que recorren para non quedar convertidos en arrendatarios son variadas e moi propias das “armas dos débiles”: a negativa a colaborar no recoñecemento dos bens, a fuxida dos cabezas de casa para non ter que recibir notificacións xudiciais, a recusación de escribáns e peritos taxadores, os alborotos e escándalos para desacreditar os mosteiros e os seus apoderados, as súplicas ó Rei en memoriais e inclusive viaxando a Madrid (Villares, 1989 e 1997; Díaz-Castroverde, 1992).

O monxe que actualiza o tombo de Oia na segunda metade do XVIII fai un relato conciso da resolución coa que os foreiros se enfrentaron á comunidade cisterciense: *“Referir por extenso los lances principales que se sucedieron por espacio de doce años /c. 1721-733/ que duró el principal litigio fuera llenar todo este tumbo y quedar en los principios del pleito. Cuatro veces fueron los vecinos de estas dos parroquias a Madrid, delante de su Magestad; de la primera fueron hombre y mujeres más de noventa personas (...). El monasterio se hallaba en la mayor postración, pues ni cobraba la rentas ni hallaba quien le vendiera siquiera huevos”*. Para recuperar os atrasos, os relixiosos non presentaron unha única demanda contra todos os colonos, senón varias contra pequenos grupos: *“por haberse consultado con los mejores abogados de España, los cuales dijeron que no convenía que se dijese que se levantaba toda la jurisdicción, que sonaba muy mal en todos los tribunales”*, ou sexa, que a ruxida que facían os labregos producía efecto. Os conflitos continuaron e cando en 1751 o mosteiro quixo converter en arrendatarios os foreiros da parroquia de Loureza, *“todos se conjuraron en no admitirlos en arriendo /os bens/, determinando marchar todos a Madrid con hijos y mujeres a quejarse al rey”*, de modo que *“para evitar que se levantasen a mayores”* e calmar *“estas quejas ruidosas”*, fixolle novo foro.

Nos preitos e atagallidos as mulleres teñen unha participación decisiva, debido precisamente á situación de inferioridade na que as colocaba o ordenamento

xurídico-político, que as consideraba, salvo que fosen viúvas ou solteiras autónomas, como menores de idade, pois as casadas precisaban autorización do marido para outorgar unha escritura e intervir en xuízos. Nos preitos civís esta discriminación concedíalles o privilexio dunha impunidade case total, e por iso cando as autoridades locais e os receptores de Audiencia se achegan ás aldeas para notificar sentenzas de despoxo e dáralles cumprimento, os homes cabeza de casa foxen, avisados por algunha campá que toca a rebato, e as súas mulleres, se non se arreminan a armarse de pedras para acantazar escribáns e xuíces ordinarios, limitanse a dicir, un día si e outro tamén, que non saben por onde andan os seus homes. Para dar posesión dos bens do lugar de Penedo, no couto de Rubillón (Avión), ó mosteiro de Melón, un escribán receptor da Real Audiencia precisou máis dun ano, porque, primeiramente, en maio de 1754 os veciños, de resultas “*de las instancias que les hacen las mujeres*”, non quixeron declarar os bens que traía cada cabeza de casa, e logo fuxiron co gando sen que nas moitas idas e vidas que o escribán e o xuíz ordinario fixeron ó lugar puidesen atopalos: “*Los vecinos del lugar de Penedo hicieron fuga y han extraído sus ganados, y se deja ver que sus operaciones son dirigidas a dejar ilusoria y sin efecto la ejecución de la real carta ejecutoria*”. Un ano despois o prior de Rubillón estaba aborrecido porque aínda non puidera dispor de bens aforados dous séculos antes: “*dejaron en el motivado lugar a sus mujeres y familias, con orden expresa de que se hagan fuertes en él y prosigan en usar de las casas y bienes como si no hubiese habido despoyo, y así lo hacen, sin querer concurrir a recibir nuevo título...*”. Por fin, en xuño de 1755, o receptor e o xuíz ordinario, apoiados por varios homes pagados para a ocasión polo prior —e ben mantidos—, sacaron das casas pola forza unha ducia de mulleres e nenos que continuaban resistíndose con contumacia ó despoxo e selaron as portas con táboas cravadas.

Quince familias do lugar de Penedo tiñan que deixar uns bens que traballaran elas e os antepasados. Pero aínda non estaba todo dito. En febreiro de 1756 presentaron diante da Audiencia unha información de pobreza, na que moitas testemuñas declaraban que viran eses honrados e traballadores veciños andar pedindo esmola de porta en porta, porque o receptor e o prior os botaran con violencia das casas de morada. O rexente do Real Tribunal escribiulle ó abade, “*a fin de que usase de piedad con aquellos miserables, admitiéndolos en sus casas y atendiéndolos con nuevos foros*

*en los que fuese justo".* O relixioso entendeu ben que baixo a forma de rogo cortés se disimulaba unha orde, e ós poucos días as familias estaban de novo acendendo os seus lumes. A pobreza e a ignorancia convertíanse, a fin de contas, en mecanismos de resistencia antiseñorial, segundo dicía un monxe de Oia a principios do XVIII, parafraseando o que lle ouvira a un corrixidor de Baiona: os labregos andaban sempre "con unas alforjas al pescuezo, llenas de piedras lo de adelante; llegan a cualquier parte a ratear su pleito, y todo es tirar piedras y hacer y decir maldades hasta que se acabe la alforxa. Y si por justicia o con razón (que será mucho) se les convence, vuelven la alforxa de atrás para adelante y dicen: como somos pobres labradores y no sabemos leer ni escribir... Baptizan con nombre de sencillez lo que es pura malicia y falacia".

No caso do couto de Rubillón e das parroquias da xurisdición de Oia, a participación da fidalguía nos preitos da renovación dos foros foi nula ou escasa; si interviñeron algúns eclesiásticos seculares que levaban terras aforadas ou que simplemente estaban da parte do veciños, que en ocasións eran os seus propios fregueses. Cando os fidalgos encabezaron a oposición ós despoxos utilizaron procedementos xurídicos trazados por avogados competentes, polo que os preitos se alongaban e os mosteiros debían facer grandes desembolsos. Na mesma demanda que Melón presentara para recuperar os bens de Rubillón figuraban tamén moitas outras terras de diferentes parroquias. Pois ben, cando o receptor da Audiencia Domingo Saturno Santasmariñas cumpliu a comisión que traía para o lugar de Penedo, marchou a San Fiz de Navío (San Amaro) para darrles ós cistercienses de Melón a posesión de varias parcelas, tal como ordenaban cartas executorias de decembro de 1753 e xuño de 1755.

O escribán receptor comezou as operacións en abril de 1757, e áinda que varios veciños se opuxeron con contumacia ós despoxos, a resistencia máis difícil de vencer foi a de don Felipe Toubes Vilamarín, señor pola súa dona da casa da Touza. Unha vez que os outros foreiros o apoderaron, buscou avogados que revisaron todos os papeis presentados polo mosteiro para atopar incoherencias e invalidar, por falsas, as escrituras. O propio abade de Melón tivo que ir a Navío, para buscar testemuñas: "por haberse opuesto con tesón los del partido de San Fiz de Navío y usado de diversas vistas de autos y otras cavilaciones, ausentar los testigos que estaban prevenidos para la información, ya con amenazas, ya con ofertas, a fin de que el

*monasterio no hallase con quien probar la dicha identidad /das parcelas/ y tomar posesión”.* Os monxes lograron que a Audiencia recoñese a autenticidade das probas documentais, pero o problema estaba na identificación das terras en litixio: os apeos e foros presentados eran de fins do XVI e don Felipe Toubes negaba que as parcelas que reclamaban os relixiosos fosen as que describían os documentos. Despois duns cento oitenta anos, non concordaban as medidas, os cultivos, as confrontacións, os topónimos, a clase de ábores, os camiños...

O señor da casa da Touza logrou, ademais, presentando querelas de exceso, recusar, un detrás doutro, catro receptores. Un deles cometeu tamén a torpeza de embargar bens dun crego; este non se descoidou e puxo unha demanda diante do provisor de Ourense, casualmente un irmán de don Felipe Toubes. O receptor, cun recurso de força, tratou de que o asunto pasase á Audiencia, pero o fidalgo e o crego buscaron persoas que declarasen que lle escotaran soltar blasfemias escandalosas e proposicións “inveracundas” contra o bispo de Ourense e o seu tribunal. O provisor actuou con celeridade e todo un receptor da Audiencia do Reino estivo corenta e sete días pechado no cárcere real da cidade das Burgas, para indignación do fiscal do Real Tribunal. En fin, todos estes lances, a recusación de peritos, a non devolución por varios anos dos autos que Toubes pedira para examinar, certas complicidades que tivo na Coruña e o apoio de varios curas da contorna, de escribáns e do xuíz de Roucos —nomeado polo conde de Ribadavia—, motivaron que o mosteiro non tomase posesión dos bens até 1771, quince anos despois da segunda carta executoria (Saavedra, 2012).

O Consello de Castela tratou de calmar esa intensa conflitividade, na que as comunidades veciñas teñen unha participación moi superior á dos fidalgos, con medidas *ad casum* e coa real provisión do 11 de maio de 1763, que mandaba que a Audiencia non tramitase as demandas de despoxos pendentes; desde abril de 1785 as demandas non deberían sequera admitirse. Os foreiros seguirían pagando as rendas, pero podían continuar partindo, trocando, vendendo e hipotecando as terras. As disposicións do Consello tiñan carácter provisorio, e non dicían que o foro fose perpetuo. Quedaba nunha situación de “interinidad legal”, e realmente desde 1763-85 non era nin temporal nin perpetuo. Así, como ten sinalado o académico

Ramón Villares (1997), esta condición indefinida facía do foro unha metáfora de Galicia.

\* \* \*

Ramón Otero Pedrayo escribiu (1969) que “pouca terra como a galega, hasta o derradeiro copelo, tén sido de tal xeito estudiada xurídica e procesalmente. Nos pergameos e papés de foros, prorratoeos, memoriales, inventarios, recursos, “hijuelas”, durmen ademáis de infindas novelas, hourizontes enteiros de historia. Vida e horas de aldeas e eidos, o custante arelar amor do labrego envolveito nos vencellos da xusticia, misturado co quente da pasión, e ise achego ás veces tráxico do labrego ó eido, eixe baionate e romoroso da nova historia. Nomes, descendencias, alcumes, demarcacións, topónimos, érguense, responden, ordéanse en perspectiva para quen os seipa evocar. É dicir, enfeitizar”. E tamén dixo: “son as aldeas entidás de máina e fonda historia. As décadas son ben pouco para mordiscar os eixes e as rodas do carro das xeracións campesías de camiñar acompañado polo devalar das sazóns labregas. Os séculos roldan o nó campesío, como as correntes do río un rexo penedo”.

Pero aínda semellando ser “rexos penedos” os “nós campesíos” esmorecen e morren, e as sazóns labregas deixaron de *devalar*: “fermosa verba, chea de lus no tempo, dona da intuición das cousas xurdindo e sucedéndose (...). A historia, un devalar”. As aldeas eran formigueiros humanos e a súa propia vitalidade estaba na orixe da continua trasfega de leiras e tallos dentro dos agros, dunha mobilidade que confundía ós forasteiros e dificultaba o control dos patrimonios señoriais. En pequenos anacos de terra estaba resumida a historia de casas, liñaxes, estirpes, familias, vidas e traballos. Só a memoria familiar e comunitaria sabía diso e conservaba clara noticia das partillas, compras, empeños, trocos, alargos, doazóns, dotes e testamentos. Agora, a maleza e o abandono acubillan moitos camiños e carreiros, paredes, sebes, estacas e as mesmas labranzas, prados e línxeiras cos seus topónimos. A paisaxe, xunto ca lingua unha das grandes creacións do pobo, está hoxe ameazada polo abandono, e cando non polos ataques dunhas intervencións pouco ou nada respectuosas. Non queremos invocar con señorade uns modos de vida desaparecidos, nin proponer a recuperación dos carros de bois, xa que só se conserva o que

se transforma. Queremos reclamar consideración para un patrimonio material e espiritual construído polo traballo de moitas xeracións que nos precederon, pois como di John Berger, tampouco se poden desprezar centos de anos de cultura campesiña, alicerce a fin de contas da identidade de Galicia. Citemos outra vez ó señor de Trasalba: “Dan pena, ás veces, as roínas dun castelo, ósos dun longo fracaso ó ar. Mais as dun lugar aldeán firen como unha inxustiza, como o pecado descontra a cósmica e tenra asociación do home e a natureza. E iso que a terra, na súa fonda piedade e amor, ben logo consome as pedras da lareira e envolve a lumieira da casa labrega”.

Dixen.

\* \* \*

#### LIBROS DE FOROS, APEOS E TOMBOS CONSULTADOS:

Mosteiro de Oia: libros 10.191 (foral 3º, “*con los nombres de las heredades o de sitios donde están puestas*”), 10.204 (foral 4º, cun índice de 1635), 10.185 (foral 5º, séc. XVI), 10.207 (foral 6º, c. 1570), 10.123 (contén copia dun apeo de 1510), 10.131 (apeo de 1591), 10.116 (apeo de 1595), 10.124 (apeo de 1599), 10.117 (apeo de 1602), 10.128 (apeo de 1604), 10.181 (“tombo vello”), 10.223 (tombo de frei Martín de Ordóñez, c. 1606) e códice 60 (“tombo pequeno”, que chega ó séc. XVIII).

Mosteiro de Armenteira: libros 9.940 e 9.946 (apeos).

Mosteiro de Meira: libros 6.435 (apeo de Roupar) e 6.473 (apeo de Santa Catarina de Pousada).

Mosteiro de Penamaior: libros 6.215 (foral 2º, séc. XVI), 6.189 (foral 5º, con índice de topónimos), 6.188 (foral 18º, séc. XVI), 6.193 (apeo do couto de Barcia Pérez, c. 1570) e 6.209 (apeo de Cascallá, 1652).

Mosteiro de San Clodio: códice 424 (avisos de principios do XVII sobre foros e apeos).

Todos estes libros están no Arquivo Histórico Nacional de Madrid e poden consultarse agora na páxina dixital <pares> (“Portal de Archivos Españoles”).

Mosteiro de Celanova: libros 257 (apeo do couto de Meréns, 1704), 335 (demarcación do couto de Louredo, 1744), 258 e 259 (rateos da renda de Refoxos, 1691), 218 (autos para a toma de posesión de Refoxos, 1690), 260 (información sobre os montes de Refoxos) e 250 (resumo do preito de Refoxos, c. 1690, con índice da toponimia menor, incluída tamén a dos montes).

Mosteiro de Melón: libros 339 (tombo de 1611) e 396 (con visitas e demarcacións de fins do XVI e principios do XVII, nas que as penas se bautizan con nomes de persoas).

Mosteiro de Montederramo: libros 652 (tombo vello, 1572) e 671 (tombo novo, 1648).

Estes libros están no Arquivo Histórico Provincial de Ourense.

#### OUTROS MATERIAIS:

Bañuelos, M.: “Descripción quasi chorográfica de la singular población que contienen las siete provincias de que compone el extendido Reino de Galicia. 1785”, Real Academia de la Historia (Madrid), ms. 9-5467.

Cornide, J.: “Reyno de Galicia. Aparato y materiales para la descripción de dicho Reyno”, Biblioteca Nacional de Madrid, ms. 17.891.

Sobreira Salgado, J.: “Papeletas Geográficas de Galicia”, Real Academia de la Historia (Madrid), ms. 9-4048 e 4409.

#### BIBLIOGRAFÍA

Abascal, J. M. / Cebrián, R. (2009), *Los viajes de José Cornide por España y Portugal de 1754 a 1801*, Madrid, Real Academia de la Historia.

Andrade Cernadas, J. M. (2012), “La voz de los ancianos. La intervención de los viejos en los pleitos y disputas en la Galicia medieval”, *Hispania*, 240.

- Antoine, A. (2002), *Le Paysage de l'historien: archéologie des bocages de l'ouest de la France à l'époque moderne*, Rennes, Presses Universitaires de Rennes.
- Ávila y La Cueva, F. (1995 /1852/), *Historia civil y eclesiástica de la ciudad de Tuy y su obispado*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega (edición facsímile do manuscrito), 4 vols.
- Barreiro Fernández, X. R. (1968), “La reforma estructural de la microparroquia rural en Galicia: presupuestos sociológicos”, *Compostellanum*, 13.
- (1969), “La estabilidad de los párrocos: estudio histórico jurídico”, *Compostellanum*, 14.
- (1979), “El campesinado gallego en el siglo XIX. Economía y sociedad”, tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela, Facultade de Xeografía e Historia.
- (1981), *Historia de Galicia. Idade contemporánea, Vol. 4*, Vigo, Galaxia.
- (1985), “A problemática foral no século XVIII. Unha nova interpretación”, en C. Barros (ed.), *Dende Galicia: Marx*, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.
- (1996), “Edad contemporánea: Los hombres del altar (aproximación al clero secular como grupo social)”, *Sémata. Ciencias sociais e humanidades*, 7-8.
- (2009), “A reforma parroquial de 1867: a diocese de Santiago de Compostela”, en *A parroquia en Galicia. Pasado, presente e futuro*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Barreiro Fernández, X. R. et alii (1970), *A parroquia hoxe*, Vigo, Galaxia.
- Barreiro Mallón, B. (1972), “La pragmática de perpetuación de foros. Intento de interpretación”, *Compostellanum*, 17.
- (1988), “El clero de la diócesis de Santiago: estructura y comportamientos”, *Compostellanum*, 33.
- (2002), “La diócesis de Santiago en la época moderna”, en J. García Oro (coord.), *Historia de las diócesis españolas. 14. Iglesias de Santiago de Compostela, Tuy-Vigo*, Madrid.
- Barreiro Mallón, B. / Rey Castelao, O. (2002a), “La Diócesis de Mondoñedo en la edad moderna”, en J. García Oro (coord.), *Historia de las diócesis españolas. 15. Iglesias de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense*, Madrid.

- (2002b), “La Diócesis de Ourense en la edad moderna”, en J. García Oro (coord.), *Historia de las diócesis españolas. 15. Iglesias de Lugo, Mondoñedo-Ferrol y Orense*, Madrid.
- Barrio, M. (2010), *El sistema beneficial de la iglesia española en el Antiguo Régimen (1475-1834)*, San Vicente de Raspeig, Publicaciones de la Universidad de Alicante.
- Baz Vicente, M<sup>a</sup> J. (1996), *Señorío y propiedad de la alta nobleza en Galicia, siglos XVI-XX: la casa de Alba*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- Berger, J. (1979), *Pig Earth*, Londres, Writers & Readers (hai versión galega de 2007, de X. Abeleira, Vigo, Rinoceronte Editora).
- Bouhier, A. (2001 /1979/), *Galicia: ensaio xeográfico de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia / Caixanova.
- Bouza Álvarez, F. J. (2009), “Dar Galicia y el gallego a la imprenta: As Galegadas e a História de Galicia de Lobariñas Feijoo, La Verdadera descripción de Ojea y algunas iniciativas historiográficas de la primera mitad del siglo XVII”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 18.
- Brunner, O. (1983 /1939/), *Terra e potere: strutture pre-statuali e pre moderne nella storia costituzionale dell'Austria medievale*, Milán, Giuffrè.
- Camarero Bullón, C. (1993), *El debate de la Única Contribución: catastrar las Castillas*, Madrid, Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria.
- Carretero Zamora, J. M. (2008), *La averiguación de la corona de Castilla (1525-1540): los buenos vecinos pecheros y el dinero del Reino en época del emperador Carlos V*, Valladolid, Junta de Castilla y León.
- Censo español executado por orden del Rey, comunicada por el Excelentísimo Señor Conde de Floridablanca*, Madrid, Imprenta Real, 1787.
- Cornide, J. (1991), *Descripción circunstanciada de la costa de Galicia y raya por donde confina con el inmediato reino de Portugal: hecha en el año de 1764*, edición de X. L. Axeitos, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.
- Dainville, F. (1986), *La cartographie, reflet de l'histoire*, Xenebra-Paris, Slatkine.

- Díaz-Castroverde, J. L. (1992), "Conflictividad social y régimen de propiedad en Galicia: la cuestión de los despojos", tese de doutoramento inédita, Facultade de Xeografía e Historia, Universidade de Santiago de Compostela.
- Dubert, I. (1992), *Historia de la familia en Galicia durante la época moderna, 1550-1830*, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.
- (1996), "Alma de curas, cura de almas. Moral y comportamientos eclesiásticos en la Galicia interior durante el Antiguo Régimen, 1600-1830", *Sémata. Ciencias sociais e humanidades*, 7-8.
- Eiras Roel, A. (1989), "El señorío gallego en cifras. Nómina y ránking de los señores jurisdiccionales", *Cuadernos de Estudios Gallegos*, 103.
- (1990), *Estudios sobre agricultura y población en la España Moderna*, Santiago de Compostela, Tórculo Edicións.
- (1996), *La población de Galicia, 1700-1860*, Santiago de Compostela, Fundación Caixa Galicia.
- Fariña Jamardo, X. (1981), *A feira de Carballiño*, Concello do Carballiño.
- (1996), *A parroquia rural en Galicia*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- Fernández Cortizo, C. (1994), "«Aldeas y caseríos a tiro de mano de piedra». Los asentamientos rurales en el arzobispado de Santiago (siglos XVI-XVIII)", *Espacio. Tiempo. Forma. Historia Moderna*, 7.
- Fernández González, A. I. (1985), "A fiscalidade eclesiástica en Galicia, 1750-1850", tese de doutoramento inédita, Facultade de Ciencias Económicas, Universidade de Santiago de Compostela.
- Fernández Vega, L. (1982), *La Real Audiencia de Galicia, órgano de Gobierno en el Antiguo Régimen*, A Coruña, Deputación Provincial.
- Ferro Couselo, X. (1952), *Los petroglifos y las insculturas rupestres en Galicia*, Ourense, Talleres Gráficos de Miguel Gómez Elizalde.
- (1972), "Gente llana con ventura: los Boanes", *Boletín Auriense*, 2.
- Finzi, R. (1998), *Civiltà mezzadrile: la piccola cultura in Emilia-Romagna*, Roma, Laterza.
- Gallego Domínguez, O. (1988), *La organización administrativa-territorial de la antigua provincia de Ourense a mediados del siglo XVIII*, Ourense, Museo Arqueológico Provincial.

- (1989), *El catastro de Ensenada en la provincia de Orense. Catálogo*, Madrid, Dirección General de Bellas Artes y Archivos.
- (1999), *As barcas e os barcos de pasaxe na provincia de Ourense no antigo réxime*, Ourense, Deputación Provincial.
- García Blanco-Cicerón, J. (2006), *Viajeros angloparlantes por la Galicia del siglo XVIII*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- García Conde, A. / López Valcárcel, A. (1991), *Episcopologio Lucense*, Lugo, Fundación Caixa Galicia.
- García Oro, J. / Portela Silva, M<sup>a</sup> J. (2003), *La casa de Altamira durante el Renacimiento: estudio histórico y colección diplomática*, Santiago de Compostela, El Eco Franciscano.
- García Tato, I. e Álvarez Álvarez, E. (2010), *Las encomiendas gallegas de la orden militar de San Juan de Jerusalén. Estudio y edición documentada. Tomo II. 1. La encomienda de Quiroga*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.
- González de Ulloa, P. (1950), *Descripción de los estados de la casa de Monterrey en Galicia (1777)*, Santiago de Compostela, Instituto de Estudios Gallegos Padre Sarmiento.
- González Fernández, J. M. (1997), *La conflictividad judicial ordinaria en la Galicia atlántica (1670-1820)*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses.
- (1999), *Los caracteres socio-profesionales de los oficiales de la administración de Justicia en Galicia (1640-1820)*, Vigo, Instituto de Estudios Vigueses.
- González Lopo, D. (2002), *Los comportamientos religiosos en la Galicia del Barroco*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia, Dirección Xeral de Patrimonio Cultura.
- González Reboredo, X. M. (2012), *Os santos titulares de parroquias en Galiza*, Santiago de Compostela, Sotelo Blanco.
- Herbella de Puga, B. (1767), *Discurso sobre la necesidad de que se establezcan corregimientos en el Reino de Galicia*, Santiago, Ignacio Aguayo.
- (1768), *Derecho práctico i estados de la Real Audiencia de Galicia*, Santiago, Ignacio Aguayo.

- Hespanha, A. M. (1983), “Savants et rustiques. La violence douce de la raison juridique”, *Ius commune*, 1.
- (1986), *As vésperas do Leviathan. Instituições e poder político. Portugal —séc. XVII*, Lisboa, 2 vols.
- (1993), *Justiça e litigiosidade: história e prospectiva*, Lisboa, Fundação Calouste Gulbenkian.
- Iglesias Estepa, R. (2007), *Crimen, criminales y reos: la delincuencia y su represión en la antigua provincia de Santiago entre 1700 y 1834*, Vigo, Nigra Trea.
- Iturra, R. (2001), *A Religião como teoria da reprodução social: ensaios de antropologia social da religião, pecado, celibato e casamento*, Lisboa, Fim de Século.
- Kremer, D. (1997), “O Onomástico de Fr. Martín Sarmiento e a onomástica galega”, en *O padre Sarmiento e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela.
- Labrada, J. L. (1804), *Descripción económica del Reyno de Galicia*, Ferrol, Lorenzo José Riesgo Montero (hai edición de 1971, de Galaxia, ó coidado de Francisco X. Río Barja).
- Le Bras, G. (1976), *L'Église et le village*, Paris, Flammarion.
- López Díaz, M.ª (1991), “Alteraciones en el mapa jurisdiccional gallego en la edad moderna: las desmembraciones eclesiásticas del siglo XVI”, *Estudios Mindonienses*, 7.
- (2006), “La administración de la justicia señorial en el Antiguo Régimen”, *Anuario de Historia del Derecho Español*, LXXVI.
- López Gómez, A. / Manso Porto, C. (2006), *Cartografía del siglo XVIII. Tomás López en la Real Academia de la Historia*, Madrid, Real Academia de la Historia.
- López Morán, B. (1995), *El bandolerismo gallego en la primera mitad del siglo XIX*, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.
- Lorenzo Vázquez, R. (2008), “Toponimia menor do lugar de Eirapedriña (Bugallido, Ames)”, en *Cada palabra pesaba, cada palabra media: homenaxe a Antón Santamarina*, Universidade de Santiago de Compostela.
- Lucas Álvarez, M. (1999), *El Archivo del Monasterio de San Martiño de Fóra o Pinario de Santiago de Compostela*, Sada (A Coruña), Ediciós do Castro.

- Manso Porto, C. (2010-2011), “Cartografía histórica de José Cornide en la Real Academia de la Historia: el mapa general del Reino de Galicia y los de sus diócesis (1760-1772)”, *Abrente*, 42-43.
- Marques Valea, X. (2004), *A toponimia de Trabada*, s. l., Xunta de Galicia.
- Martínez Barbeito, C. (1965), *Evocación de José Cornide*, Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses, A Coruña.
- Meijide Pardo, A. (1982), *Escritos e autores na Galicia da Ilustración*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Méndez Martínez, G. (1994), *Cartografía antigua de Galicia*, Deputación Provincial de Pontevedra.
- Montanos Ferrín, E. (1982), “Notas sobre la práctica jurídica gallega en el siglo XVIII”, *Anuario de Historia del Derecho Español*, LXII.
- Nubiola, C. / Turchini, A., ed. (1991), *Visiti pastorali ed elaborazioni dei dati. Esperienze e metodi*, Bolinia, Il Mulino.
- O’Flanagan, P. (1996), *Xeografía histórica de Galicia*, Vigo, Xerais.
- Obelleiro Piñón, L. (2007), *As escolas de fundación en Galiza. Unha necesidade social de alfabetización*, Vigo, A Nosa Terra.
- Otero Pedrayo, R. (1922), “Encol da aldeia”, *Nós*, 14.
- (1955), “Ensaio sobor da paisaxe galega”, *Paisaxes e Cultura: Ensaios*, Vigo, Galaxia
- (1965), “A aldea no seu decorrer histórico”, *Grial*, 8
- (1969), *Síntesis histórica do século XVIII en Galicia*, Vigo, Galaxia.
- Palacio, X. A. (1981), *Toponimia del ayuntamiento de Pantón (Lugo)*, tese de doutoramento inédita, Universidade de Santiago de Compostela.
- Pensado, J. L. (1974), *Opúsculos lingüísticos gallegos del siglo XVIII*, edición y estudio, Vigo, Galaxia.
- , e Axeitos, X. L. (editores) (1983), *Cartas del padre Sobreira a Gómez de Ortega y Cornide*, Sada-A Coruña, Ediciós do Castro.
- Pereira Molares, A. M<sup>a</sup> (2006), *Arquitecturas y arquitectos en la diócesis de Tui: siglos XVII y XVIII*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Pérez García, J. M. (1979), *Un modelo de sociedad rural de Antiguo Régimen de la Galicia costera*, Universidade de Santiago de Compostela.

- (1981), “Algunas reflexiones en torno a la utilización de los resúmenes generales de la Única”, *Cuadernos de Estudios Gallegos*, XXXI.
- (1999), “Un chequeo al catastro del Marqués de la Ensenada en la comarca del Bajo Miño”, *Cuadernos Feijonianos de Historia Moderna*, I.
- Poni, C. (1982), *Fossi e cavedagne benedicon le campagne*, Bolonia, Il Mulino.
- Portela, M<sup>a</sup> J. et alii (1993), *Repertorio de las escrituras antiguas del Archivo Bajo: Catálogo del Archivo Monacal de Oseira en 1629*, Santiago de Compostela, Tórculo Edicións.
- Posse, J. A. (1984), *Memorias del cura liberal don \_\_\_\_\_*, Madrid, Siglo XXI.
- Presedo Garazo, A. (2011), *Nobleza y régimen señorial en Galicia: la casa de Montaos en los siglos XVI y XVII*, Universidade de Santiago de Compostela.
- Prodi, P. (1994), *Disciplina dell'anima, disciplina del corpo e disciplina de la società tra medievo ed età moderna*, Bolonia, Il Mulino.
- Puigvert, J. (2001), *Església, territori i sociabilitat als segles XVIII-XIX*, Vic, Eumo.
- Quiroga Barro, M. (1986), “Organización de un fondo monacal: el monasterio de Santa María de Montederramo, Ourense”, *Boletín Auriense*, 16.
- (2002), “Os preitos e expedientes de veciños da Real Audiencia de Galicia: aproximación ao seu estudio arquivístico”, *UNIVERSITAS: homenaje a Antonio Eiras Roel*, Universidade de Santiago de Compostela, vol. 1.
- Reguera Rodríguez, A. T. (1993), *Territorio ordenado, territorio dominado: espacios políticos y conflictos en la España de la Ilustración*, Universidad de León.
- (2006), *La obra geográfica de Martín Sarmiento*, Universidad de León.
- Rey Castelao, O. (1992), “El reparto social del diezmo en Galicia”, *Obradoiro de Historia Moderna*, 1.
- (1995), *Montes y política forestal en la Galicia del Antiguo Régimen*, Universidad de Santiago de Compostela.
- (2002), “La diócesis de Tuy en la época moderna”, en J. García Oro (coord.), *Historia de las diócesis españolas. 14. Iglesias de Santiago de Compostela, Tuy-Vigo*, Madrid.
- Río Barja, F. (1958), “Delimitación provincial de Galicia en el siglo XVIII”, *Boletín de la Universidad compostelana*, 66.

- (1990), *Cartografía xurisdiccional de Galicia no século XVIII*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- (1995), *Estudios de xeografía de Galicia*, introducción de X. M. Souto González, Trasalba, Fundación Otero Pedrayo.
- Saavedra, P. (1985), *Economía, política y sociedad en Galicia: la Provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, Madrid, Xunta de Galicia.
- (1993), *A Facenda Real na Galicia do Antigo Réxime*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- (1994), *La vida cotidiana en la Galicia del Antiguo Régimen*, Barcelona, Crítica.
- (1996), *Das casas de morada ó monte comunal*, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
- (1998), “O hábitat no noroeste peninsular nos ss. XVI-XIX”, *Sémata. Ciencias Sociais e Humanidades*, 9.
- (2003), *Señoríos y comunidades campesinas en la España del Antiguo Régimen. Aportaciones a historia rural de la España Moderna*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2007), “Reforma fiscal y control del territorio: el Catastro de Ensenada —o la confusión de Babel— en Galicia”, *Anuario de Historia del Derecho Español*, LXXI.
- (2012), “As mulleres do couto de Rubillón fronte ó mosteiro de Melón a mediados do século XVIII”, en *Homenaxe a Olga Gallego*, Museo Arqueolóxico de Ourense, XLI-XLII.
- Santamarina Fernández, A. (2005), “Viaxe pola onomástica galega”, *A Trabe de Ouro*, 62.
- (2008), “A pegada relixiosa na toponimia galega. 1. edificios relixiosos”, en *A patria enteira: homenaxe a Xosé Ramón Barreiro Fernández*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Universidade de Santiago de Compostela.
- Santos, A. (2005), *As freguesías. História e actualidade*, Oeiras, Celta Editores.
- Sarmiento, M. (1975), *Viaje a Galicia (1745)*, edición e estudio por J. L. Pensado, Universidad de Salamanca.

- (1996), *Escritos geográficos*, edición e estudio preliminar de J. L. Pensado, Santiago de Compostela, Xunta de Galicia.
  - (1998/9), *Onomástico etimológico de la lengua gallega*, edición e estudio por J. L. Pensado, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
  - (2008), *De historia natural y de todo género de erudición: obra de 660 pliegos* (1762 ss.), edición de Henrique Monteagudo, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Madrid, CSIC.
- Scott, J. C. (1985), *Weapons of the weak: everyday forms of peasants resistance*, New Haven, Yale University Press.
- Seara, I. (2009), “Paisaxe é cultura, cultura é paisaxe”, limiar á nova edición de *Paisaxe e Cultura*, Vigo, Biblioteca de Estudos Oterianos.
- Sobrado, H. (2001), *Las tierras de Lugo en la Edad Moderna. Economía campesina, familia y herencia, 1550-1860*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- (2012), “Identidad parroquial y comunidad rural en la Galicia de la Edad Moderna”, en XII Reunión Científica de la Fundación Española de Historia Moderna, Universidad de León, VI/2012, no prelo.
- Sobreira, J. (1979), *Papeletas de un diccionario gallego*, edición e estudio crítico de J. L. Pensado, Ourense, Instituto de Estudios ourensanos Padre Feijoo.
- Somoza de Monsoriu, F. (1775), *Estorvos i remedios de la riqueza de Galicia: discurso político legal*, Santiago, Ignacio Aguayo (hai edición de 1995, da Xunta de Galicia, ao coidado de Xosé Ramón Barreiro Fernández).
- Thompson, E. P. (1995 /1991/), *Costumbres en común*, Barcelona, Crítica.
- Torre, A. (1995), *Il consumo di devozioni. Religione e comunità nelle campagne dell'Ancien Régime*, Venecia, Marsilio.
- Touzery, M., dir. (2007), *De l'estime au cadastre en Europe à l'époque moderne*, Paris, Comité pour l'histoire économique et financière de France.
- Vecindario de Ensenada*, Madrid, Centro de Gestión Catastral y Cooperación Tributaria, 1991.
- Vigo, A., dir. (2003), *Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo* [Recurso electrónico], Santiago de Compostela, Consello Galego de Colexios de Aparelladores e Arquitectos Técnicos.

- (2011), *Galicia y el siglo XVIII: Planos y dibujos de arquitectura y urbanismo, (1701-1800)*, A Coruña, Fundación Pedro Barrié de la Maza.
- Villares, R. (1981), “Los prorratoeos de tierras: su utilidad historiográfica”, en A. Eiras Roel *et alii*, *La Historia Social de Galicia en sus fuentes de protocolos*, Universidade de Santiago de Compostela.
- (1982), *La propiedad de la tierra en Galicia, 1500-1936*, Madrid, Siglo XXI.
- (1988), “Los foros de Galicia: algunos problemas y comparaciones (Galicia, Portugal, Valencia)”, *Ler História*, 12.
- (1989), “Carlos III y la temporalidad del foro: los pleitos sobre despojos”, en *Estructuras Agrarias y reformismo ilustrado*, Madrid, Ministerio de Agricultura, Pesca y Alimentación.
- (1997), “A provisión de 1763 revisitada”, en *O padre Sarmiento e o seu tempo*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega-Universidade de Santiago de Compostela, t. 1.
- e Díaz-Castroverde, J. L. (1997), *O conflicto foral nos séculos XVII e XVIII*, Ourense, Xunta de Galicia-Caixa Ourense.
- Zangheri, R. (1980), *Catasti e storia della propietà terriera*, Torino, Giulio Einaudi.
- Zink, A. (1997), *Clochers et troupeaux. Les communautés rurales des Landes et du Sud-Ouest avant la Révolution*, Presses Universitaires de Bordeaux.

Quero que quede constancia do meu agradecemento a Antón Santamarina, a Silvia Viso e a Manuel Enrique Vázquez Buján pola súa axuda á hora de revisar o texto.



Resposta do excelentísimo señor don  
Ramón Villares



## Señoras e señores académicos

As ocasións solemnes están marcadas pola precisión litúrxica nos actos e pola retórica nos dices. Non sería moi recomendable afastarse destas prácticas, que séculos de civilización foron mellorando sen perderen o seu ser e significado. Penso que non tería mellor modo de principiar este acto de recepción como académico numérico do doutor Pegerto Saavedra Fernández que invocar esta tradición propia de ateneos, minervas e academias para entender cabalmente o significado do ingreso dun novo membro nunha corporación que, por se reproducir mediante un proceso de cooptación, debe expresarse dun modo distintivo e mesmo ritualizado.

Resulta difícil explicar na sociedade occidental actual, aberta, plural e democrática, o sentido deste proceso de cooptación corporativa e de formalismo que rodea un acto deste estilo. Pero niso precisamente consiste a “distinción”, ese valor que a escola de Pierre Bourdieu situou como pedra angular para a constitución do campo intelectual. E diso estamos a falar, pois ¿que é unha academia senón a expresión formalizada dun campo de forzas poboados por actores individuais e por redes colectivas, por valores materiais e tamén simbólicos, por intereses concretos e, desde logo, por principios de alcance colectivo...?

1.

Deixarei á beira do camiño a liturxia que non é precisa, pero non debo renunciar a unha migia de retórica. E quero dicir ben claro, caros colegas da Academia, que agradezo *ex toto corde* a oportunidade que me destes para participar nesta solemne

recepión do novo académico. Direi, ademais, que para min é unha honra poder intervir nesta ocasión por motivos que teñen que ver, como acontece con frecuencia, coa razón pero tamén co corazón. Estou certo, como o estabamos os propoñentes da proposta de ingreso de Pegerto Saavedra, amplamente revalidada polo Plenario da institución, que con esta incorporación se reforza a potencia intelectual da Academia como ente colectivo e, de forma especial, o coñecemento do tecido histórico de Galicia.

Pero ao carón desta razón de natureza científica e académica debo confesar asemade que sinto unha especial emoción por termos chegado a este momento. Teño a satisfacción de dicir que estamos a acoller unha persoa cabal, de sólida formación intelectual e de elegante comportamento persoal en todos os lugares e situacións nas que estivo presente. Alén do profesor e do investigador, ingresa hoxe cabo de nós un dos “bos e xenerosos” e a poucas persoas vivas que eu coñeza lles acae tan ben a definición do bardo de Ponteceso.

Satisfacción intelectual e contento persoal. Das razóns intelectuais e profesionais irei dando conta nestas palabras de resposta ao discurso que o novo académico acaba de pronunciar. Para explicar a miña emoción persoal por apadriñar a chegada á Academia do novo recipiendario, non atopo mellor argumento para vos dar que a longa amizade que desde hai case corenta anos foi marcando, de modo correspondido, as nosas vidas de investigadores e de profesores universitarios, nunha convivencia que, no canto de fraquear e mesmo “esmillarse” co paso do tempo, foi robustecéndose cada día desde a “jocundam juventutem” dos tempos de estudiantes ata esta chaira de cumpridos profesores na que agora nos atopamos, de lento devalar cara a unha “molestam senectutem”.

Un camiño feito xuntos, con rotas paralelas que de cando en vez se foron entrecruzando, no que partillamos traballos e iniciativas, no que sentimos o alento mutuo en momentos de treboadas nos que había que cruzar a ponte. Un camiño que para min estivo sempre marcado polo sostén xeneroso e silandeiro do amigo que non reclama inmediata contrapartida nin se adorna de palabras goras ou de ocasión; do colega no que sempre atopei o consolo dunha opinión certa e razoada, chea da sensatez que confina coa audacia máis fecunda; e tamén do cidadán que sempre sabe combinar a urxencia do inmediato co pouso do saber temperado polo paso do

tempo. En suma, que sempre atopei na conduta persoal e na concepción intelectual do novo académico a mellor expresión do que nalgures dixo o albacea do historicismo alemán, Friedrich Meinecke, cando quixo cualificar o sentido más profundo da filosofía da historia que practicou o barón de Montesquieu: a feliz combinación da razón do xinete coa paixón do cabalo. Dito en termos más modernos, á moda do Albert O. Hirschman, un entrefebrado de paixón e interese...

O discurso que Pegerto Saavedra acaba de pronunciar é a mellor mostra destas calidades que sumariamente acabo de referir. Por máis que teña sido ben xeneroso nos seus contidos e informacíons e, desde logo, moi ambicioso nas súas propostas interpretativas, ainda direi algo sobre esta achega plena de rigor intelectual sobre a constitución histórica de Galicia como unha nación cultural que aprendeu a actuar, como el mesmo subliña, “á marxe do mundo oficial”. Unha sociedade na que os seus protagonistas son con frecuencia tan sabios nas súas estratexias como anónimos e case opacos ás luces que os procuran con pobres resultados. Pero antes de penetrar no cerne deste discurso, penso que é de todo punto imprescindible enfiar unhas poucas notas de carácter biográfico sobre o novo académico e sobre a súa executoria como historiador, reparando menos nos seus resultados concretos en forma de textos e publicacións, e algo más nos seus fundamentos conceptuais e metodolóxicos de investigador, os seus referentes intelectuais e os significados que para un lector actual ten a súa obra.

## 2.

A biografía deste home de apenas sesenta anos ben levados é a propia de toda unha xeración de intelectuais e “lletraferits” da Galicia da segunda metade do século vinte. De orixes campesiñas, nado nunha aldea da Fonsagrada no seo dunha familia extensa como propia dos “tesos cumes” da Galicia oriental, coñeceu a lentura do terrón daquelas “fondas valgadas” da montaña, pero tamén o valor que tiñan o saber e as letras aprendidas á luz do candil e coa paixón que no seu ensino puña unha esforzada xeración de mestres e mestras que concibiron a súa vida como unha actividade de misión. Que a súa morada familiar estivese a rente da escola da aldea foi, sen dúbida, un aliciente para a formación daquel neno que, como poeticamente diría

el mesmo anos despois, estaba a comezar un camiño que acabaría por lle roubar a primavera á súa familia. Veu logo, con algúns anos de demora como era práctica no mundo rural, o deslocamento á cidade e o ingreso no seminario diocesano de Lugo, onde esqueceu a infancia e labrou o ferro dos saberes humanísticos coa constancia e firmeza dun mazo da súa aldea de Ferreira.


Eran, con todo, tempos de fondas mudanzas que tamén afectaron á experiencia vital daquel mozote vido da aldea fonsagradiana. Os ares do concilio celebrado en Roma, a desfeita de moitas familias campesiñas por obra da nova emigración a Cataluña e a diversos países do Occidente europeo e, alén diso, a desestruturación repentina da sociedade galega de fins dos sesenta e primeiros setenta, baleiraron os seminarios a favor de novos centros de ensino e ampararon escolas vitais de formación e de estudio no canto de procurar o ingreso inmediato no mundo do traballo. Pegerto Saavedra nadou nesta corrente da historia seguindo rumbos colectivos: deixou o seminario e comezou unha carreira universitaria en Compostela, a primeira que cubriu un membro da súa familia. Non é ningún defecto ser un pioneiro, sempre que se atine ben co obxectivo perseguido.

E neste caso, a vocación pola historia e pola investigación manifestouse de modo precoz e fecundo, sendo áinda un estudiante universitario. Medrou esa vocación nun ambiente de euforia vital e de moita fundanza no porvir, pero tamén co amparo de mestres universitarios que se marcaron como obriga intelectual encarreiar as ansias de saber daquelas fornadas de estudiantes que querían indagar de onde viñan e como podían mudar a sociedade na que estaban. Algúns fixérono por medio da protesta vital, outros a través da militancia política e outros, sen renunciaren a estas actitudes, tamén por medio do estudo e da pesquisa. Pegerto Saavedra tivo mestres influentes nas aulas universitarias —que compartimos algúns dos aquí presentes—, como foron os profesores José Ángel García de Cortázar e Antonio Eiras Roel, que achegaron á Minerva compostelá “ecos de ultraportos” —no sentido más literal dos tempos medievais— que anovaron de vez a historiografía galega. O novo académico seguiu un percurso modélico, comenzando como bolseiro de investigación no grupo de historia moderna comandado por Eiras Roel, grupo no que acabou por desenvolver toda a súa carreira académica e mesmo o seu *cursus honorum*,

ata se converter en catedrático da materia na primavera do ano 2000, situación na que permanece na actualidade.

Alén dos mestres universitarios que en Compostela marcaron a súa formación como historiador, o novo académico recibiu influencias más ou menos profundas da obra e da metodoloxía de correntes intelectuais e de figuras individuais que orientaron a educación sentimental daquelas inquedas xeracións universitarias dos anos setenta e oitenta. En primeiro termo, de autores que militaron na ben coñecida escola francesa da revista *Annales*, de onde procedían as voces más poderosas que marcaron a ferro a historiografía española durante varias décadas do século pasado, entre elas mestres como Fernand Braudel —verdadeiro albacea dos fundadores Lucien Febvre e Marc Bloch— ou discípulos como Jean Meuvret, Emmanuel Le Roy Ladurie ou Pierre Goubert —de especial influencia en Compostela—. Nomes aos que se poderían engadir os de demógrafos como Jacques Dupâquier ou xeógrafos de inspiración “vidaliana” como Abel Bouhier, o máis insigne dos “galaicistas” da segunda metade do século XX e autor dunha obra básica como é *Galicia. Ensaio de análise e interpretación dun vello complexo agrario*, publicada na súa versión francesa en 1979 e verquida ao galego algo máis de vinte anos despois, que se volveu un fito esencial no coñecemento espacial e temporal da realidade de Galicia.

En segundo termo, a obra de Pegerto Saavedra está claramente influenciada por autores que forman parte da historiografía marxista da Europa occidental, aínda que os seus enfoques non fosen sempre coincidentes. Hai dous nomes que cómpre subliñar: o francés Pierre Vilar e o inglés Eduard P. Thompson. O primeiro é un hispanista nacido en 1906 no *Midi* francés, educado na prestixiosa École Normale Supérieure canda condiscípulos como J. P. Sartre, Paul Nizan ou Raymond Aron, que se converteu nun experto na historia de Cataluña. A súa obra marcou, con Vicens Vives e algúns dos seus discípulos (Jordi Nadal, Josep Fontana), os grandes fitos interpretativos da historia moderna e contemporánea de Cataluña e, desde logo, de España. Cómpre lembrar desde o seu emblemático texto de orientación teórica *Crecemento e desenvolvemento. Economía e Historia. Reflexións sobre o caso español* (1964) ata a súa monumental obra *Cataluña na época moderna. Investigacións sobre os fundamentos económicos das estruturas nacionais* (1962), alén de numerosos



artigos e participación non exenta de polémica en moitos debates historiográficos e metodolóxicos, nomeadamente co filósofo Louis Althusser.

O segundo autor citado, un inglés nacido en 1924, é un dos membros más coñecidos (con E. J. Hobsbawm e C. Hill) do grupo de historiadores comunistas británicos e autor de obras memorables como a *Formación da clase obreira inglesa* (1963) ou, nomeadamente para o caso que nos ocupa, *Costumbres en común* (1991). Este último libro, en palabras do novo académico coas que moi concordo, “marca un antes e un despois na historia das clases populares”. A obra de Thompson foi, sen dúbida, unha fonte de inspiración para un antropólogo como James Scott, quen lembra hai pouco que o libro sobre a clase obreira “foi a máis importante obra que eu teña lido” (*Análise Social*, 2013). Nesta liña está a produción intelectual do propio Scott, cuxa obra máis coñecida, *As armas do débil. Formas cotiás de resistencia campesiña* (1985), converteuse nunha referencia ineludible no estudo da vida cotiá e das clases populares na historiografía dos últimos trinta anos.


Podería engadir outras influencias foráneas ás que se lles pode seguir o rastro na obra de Pegerto Saavedra. Hai unha finura analítica e un gusto polo pequeno detalle que o emparenta cos fundadores da *microstoria* italiana, desde Carlo Ginzburg ata Carlo Poni ou Giovanni Levi —o inventor do termo—, todos eles verdadeiros mestres na procura de indicios que manifesten os sentidos ocultos dos comportamentos humanos. Dito na irónica prosa do novo académico, nunca se pode esquecer que “a malicia pode disfrazarse de ignorancia”. Hai asemade na obra de Pegerto Saavedra unha habilidade para identificar os significados profundos da cultura popular e da súa relación coa relixiosidade, que bebe das augas que manan de fontes como a do inglés Peter Burke ou do italiano Paolo Prodi. E hai unha familiaridade coa recepción popular do dereito común nos tempos modernos que fai pensar en historiadores do dereito tan diferentes como o portugués Antonio M. Hespanha ou o austríaco Otto Brunner, un dos tres promotores (con Koselleck e Conze) da coñecida *historia dos conceptos*. E, como puxo de manifesto no seu propio discurso, nunca esqueceu desde os primeiros pasos da súa traxectoria investigadora o papel que desempeñan as institucións, tanto de goberno como de carácter xudicial ou fiscal, para a construción da sociedade moderna, no ronsel aberto na histo-

riografía española recente por mestres como Antonio Domínguez Ortiz, Francisco Tomás y Valiente ou Bartolomé Clavero.

En terceiro termo, creo que sería inxusto non engadir a estas parentelas intelectuais de orixe foránea un notable coñecemento da propia tradición cultural galega, coa que mantivo e segue a manter un diálogo que o aparta claramente do desleixo ou olímpico esquecemento que a renovación historiográfica aparecida desde os anos sesenta nas aulas universitarias practicou a respecto de figuras esenciais da cultura galega contemporánea, desde os clásicos como Manuel Murguía ou Antonio López Ferreiro ata os membros da xeración Nós e mesmo autores de tempos más recentes. Na prosa e nos marcos de referencia de Pegerto Saavedra están decote presentes Otero Pedrayo e Castelao, o “espírito dos traballos do Seminario de Estudos Galegos” na súa variante etnográfica, pero tamén a obra de autores algo isolados como Antonio Mejide Pardo, nomes todos eles que felizmente formaron parte desta Academia. Toda a cultura galega abrolla nas páxinas do novo académico, tanto aquela que pertence ao campo da cultura escrita, nomeadamente a de creación literaria, como a procedente da literatura popular, que Pegerto Saavedra recoulle tanto de textos etnográficos da autoría de J. A. Posse (o “cura” Posse), Alfredo Vicenti, Nicolás Tenorio ou Alfredo García Ramos, como de rexistros documentais procedentes das moi variadas fontes monásticas e xudiciais que o autor frecuenta e utiliza con singular perspicacia.

### 3.

Non quixera deixar a impresión, con esta fartura de mencións de nomes e de influencias intelectuais, de que hai pouco de orixinal na obra de Pegerto Saavedra. Penso, polo contrario, que é neste diálogo coa tradición precedente onde se tempera e aduba a mellor froita das obras individuais. Porque se algo hai de esencial na historia da cultura é recoñecer os préstamos e influencias que un autor recibe dos seus predecesores, como ten advertido en célebre ensaio o mestre da crítica literaria T.S. Eliot, no que sostén que en toda obra literaria “o pasado debe verse alterado polo presente tanto como o presente se debe deixar guiar polo pasado”. Foi o que, dun modo máis prosaico, sostivo entre nós Eugeni d’Ors, coa súa coñecida expre-



sión de que “todo o que non é tradición, é plaxio”. Se isto é verdade no campo literario, tamén no campo científico resulta imprescindible ese diálogo “imaxinario” cos mestres para entender o que é toda obra intelectual: un acto de creación que aspira a se situar nunha liña do tempo, nun *continuum* no que non só o actual fai unha nova lectura dos textos pasados, senón que tamén eses textos e eses autores son mudados polas novas olladas.

Neste sentido, a obra historiográfica de Pegerto Saavedra é un exemplo de relectura de toda a tradición interpretativa da sociedade galega moderna, desde os tempos da “doma e castración” de Galicia claramente revisados na súa análise do tránsito á época moderna, ata a súa visión da ruralía e, de forma especial, do campesiñado como un actor principal (e en absoluto privado de autonomía e, por tanto, dalgúns privilexios) no drama que toda historia contén. Cos libros e publicacións de Pegerto Saavedra sabemos máis cousas do pasado, pero tamén nos axudan a ollar de modo distinto os autores que nos precederon e construíron o relato dese pasado. Non é do caso contar de forma amiudada o *curriculum* do novo académico que, por outra banda, é ben notorio tanto dentro coma fóra das nosas fronteiras. Sinalarei, con todo, algúns trazos singulares da súa obra, chamando a atención sobre os grandes temas que teñen ocupado até agora a súa laboría como investigador.

O primeiro deses temas é o estudo da estrutura e da evolución da sociedade galega na época moderna, nomeadamente na súa variante rural. Neste campo é onde se fai máis patente a súa formación de historiador de escola e de pegada basicamente francesa. Despois dos seus primeiros pasos de aprendizaxe centrados na “economía rural antiga” da tribo natal da Terra de Burón —que foi o tema do seu primeiro libro-, a consolidación como investigador chegou co estudo da antiga provincia de Mondoñedo, unha peculiar e orixinal monografía. A novidade do seu enfoque está, como advirte Antonio Eiras Roel no prefacio, en que evita “toda xeneralización apresurada ou simplificación abusiva”. Hai finura de método e fartura de resultados, grazas a un xeito de construír o relato fundado na combinación de series cuantitativas coa riqueza de datos singulares e, por veces, mesmo anecdóticos.

Pero o que importa sinalar é que nesta obra, *Economía, Política e Sociedade en Galicia: A provincia de Mondoñedo, 1480-1830*, dada a lume en 1985, hai unha relectura radical da época moderna, na que aparece unha sociedade provincial esta-

ble pero nunca inmóbil. Trátase dunha sociedade que non coñece puntos de ruptura drásticos (*turning-points*) a non ser no seu principio, a finais do século XV, e no seu remate coa eclosión da revolución liberal. Sociedade estable que, con todo, é quen de ir madurecendo de modo lento e sostido durante os séculos XVII e XVIII e mesmo acoller, como acontece na “rasa” cantábrica, unha vizosa protoindustrialización de lencería e de siderurxia. O ollo do historiador está moi afeito a dar conta das grandes mudanzas, desas “viradeiras” históricas que el denomina “desestruturacións”, pero está menos dotado para apreciar aquilo que remanece ou que muda lentamente, perigo que non está presente neste caso. Alén desta finura analítica, hai nesta obra unha superación dos estreitos marcos da monografía comarcal ou rexional de inspiración francesa. En realidade, é a tentativa máis ambiciosa entre nós de afrontar o reto dunha historia “total”, na que se combine a atención ás bases demográficas ou económicas dunha comunidade humana coa análise social e co goberno político do territorio. En esencia, todo o programa de investigación desenvolto posteriormente por Pegerto Saavedra está presente, con más ou menos extensión, nas páxinas desta investigación.

Un segundo campo de atención do novo académico ten sido a construcción, baixo a forma de “historia desde abaixo”, dos marcos que rexen a vida cotiá e comunitaria da sociedade. A historia da vida cotiá é unha práctica historiográfica recente, propriamente dos anos setenta e oitenta do século pasado, con grande desenvolvemento no ámbito tedesco e británico que, pola contra, atopou un eco menor no caso español. Neste sentido pódese afirmar que Pegerto Saavedra foi un cultivador pioneiro desta corrente, á que dedicou un libro que marcou un punto de inflexión na historiografía española, *A vida cotiá na Galicia do Antigo Régime* (1992), no que se dan cita as mellores influencias intelectuais foráneas, desde E. P. Thompson ou R. Muchembled até Giovanni Levi, cun manexo pouco común de fontes literarias, antropológicas e, de modo especial, as de orixe xudicial, que resultan ser, na obra de Pegerto Saavedra, un dos seus principais mananciais. Neste libro, o foco de luz céntrase nas relacións sociais e no marco cultural que caracteriza o mundo rural galego na época moderna, analizando os traballos agrarios, a vida familiar, os sistemas de herdanzas e, de forma moi especial, o universo cultural da ruralía. Unha cosmovisión que se sitúa a medio camiño entre a domesticación por aculturación

e a resistencia pasiva ás doutrinas “predicadas” polas elites dirixentes, en especial a Igrexa. Se algo sobrancea nesta obra é a vontade de construír dun modo respectuoso e desde dentro (cunha perspectiva *emic*, no léxico da antropoloxía) unha historia do labrego galego cuns resultados que o autor considera “novidosos en máis dun aspecto”.

Un terceiro campo, que foi o que máis expresamente ocupou o seu discurso de ingreso, é o constituído polo exercicio da política e o governo do país, no que se combinan e robustecen as dúas perspectivas anteriores, con dúas pedras angulares na construcción do seu relato. Dunha banda, a armazón básica da sociedade rural da Galicia moderna e, doutra banda, as estratexias seguidas polos campesiños para lograren asentar os seus dereitos (e, nalgún modo, tamén privilexios) sobre a terra. A fortaleza dos seus lazos comunitarios foi unha das estratexias mellor practicadas, pola vía da solidariedade e da complicidade, dos silencios e das accións colectivas. Son o que influentes historiadores actuais, no ronsel da obra de E. P. Thompson, denominan as “armas do débil” ou, dito á moda dos nosos paisanos galaicos, a “marabillosa facultade de esquecer”, expresión na que parece ecoar un dos más famosos textos de Ernest Renan. Pero cando o silencio ou o esquecemento non valía, estaba a acción individual ou colectiva. Un recurso fundamental para lograr esa fortaleza foi acudir á “fonte limpa” da xustiza, o uso do derecho común e do costume como unha arma fundamental para a regulación dos conflitos e da superación da violencia física na organización da convivencia social.


Estas achegas non están recollidas nunha única obra singular, senón que forman parte de case todo o percurso historiográfico de Pegerto Saavedra, desde os seus primeiros traballos sobre os bens comunais e as “casas de morada” até os seus estudos más recentes sobre o réxime señorial galego, no marco da Coroa de Castela. Pero o que interesa subliñar de modo especial é o punto de vista con que o novo académico ten elaborado o seu relato do mundo rural galego. Un enfoque que toma en consideración a perspectiva das clases subalternas para concederelles un claro protagonismo no devir histórico, evitando o duplo perigo da heroización acrítica ou da distancia desprezativa.

*Mutatis mutandis*, esta é a tendencia que está presente nos últimos anos nos estudos dos imperios e dos procesos de colonización e integración cultural e polí-

tica que desde a descuberta do continente americano e das Indias orientais praticaron os imperios ibéricos, de modo que non só na grande historia de carácter planetario, senón na “descrición densa” dunha pequena historia, como é a sociedade rural galega dos tempos modernos, se pode experimentar e levar a cabo un xeito novo de entender o estudo do pasado, no que se rexistre e se dea conta do protagonismo das clases subalternas, dos campesiños ou dos “colonizados” polas accións dos grandes imperios. Dito con palabras tan sensatas como modestas do propio Pegerto Saavedra: “as ovellas nunca deixaron de indicarlle ao seu pastor os sitios nos que conviña que as alindase”. Idea que, en esencia, cadría ben co punto de vista que adoptan na actualidade moitos dos chamados “estudos culturais” e “postcoloniais”.

Unha mostra ben patente deste enfoque interpretativo está no discurso que acaba de pronunciar o novo académico. O texto non é unha obra de ocasión nin unha síntese apresada de pesquisas previas. É un desafío intelectual co que pretende pór algo de orde na “silveirada” das divisións administrativas da Galicia do Antigo Réxime e, de paso, entender un asunto maior da tradición cultural europea como é a relación entre territorio, poder e goberno do mesmo. Realmente, este é un dos fundamentos de todo relato histórico, dado que non só o espazo establece a posibilidade de construír a historia, como nos lembra o finado Reinhardt Koselleck, senón que o espazo era nos tempos modernos e segue a ser aínda hoxe, malia a globalización, a clave do poder e mesmo do exercicio da política, como recoñecía un xa moi doente Toni Judt hai poucos anos: “a política é unha función do espazo: votamos onde vivimos”, asevera este autor no seu libro *Algo vai mal* (2009).

De todo isto é do que se fala no discurso de Pegerto Saavedra. Fálase das terras e dos seus modelos de goberno, o que significa preguntarse polo exercicio da política nos pequenos espazos das comunidades rurais agrupadas en parroquias e aldeas. Pero tamén se fala de conflitos, de identidades e actores que loitan con armas moi diferentes, sexa con papeis ou memorias familiares e veciñais, sexa coa defensa de topónimos e marcas físicas ou sexa co recurso a prácticas colectivas que acabaron por asentar a idea dos “usos e costumes” non escritos como fundamento moral da comunidade campesiña. “O costume fai lei”, dicía retranqueiro un paisano dunha viñeta de Castelao ante un avogado de foreiros que non entendía moi ben a práctica de non pagar as rendas. En realidade, o que estaba a reflectir o ollo de Castelao era



a capacidade de resistencia secular do campesiñado fronte ao poder normativo do *Leviatán* do estado liberal, expresado en forma de leis ou códigos. Comprender estes matices que rexen a convivencia cotiá de aldeas e familias non é asunto menor, porque coloca en primeiro plano da historia unha forma de actuar que tende a ser ignorada. Por iso estimo anovador este esforzo por reconstruír as silandeiras armas do débil do que está chea a prosa historiográfica do novo académico.

O goberno dun territorio tan intensamente humanizado como o galego non era asunto doado. No discurso fálase da “silveirada” das divisións do territorio, porque había xurisdicións e coutos, partidos fiscais, parroquias e aldeas ou lugares, que non sempre tiñan unha clara continuidade territorial. Que sobre un mesmo territorio conviviran varios dereitos non repugnaba á sociedade do Antigo Réxime, pero si ao pensamento individualista dos modernos que trataron de suprimir aquela “silveirada” administrativa. Con todo, e malia a racionalización que a revolución liberal impuxo sobre o goberno do territorio galego a través de municipios e provincias, resulta de extrema utilidade a comprensión daquela aparente irracionalidade administrativa para entender algúns problemas ben actuais, porque parte daquela estrutura aínda segue en pé, como son as parroquias e mesmo os lugares ou aldeas. E sobre todo seguen en pé pautas de comportamento que traen a súa orixe desta organización plurisecular do goberno do territorio. ¿Como entender cabalmente os conflitos entre comuneiros e parroquias, sen ter en conta a identidade cultural que crearon no imaxinario do home común galego lindeiros e fronteiras tan fortes coma simbólicas? ¿Como avanzar no coñecemento da onomástica e da toponimia menor sen ter en conta esta tradición instaurada polos partidos fiscais e polos coutos e xurisdicións? E, como ramo desta incursión no universo cultural da ruralía galaica, está presente decote na prosa do novo académico a revisión dalgúns tópicos ou estereotipos que corren como “sambenitos” do comportamento dos galegos. Porque a raposería, o engano, o carácter litigante, a forza do “trasacordo” porriba do “acordo”..., conductas apostas con tanta frecuencia á forma de ser do paisano galego, ¿que son senón expresións requintadas do que agora se chaman “armas do débil”?

## 4.

Esta é a persoa que agora ingresa nesta corporación. El é un historiador de corpo enteiro, dos grandes que leva visto esta Terra que, con frecuencia, tamén foron promotores ou membros desta Academia. Pois historiadores e dos más ilustres foron algúns dos seus fundadores como Manuel Murguía ou Antonio López Ferreiro, que tiveron continuidade nos membros da xeración Nós, como López-Cuevillas, Vicente Risco ou Ramón Otero Pedrayo, ata os tempos máis recentes nos que honraron estas cadeiras nomes como os de Xesús Ferro Counsel, Xosé Filgueira Valverde ou Antonio Meijide Pardo. Todos eles estarían fachendosos de te acoller na institución, como penso que o estamos os que a día de hoxe ocupamos escano a título de historiadores.

O novo académico chega a esta corporación para cubrir a vacante do saudoso profesor e perito xeógrafo que foi Francisco Javier Río Barja. Do perfil biográfico e dos méritos intelectuais e cívicos que adornaban o seu predecesor xa se dá cumprida conta no discurso de ingreso que el acaba de pronunciar. Pero quixera engadir, como coda desta recepción, que poucas veces se dá o caso de concordaren de modo tan acaído persoas e querenzas académicas, pois tanto nos temas predilectos da súa laboría intelectual como na veneración por algúns maxisterios bótase de ver esa concordancia.

F. J. Río Barja era un analista do espazo físico como un actor que posúe vida propia, un camiñante que practicaba a máxima da disciplina xeográfica, cuñada por un grande como foi o portugués Orlando Ribeiro, segundo quen a “xeografía faise cos ollos e cos pés”. Cos ollos de quen sente a paisaxe como unha “experiencia sensorial” e cos pés de quen se obriga a camiñar para entender que a natureza é un resultado construído culturalmente pola acción humana. Como profesor, facía sentir aos seus alumnos como se formaban os ríos ou como evoluíran as formas de montañas e vales, antes de calquera inspección ocular. A súa descripción do espazo era unha sorprendente conxunción de potencia imaxinativa, expresión mímica e o ecoar da palabra na aula silandeira. E como escritor e divulgador dos saberes xeográficos, ensinou á sociedade galega, nomeadamente nas súas colaboracións nos *mass media*,



canto de valor se esconde en cada chaira e bocarribeira, en cada bosque ou monte baixo, en cada enseada marítima ou en cada gándara das terras molladas do interior.

Pegerto Saavedra ten os ollos e os pés noutro lugar: na percepción do paso do tempo, rescatado polo ollo pesquisador de quen, de modo indirecto e a través de indicios e documentos, reconstrúe unha “experiencia vivida” polos devanceiros. El actúa como un historiador dese “tempo maxestoso” da Galicia barroca, na que a epifanía dunha plurisecular civilización campesiña de raíz monástica e de inspiración carolinxia se amosa en toda a súa plenitude. Pero entre xeógrafo e historiador hai un elo común, que é a súa atención ao que hoxe denominamos “territorio” e que, en tempos vellos, se coñecía como “terra” ou mellor no plural “terrás”, asociadas deste modo á diversidade dos seus señoríos e dos poderes que as gobernaban. Na “terra” converxen os dous conceptos esenciais para a análise de toda sociedade: o espazo e o tempo ou, dito doutro modo, a natureza e a historia. Se non hai ciencia xeográfica sen o concurso do espazo, tampouco é posible facer historia sen o debido coñecemento do tempo. Como nos ten advertido con frecuencia o grande “historiador dos conceptos” Reinhart Koselleck, “tanto o espazo como o tempo pertencen, dito categorialmente, ás condicións de posibilidade da Historia” (*Os socalcos do tempo*, 2000).

Espazo e tempo, máis alá da súa dimensión conceptual e normativa, teñen neste caso concreto unha referencia afectiva singular, que é a remisión a un maxisterio compartido polos dous ocupantes, saínte e entrante, desta cadeira académica. Refírome á figura de Ramón Otero Pedrayo, á que xa me teño referido en máis dunha ocasión neste acto. Pois se Río Barja tivo no patriarca de Trasalba un mestre directo durante a súa estadía como titular da cadeira de Xeografía na Minerva compostelá durante os anos cincuenta, Pegerto Saavedra nunca deixou de se sentir como un discípulo “imaxinario” do mestre de Trasalba. Otero gustaba dos camiños e das paisaxes, de comprobar sensorialmente a acción da natureza en todas as súas sazóns sobre as condutas humanas; pero como bo romántico gustaba inmensamente da historia e da reconstrucción dos tempos pasados mediante dúas ferramentas tan sensacionais como os pés e os ollos do camiñante. As ferramentas dos “recordos” e das “papeletas”, que vale tanto como dicir experiencia de transmisión familiar de

modo oral e documentos ou vestixios como testemuña do que non se recorda nin tampouco puido ser visto, ao modo que lle gustaba ao vello Herodoto.

Co mestre de Trasalba hai en Pegerto Saavedra algo máis que esa coincidencia feliz na querenza polo espazo e pola paisaxe que partilla co seu predecesor na cadeira académica. E ese algo máis é o sentir profundo que a súa obra ten para unha intelixencia cabal e razoada de Galicia. Tense dito con frecuencia —e el mesmo confesouno en varias ocasións-, que Otero Pedrayo era unha sorte de “pantasma” do século XIX que morou no século vinte. A súa obra de polígrafo foi a propia dun vigoroso creador literario e dun ensaísta feliz, pero tamén a do perspicaz xeógrafo que procuraba entender as formas da paisaxe, e a do culto historiador que, coa axuda de “papeletas” ou documentos, labrou moitas tenzas do pasado histórico galego, nomeadamente o dos tempos de esplendor dos pazos e das igrexas barrocas, das doutrinas do foro e das incertezas provocadas pola desamortización de Mendizábal para frades exclaustrados.

Pero se algo ten un trazo fundamental na obra oteriana é a súa ambición de contar e entender o percurso da fidalguía galega como “clase directora” e de lamentar o seu devalo durante os tempos contemporáneos. Na maioría dos seus romances e, desde logo, nos seus ensaios breves está decote presente a idea do fidalgo que fracasa na súa incorporación á modernidade, agás en casos contados como o protagonizado polo Adrián Solovio en *Arredor de sí*. Pero esta constatación de fracaso, por veces tinxida dun ar de “finis Gallaeciae”, non é incompatible cunha evidente idealización do rol que historicamente desenvolveron os “señores de pazo”. Con independencia de que Otero fose más ou menos fidalgo na súa estirpe familiar e de que morase temporeiramente nun pequeno pazo da retroterra ourensá, o certo é que ningún outro autor galego ten dedicado tantas páxinas á descripción da fidalguía e pequena nobreza galegas como o fixo o señor de Trasalba en varios dos seus rexistros literarios.

Sen embargo, na súa ollada de historiador había sombras evidentes. A Igrexa fica nun segundo plano, en comparanza coa relevancia histórica que posúe. E os campesiños son uns protagonistas que fican nun luscofusco propio de cachicáns e xente de servizo en pazos e labranzas. Lóuvase por veces a súa fidelidade, pero tampouco se esconden críticas ás súas astucias e mesmo actuacións tramposas ou

raposeiras, como se pon ben de manifesto na correspondencia íntima que mantivo, en diversas sazóns da súa vida, coa súa nai Eladia Pedrayo. Pero alén das pegadas deixadas en relatos privados, hai reflexións máis elaboradas que dan conta desta percepción do papel que desempeñan grupos sociais como o campesiñado galego na historia de Galicia. Nun texto singular, *A aldea no seu decorrer histórico* (Grial, 1965), enfía Otero coa súa moi común técnica cinematográfica diversas secuencias da historia das aldeas galegas, desde a súa harmonía orgánica dos tempos clásicos ata o seu esfarelamento no século XX, para engadir unha apreciación sobre o tránsito da prevalencia da fidalguía a favor do campesiñado, que adquire no século vinte un papel histórico de remuda social do vello protagonismo fidalgo:

*Con diferencia de un século ou pouco más, a evolución do paisano é paralela á da fidalguía. Soio que os labregos son manto social, como o estrume e os piñeiros, e os fidalgos, conforme ó refrán, poucos como os alciprestes*

Sen se referir explicitamente a este texto oteriano, no discurso de Pegerto Saavedra está a resposta:

*O traballo que levo feito como investigador estivo presidido polo propósito de dignificar a historia do campesinado, por coñecer mellor os nosos antepasados colectivos.*

Se Otero elaborou, como un “vencido da vida”, unha poética da fidalguía galega como clase dirixente fracasada, na recente historia rural galega hai unha compoñente de avaliación do papel da Galicia campesiña que tamén fai patente a vella observación hegeliana de que “o moucho de Minerva bota a voar ao anoitecer”. Como lles acontecía aos historiadores grecolatinos que escribían os seus relatos desde fóra da *polis*, como vencidos ou exiliados, tamén agora somos quen de ver o papel de figuras ou clases sociais cando están en transo de mudanza. E a obra de Pegerto Saavedra constitúe o mellor contributo actual, como el mesmo subliña en varios dos seus libros, a unha comprensión do papel histórico do campesiñado

galego, do seu protagonismo na construcción da sociedade galega e dos dereitos e privilexios que logrou ir conquistando facendo “lei” do que era costume.

Penso que a reflexión que antes evoquei sobre o diálogo interxeracional de discípulos cos seus mestres reais ou “imaxinarios” non podería ter más acaída confirmation. Frente ao protagonismo da nobreza provincial e da fidalguía rural, de pensar algo romántico e de claro elitismo cultural, aparece aquí, da man da obra historiográfica de Pegerto Saavedra, unha expresión coral de figurantes case anónimos, de fortes vínculos comunitarios, que foron quen de manteren viva unha cultura (e non só unha lingua) que era a súa forma natural de ter unha “cosmovisión”, isto é, de ver o mundo en toda a súa complexidade, desde o nacemento ata a morte, desde os valores materiais ata os más ingravidos da explicación mítica e transcendente da propia existencia. Este é un legado excepcional, unha sorte de “chave-mestra”, que temos a obriga de facer intelixible, por eficacia futura máis do que por saudade do mundo perdido, ás xeracións más novas para evitar que, como nos avisa o novo académico, “non quede quen escoite” nin o propio silencio...

Con incorporacións como a que hoxe se produce do profesor Pegerto Saavedra, podemos robustecer, caros colegas, a nosa confianza no porvir da institución. A súa achega a esta corporación será moi valiosa en moitos terreos, alén da pericia concreta da súa condición de historiador. O seu coñecemento da documentación galega moderna, tanto a custodiada en arquivos públicos como nos privados, vai encher as lagoas deixadas nesta academia por ilustres arquiveiros que nela se sentaron. A súa perspicacia de historiador da civilización rural e dos seus protagonistas más colectivos e anónimos vai ser de grande axuda para entender o significado das palabras creadas e mantidas por comunidades campesiñas que, con certeza, acreditaban o galego como unha lingua propia, de seu, antes de ser considerada “nacional” polo pensamento holístico da modernidade. O goberno das “terrás” —e o mestre Otto Brunner xa nos lembra no seu clásico *Terra e señorío* (1939) que “todos os señoríos son territorios”— é un tear onde se tecen os fíos das prácticas culturais construídas xeración tras xeración: os lindeiros das labranzas, as solidariedades comunitarias, a forza das estirpes familiares e das casas de morada, os combates polos dereitos de posesión de augas, valados e mesmo dunha castaña, os nomes dos lugares, a onomástica mutante, os marcos e derregos que se moven caladiños... todo

forma un viveiro de información que será de grande utilidade para o traballo cotián desta Academia que, alén do coidado formal da lingua, ten que dispor da palabra certa sobre o pasado social desa lingua.

No nome dos colegas da Academia e no meu propio, compráçeme darche a benvida á túa cadeira de académico. Teño a certeza de que a ocuparás con dignidade e con eficacia, con intelixencia e con xenerosidade. Están á túa espera traballos e pareceres que permitirán levar a bo termo o mandato fundacional de “recoller, depurar e innovar” que comparece no frontispicio desta Real Academia Galega. Que teñas longa vida nesta nova andaina da túa biografía de historiador e de investigador e, desde logo, de intelectual comprometido coa causa da lingua e da cultura de Galicia. Compromiso que foi cuñado por quen podía facelo como conduta dos “bos e xenerosos” que, felizmente, hoxe se arrequece coa túa chegada a esta casa.

Dixen.

## Índice

DISCURSO DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON PEGERTO SAAVEDRA	7
1. Lembranza de Francisco Xavier Río Barja	10
2. A silveirada de coutos e xurisdicións	16
3. A descoñecida xeografía do fisco real	23
4. Críticas e proxectos de reforma da división xurisdiccional: o “despotismo iluminado” fronte ó “dereito dos rústicos”	27
5. As parroquias por fóra e por dentro: unha estabilidade enganosa	37
6. As consecuencias da reforma beneficial	44
7. A ausencia das aldeas nos censos, nomenclátores e mapas	50
8. O catastro de Ensenada: o fisco real nas casas de morada e nos agros	59
9. Os apeos señoriais: papeis caducos por obra da malicia campesiña	65
10. Que os foros non caduquen: loitas e vitorias dos labregos	76
RESPOSTA DO EXCELENTÍSIMO SEÑOR DON RAMÓN VILLARES	97

**Real Academia Galega**

Rúa Tabernas, 11

15001 A Coruña

Tlf. 981 207 308

Fax 981 216 467



[secretaria@realacademiagalega.org](mailto:secretaria@realacademiagalega.org)

[www.realacademiagalega.org](http://www.realacademiagalega.org)



**REAL ACADEMIA GALEGA**

